


CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 5 - 2020

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)



CUMIEIRA

*Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega*

Vol. 5 – 2020

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 5 / Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2020
160 p.; 24 cm
D.L. VG 421-2020
ISBN 978-84-8158-853-8
1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Manuel Naveira Fuentes, Nerea Torres Abilleira, Ana Fernández Berrocal, Alejandro Solla Alonso, Patricia Cid Blanco

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Revisión científica do volume 5:

Anxo Angueira (UVigo), Antón Palacio (UVigo), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo), Xosé Soto Andión (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

Edición:

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Dep. Legal: VG 421-2020

ISBN: 978-84-8158-853-8

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega aparece recollida na base de datos DIALNET, en BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL.

Índice / Index

- 9** Limiar /
 Introduction
- 11** MANUEL NAVEIRA FUENTES
 Rosalía entre as brétemas: o Simbolismo literario e Rosalía de Castro /
 Rosalía among the mists: Literary Symbolism and Rosalia de Castro
- 35** NEREA TORRES ABILLEIRA
 A autotradución do galego ao castelán: análise lingüística contrastiva
 de *Memorias de un niño campesino* /
 Galician-Spanish self-translation: contrastive analysis of Memorias de un niño
 campesino
- 65** ANA FERNÁNDEZ BERROCAL
 O elemento *auto-* como xerador de neoloxismos no galego actual /
 The element auto- as a generator of neologisms in contemporary Galician
- 91** ALEJANDRO SOLLA ALONSO
 Estruturas sintáctico-semánticas do verbo *votar* en galego /
 Syntactic-semantic structures of the verb to vote in galician language
- 119** PATRICIA CID BLANCO
 A dispoñibilidade léxica en estudantes da ESO da Terra de Caldelas: o centro
 de interese das profesións e oficios /
 Lexic availability in ESO students from the Terra de Caldelas: the field of interest
 Professions and jobs
- 155** Autoras e autores de *Cumieira*, vol. 5 /
 Cumieira's authors
- 157** Normas para o envío de orixinais /
 Manuscript submissions guidelines. Information for authors

LIMIAR

Introduction

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é un proxecto do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que botou a andar en 1916 coa intención de dar a coñecer traballos académicos dos investigadores máis novos do ámbito da Filoloxía Galega, entendida esta nun senso amplo.

Neste lustro de vida (2016-2020), *CUMIEIRA* suma 5 volumes, 816 páxinas e 29 traballos doutras tantas autoras e autores, a maior parte deles estudantes no seu día da Universidade de Vigo, xa da Facultade de Filoloxía e Tradución, xa da de Educación do campus de Ourense, ben que nalgún caso proceden tamén da Universidade de Santiago e da Complutense de Madrid. Unha grande maioría dos 29 estudos foron traballos de fin de grao e en menor medida de fin de máster. Todos teñen, dun xeito ou doutro, como obxecto de análise e descrición o galego, tanto na súa vertente lingüística (22 artigos) coma literaria (7 artigos). Dentro dos de lingüística, as áreas máis investigadas foron a dialectal, con 5 traballos, e a sociolingüística, con outros 5; á Sintaxe serían adscribíbles 2 artigos e na Morfoloxía, no estudo do Léxico, na Historiografía, na Lingüística de corpus, no Ensino de linguas e na Onomástica serían clasificables cadanseu traballo. Nos de temática literaria, abordáronse as traxectorias e obras de Rosalía de Castro, de Álvaro Cunqueiro, de Vicente Risco e de Johán Carballeira, ademais de análises xenéricas sobre as vangardas de primeiros do século XX, sobre a cantiga de amor e de didáctica da literatura.

Dende o número inicial, *CUMIEIRA* tira unha edición en papel, que se envía ás principais bibliotecas galegas (UVigo, USC, UdC, ILG, Fundación Penzol, RAG, Consello da Cultura Galega, CIRP, EMAO e Museo de Pontevedra) e máis ás das facultades de filoloxía das Universidades do Minho, Complutense, de Salamanca, de Oviedo e de León. Ademais, estes volumes poden descargarse gratuitamente en PDF no enlace <<http://webh03.webs.uvigo.es/cumieira-cadernos-de-investigacion-da-nova-filoloxia-galega-2/>>. Os artigos publicados en *CUMIEIRA* aparecen referenciados na base de datos DIALNET, en BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL, e en Google Scholar.

Este novo Vol. 5 de *CUMIEIRA* (2020) recolle cinco investigacións adscribíbles a focaxes e disciplinas variadas, como son a revisión historiográfica de aspectos da obra de Rosalía de Castro, a autotradución ó castelán da simbólica *Memorias dun neno*

labrego de Xosé Neira Vilas, o comportamento do formante *auto-* na creación de neoloxismos léxicos, a variación nas construcións sintáctico-semánticas do verbo *votar* en galego e a dispoñibilidade léxica en alumnado da ESO. Todos estes traballos están asinados por alumnado que foi ou é da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo; todos elas foron no seu momento traballos de fin de grao, agora modificados e adaptados ó formato do artigo académico.

A publicación ábrese co traballo de Manuel Naveiras Fuentes, que, logo de revisar varias interpretacións da obra rosaliana como romántica, posromántica e mesmo premodernista, centra a análise na presenza nela do Simbolismo de ascendencia francesa. Vén a continuación a análise lingüística contrastiva de Nerea Torres Abilleira sobre *Memorias de un niño campesino* na que identifica, clasifica e comenta as principais modificacións realizadas polo seu autotradutor Xosé Neira Vilas. Pola súa parte, Ana Fernández Berrocal describe no seu estudo o elemento *auto-* en neoloxismos léxicos extraídos de diversos blogs e xornais en liña galegos, alén de discutir o seu estatuto como prefixo ou formante culto. Séguelle a continuación o traballo de Alejandro Solla Alonso, un estudo descritivo a partir dun corpus da variación dos esquemas sintáctico-semánticos do verbo *votar* en galego en aspectos como a rexencia prepositiva e de clíticos de acusativo ou de dativo. O volume péchase co artigo de Patricia Cid Blanco sobre a dispoñibilidade léxica de adolescentes da comarca da Terra de Caldelas en seis centros de interese, aínda que só os resultados do léxico relacionado coas profesións e oficios reciben unha análise en detalle canto á produción de palabras e lemas combinada con algunhas variables sociolingüísticas.

No Vol. 5 de *CUMIEIRA* (2020), fixeron parte da Comisión de revisión científica, Anxo Angueira, Antón Palacio, Xosé Soto Andión, Alexandre Rodríguez Guerra e Xosé A. Fernández Salgado, profesores todos da Universidade de Vigo. *CUMIEIRA* quere agradecer tamén a Benigno F. Salgado, a revisión da versión inglesa dos *abstracts*.

Por último, *CUMIEIRA* quere darlles as grazas a todas as persoas que nestes cinco anos colaboraron dalgún xeito a que esta publicación puidese seguir a saír anualmente. Só nos resta lembrar que as súas páxinas seguen abertas a calquera traballo de novos investigadores e investigadoras no ámbito da lingua e literatura galegas, tamén lusófonas, ou doutras linguas sempre que resulten de interese para o galego. No final deste volume poden verse as *Normas* que deben seguir.

Xosé A. Fernández Salgado
Editor de *CUMIEIRA*
Universidade de Vigo

ROSALÍA ENTRE AS BRÉTEMAS: O SIMBOLISMO LITERARIO E ROSALÍA DE CASTRO

Rosalía among the mists: Literary Symbolism and Rosalía de Castro

Manuel Naveira Fuentes

Universidade de Vigo
manuelnaveira0@gmail.com

Resumo: A pesar das moitas páxinas vertidas ó redor da obra de Rosalía de Castro (1837-1885), o certo é que aínda non atopamos un consenso claro sobre a consideración interpretativa que merece a súa posición xeral dentro da historia da literatura. Neste traballo realizo un breve percorrido ó longo de varios volumes historiográficos para tentar aclarar as diversas interpretacións que nos chegan a hoxe da obra rosaliana, á vez que das certas inconsistencias que nestas interpretacións podemos atopar ou de, mesmo, a súa insuficiencia. Unha vez aclaradas algunhas das incongruencias historiográficas a este respecto formulo unha nova tese: a da consideración de Rosalía de Castro como poeta veciña do Simbolismo literario de ascendencia francesa. Dous son os camiños que propoño para reforzar esta hipótese. En primeiro lugar, presento os principios do Simbolismo literario, dos seus autores máis destacados e da recepción que deste movemento se tivo no contexto do Estado español da época. En segundo lugar, e a modo de síntese de todo o traballo, enumero os trazos que se dan na obra rosaliana coincidentes cos do Simbolismo literario.

Palabras chave: Simbolismo, posromanticismo, historiografía, realismo, Rosalía de Castro.

Abstract: In spite of the many pages written about the work of Rosalía de Castro (1837-1885), there is no clear consensus on the interpretative consideration that its oeuvre deserves within the history of literature. In this paper I propose a brief tour along several historiographic volumes trying to clarify the various interpretations that have come to us, the significant inconsistencies we could find in them and the alleged inadequacy of some of them. Having done so, I suggest a new thesis: the consideration of Rosalía de Castro as a poet near to the literary Symbolism of French descent. Firstly, I set out the principles of Literary Symbolism, its main authors and the reception that this movement had in the context of the Spanish state of that time. Secondly, I review the literary features of Rosalía's work that match those of European Symbolism.

Key words: Symbolism, Post-romanticism, Historiography, Realism, Rosalía de Castro.

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Dpto. de Filoloxía Galega e Latina, Universidade de Vigo

Vol. 5, 2020, pp. 11-34, ISBN: 978-84-8158-853-8

1. Introducción¹

Rosalía segue viva entre nós. Milleiros de páxinas foron vertidas ó redor da súa figura e, non obstante, aínda non foi articulada a última verba. Neste traballo tentarei de demostrar como foi tratada a nosa poeta máis internacional, tanto dende a historiografía galega coma da castelá; e isto tendo en conta que abordar un autor, para así interpretar a súa obra, está sempre fortemente influído —ou directamente motivado— pola historiografía canónica. Con isto, a partir da visión de Rosalía que aproxima a historiografía, achegareime tamén a unha posible interpretación de Rosalía de Castro como autora simbolista ou, polo menos, presentarei a influencia que este movemento europeo da segunda metade do século XIX deixou na obra rosaliana, fundamentalmente en *En las orillas del Sar* —obra poética esta última con escasa sorte en canto á recepción polo público— ou tamén en *Follas novas*.

Que o Simbolismo literario tivo de deixar algunha pegada na obra rosaliana é unha afirmación que non debería provocar ningún tipo de sorpresa. Sexa xa polo propio feito da contemporaneidade —do *Zeitgeist* hegeliano, se se quere—, ou pola posible lectura de autores simbolistas ou moi próximos ó simbolismo por parte de Rosalía, o certo é que algunha pegada do Simbolismo ten de haber, como será comprobado máis adiante.

Mais, a pesar do anterior, o certo é que cando se fala de Rosalía acódese rapidamente á definición de poeta *posromántica* con toda a vaguidade que designa tal etiqueta, ademais de agrupala con outros poetas do momento nunha especie de caixón de xastre que non resulta nada positiva para a obra rosaliana.

A imprecisión que leva colocar a un autor nun movemento que non lle corresponde, ou co que comparte características dunha maneira máis ou menos parcial, provoca sempre que a visión de tal autor sexa, canto menos, pobre. Isto non tanto polo feito de que para coñecer un autor sexa suficiente coñecer o movemento ó que pertence realmente, senón polos posibles apriorismos que saian a flote no momento de abordar a súa obra, ou mesmo antes; é dicir, na visión que se teña de tal autor social e culturalmente, co conseguinte valor do mesmo. En definitiva, con isto tento dicir que a historiografía xoga coma un mal necesario para os autores; por un lado, aproxímaos e facilita o seu estudo; pero por outro lado, axuda enormemente á deformación hermenéutica da súa creación.

¹ Gustaríame amosar aquí o meu sincero agradecemento ó profesor Anxo Angueira por me axudar a levar avante o presente traballo, no seu día o Traballo de Fin de Grao.

A razón disto último non podo eludir o feito de que Rosalía sexa, talvez, a figura galega máis usada por parte de varias das teorías xurdidas nas nosas modernas letras galegas. E isto, dende logo, axuda a diluír a súa obra aínda máis ca unha perspectiva historiográfica non correspondente coa propia obra.

Por outra banda, e para dirixir todo o traballo nunha especie de movemento dialéctico —constituído por tese, antítese e síntese—, propoñerei como tese o tratamento de Rosalía pola historiografía, como antítese unha breve exposición do movemento Simbolista europeo e, como síntese, o Simbolismo que atopamos na obra rosaliana.

E precisamente sobre o Simbolismo literario é necesario salientar o feito de ser este un período cultural moi pouco estudado no contexto galego, aínda a pesar de ser un período contemporáneo daqueloutro que demos en chamar *Rexurdimento* das nosas letras e, ademais, de ser un movemento que afectou a toda Europa ata a chegada do modernismo. Ademais do anterior, cómpre ter en conta que, á súa vez, actúa como impulsor de toda a nosa cultura actual polo simple feito de ser o principal aliciente das chamadas vangardas, primeiro movemento da posmodernidade. E isto, por suposto, considero que é unha eiva que ten de ser solucionada.

Para concluír coa introdución só me quedan por mencionar dous aspectos sobre a literatura galega. Por unha banda está o aspecto xa citado anteriormente sobre a total falta de estudos sobre o Simbolismo en galego, feito que complicou en boa medida a confección deste traballo e que, creo, xoga en contra da propia literatura galega polo feito de contar con elementos que, *a priori*, semellan certamente próximos —citando por exemplo os posibles lazos entre o *spleen* e a saudade—. E por outra, cómpre lembrar o grande universo que reside na obra rosaliana, produto da súa intensa relación interliteraria e resultado dun exercicio de introspección testado pola crítica tanto en *Follas novas* coma en *En las orillas del Sar*, se ben non sempre contando coa grata recepción do público.

2. A historiografía e Rosalía de Castro

A continuación procederei a realizar unha aproximación de como tratou a historiografía castelá e galega, tradicionalmente, a Rosalía de Castro.

O exemplo máis paradigmático é talvez o pequeno libro de *Los precursores* de Murguía. Nel, o historiador, principal figura ideolóxica do galeguismo no seu tempo, e viúvo de Rosalía —o libro foi publicado en 1886, un ano após a morte da padronesa— realiza, como se sabe, unha recompilación historiográfica de figuras galegas que

Murguía trata como cenáculo da súa xeración; mais, importante especialmente é a visión que aproxima de Rosalía.

En primeiro lugar, cómpre chamar a atención sobre o feito de que o capítulo dedicado a Rosalía veña aberto por unhas palabras atribuídas a Heinrich Heine (1797-1856), poeta alemán que representou o colofón do romanticismo xermano e mesmo europeo na súa maior amplitude. Isto sen dúbida non sorprende, xa que varias son as referencias á total influencia que exerceu Heine en Rosalía. Mais o que podemos resaltar aquí é que, á vez que Murguía realiza un exercicio de síntese da obra da súa dona —e aproxima ademais certos caracteres da súa psicoloxía—, ofrece algunha achega sutilmente historiográfica como a que segue:

Se dijo de los *Cantares* que si los poetas se agrupasen por familias, su autora debía formar al lado de Roberto Burns, en la de los poetas populares: y cuando fué cuestión de *Follas novas*, señalósele su parentesco con H. Heine. Hay en ello contradicción? No en verdad. Cada libro pertenece á una época de su vida y responde á un estado de su espíritu. En el primero, lo objetivo llena y alimenta unas páginas consagradas por completo á la descripción del país y á ser la fiel expresión de la costumbres y sentimientos de su gente. En el último, lo subjetivo recobra todos sus derechos y se muestra tan poderoso, que mereció por ello ser considerada como un insigne poeta lírico, y en especial como un gran elegíaco. Pero en uno y otro libro resulta una personalidad y se ve un fin. Completándose, dan realizada la obra de redención que se propuso la autora, por mas que ya en los *Cantares* se halle resuelta. (Murguía 1976: 489-490)

Deste xeito observamos como Murguía trata a obra de Rosalía ó redor de *Cantares gallegos* e *Follas novas*, formando entre eles un todo ó completárense entre si, afirmando a súa ascendencia romántica tanto polo lado do escocés Robert Burns coma polo de Heine. Con isto pódese deducir que, para Murguía, Rosalía de Castro é unha escritora de ascendencia puramente romántica ou, se se quere, tardo-romántica, tanto pola beira máis obxectivista e popular, coma pola máis subxectivista e introspectiva.

Se continuamos pola historiografía galega o modo de tratar a Rosalía non se distancia moito da observada en *Los precursores*, pero si que se observa un maior estudo da obra rosaliana, unha maior incidencia no contexto da propia Rosalía e unha procura dun maior labor historiográfico. Isto á vez que se observan non poucas contradicións ou simples diferenzas, especialmente coa historiografía castelá.

É así como observamos que Rosalía é abordada dende a óptica de Francisco Fernández del Riego coma unha autora que «Cando o romantismo en lingua castelá empresta o seu tono retórico e o verso engolado á poesía ao uso, Rosalía abre unha nova roita, ateigada de nidia sensibilidade e da meirande sinxeleza» (Fernández del

Riego 1975: 98), de xeito que, para el, Rosalía é unha poeta nada no romanticismo. Pero non no romanticismo escrito en lingua castelá, senón que forma parte dunha corrente romántica diferente, ben do que moitos autores —como veremos máis adiante— catalogan como «posromanticismo», ou ben e máis probablemente, dun romanticismo autóctono, galego, que se presenta na obra rosaliana en forma de poesía popular en *Cantares gallegos*, e en forma de poesía metafísica en *Follas novas*. Esta última, por certo, «a produción fundamental da lírica rosaliá» (*ib.* 100); unha lírica, segundo Fernández del Riego, que se caracteriza fundamentalmente pola presenza da dor. Obsérvase aquí a visión tradicional que se deu de Rosalía, aquela de *a nai chorosa* que actúa, supostamente, coma alegoría de Galicia.

Se continuamos coa historiografía galega cómpre acudir, sen dúbida, á visión historiográfica que aproxima Ricardo Carballo Calero (1981) na súa *Historia da literatura galega contemporánea*. Neste volume, o autor ferrolán, que foi considerado como canónico durante certo tempo, estuda os principais autores da literatura galega dende os inicios do século XIX ata os tempos do Seminario de Estudos Galegos; é dicir, ata tempos de preguerra civil. Ó observar a visión que dá de Rosalía vemos que continúa a presente no seu tempo, baseada na mesma *nai chorosa* que presentaba Fernández del Riego; mais desta vez parece que hai unha certa evolución por parte da historiografía de Carballo Calero. Aínda que segue falando da *nai chorosa* dos galegos, da *santiña*, fala desta interpretación de Rosalía coma unha lenda, coma un mito ou lenda popular que, se ben, foi cultivada por escritores cultos. Non obstante, segue presentando a evolución, xa aproximada por Fernández del Riego, de Rosalía dentro do romanticismo, de modo que pasa do romanticismo *folklórico* de *Cantares gallegos*, máis colectivo, ó romanticismo *metafísico* de *Follas novas*, máis subxectivo. Así e todo, cabe destacar que para Carballo Calero o carácter da poesía de *Follas novas* ten un algo de singular. Nas súas palabras:

De outra banda, seméllame necesario suliñar que, inda dentro das formas do *lied*, a poesía suxeitiva da nosa autora amosa un carácter singular. En xeral, se non trata en Rosalía, como ocorre ordinariamente nos demais xermanizantes hispanos, de simples efusións sentimentás, de delicadas captacións de matices poéticos da natureza ou de finas impresións de intres estéticos. Rosalía profunda máis, e iste profundar é o propiamente rosalián. Rosalía penetra máis alá das vivencias estéticas e dános unha visión radical da vida. Rosalía pregúntase polo senso da existencia humá. (Carballo Calero 1981: 184-185)

Deste xeito, para Carballo Calero a ascendencia de Rosalía co romanticismo alemán —co *lied* como composición prototípica— é indubidable, aínda que acepta que hai un trazo particular nela, como é non quedar no simple esteticismo —que dará lugar ó modernismo hispánico, podemos engadir— propio dos románticos hispanos; senón

que chega a reflexións e expresións de maior profundidade introspectiva. Con todo, na historiografía do ferrolán, Rosalía é novamente unha poeta influída principalmente por Heinrich Heine, mais tamén por Gustavo Adolfo Bécquer, xa que «[a] influencia de Bécquer é innegable» (*ib.* 222) e por Ramón de Campoamor, de modo que «[i]ste motivo do cravo [referíndose ó poema de *Follas novas*] remítenos a Campoamor, cúa *dolora* [...] é o antecedente inmediato de Rosalía e de Bécquer» (*ib.* 223).

Para finalizar con Carballo Calero, cómpre mencionar que nega en rotundo calquera influencia do romaticismo francés, á par que lle resta importancia ás novidades métricas que existen na obra de Rosalía. Sobre isto afirma que «[o] romantismo francés, ao derivar cara o parnasianismo e o simbolismo, ensaiou contemporaneamente a Rosalía xeitos de decir que revelan un gosto cada vez máis acusado pola función estética das verbas. Pero na nosa autora non se dá esta tendencia» (*ib.* 232); do mesmo xeito que, como di a continuación, «[d]eixando, pois, aparte, as novidades métricas, o que interesa na poesía rosaliá é o contido». Con afirmacións coma estas, unido á grande importancia que Carballo Calero lle dá a *Follas novas* por riba do resto das obras da padronesa, non hai dúbida ningunha de que Rosalía é unha autora romántica, mais, iso si, extraordinariamente singular.

Para dar por rematada a visión da historiografía galega sobre Rosalía damos un salto cronolóxico e cualitativo ó repararmos na obra de Xosé Ramón Pena (2014) sobre a historia da literatura galega. Se ben seguimos a observar a xa constante análise da obra rosaliana coma un progreso evolutivo que comeza en *Cantares gallegos* e remata en *En las orillas del Sar* —co consecuente paso por *Follas novas*—, neste caso as análises interpretativas de toda a obra de Rosalía acollen visións moi distintas das anteriores. Exemplo disto son afirmacións como a que segue:

Rosalía vai proceder a unha dobre ruptura: ruptura coa súa época, respecto da estética do momento (o realismo), pero tamén cara atrás, en relación co romantismo. Precisamente a ruptura co propósito romántico ten lugar en dous ámbitos ben significativos: dunha banda, a intensificación do mundo interior —eliminando, como xa observamos, toda a aparatosidade do eu poético— e, doutra, rexeitando o irracionalismo de *manifestación* [sic] e acudindo a esoutro *verbal* [sic] ou de expresión; isto é, repousando na capacidade de suxestión da palabra poética, mesmo no «dicir sen estar dicindo». (Pena 2014: 243)

Cabe resaltar aquí que, dende a miña perspectiva, Xosé Ramón Pena está enunciando dous principios básicos do Simbolismo francés: ben o afondamento introspectivo, ben o irracionalismo contido na palabra poética. En certa maneira, xa se pode dilucidar aquí o que pretendo con este traballo: a evolución de Rosalía dende uns inicios románticos ata unha poesía de carácter simbolista na súa madurez. Pero

moitas máis afirmacións contidas nesta historiografía resultan potencialmente aclaratorias. Canto á interpretación da obra rosaliana, por exemplo, afirma que:

Con todo, o paso definitivo [...] ten lugar cando a autora se decide pola experimentación persoal: unha orixinalidade —na métrica, na linguaxe, no recurso ao símbolo...— que está na raíz da poesía moderna e que converte a Rosalía nunha verdadeira adiantada, «precursora» desa mesma modernidade, e de aí que se teñan sinalado as relacións co modernismo hispánico ou incluso *co simbolismo auspiciado en 1886 por Jean Moréas* [destacado meu]. (*ib.* 243)

Vemos aquí que —contradicindo a Carballo Calero—, segundo o autor, non é nada atrevido afirmar que hai algún tipo de relación entre o Simbolismo e Rosalía; se ben tampouco nega que tal relación sexa co modernismo hispánico, o cal nos levaría á tese xa coñecida de Rosalía como precursora do modernismo. En calquera caso, menciónase o carácter totalmente singular da autora e o cultivo da experimentación propia, o que dende logo a leva a unha posición de poeta moderna, contemporánea.

Mais, por suposto, é totalmente importante e capital o feito de que para Xosé Ramón Pena a base de *Follas novas* e de *En las orillas del Sar* estea no símbolo, á vez que afirma que este mesmo xorde «nos versos da nosa autora no cruzamento que ten lugar entre a intensificación do mundo interior e na capacidade de suxestión da palabra poética» (*ib.* 245), do mesmo xeito que di que a innovación de Rosalía radica non tanto nos símbolos que escolle, senón que os símbolos que usa en *Follas novas* —e tamén en *En las orillas del Sar*— son dun carácter emotivo ou simbólico; novamente unha análise que cadra perfectamente en calquera obra simbolista.

Con todo o anterior, obsérvase que a análise historiográfica de Rosalía evolúu amplamente nas últimas décadas, adaptando novas interpretacións afastadas dabondo das do século pasado —e isto sen termos mencionado o carácter feminista, con base na sororidade, que afirma Xosé Ramón Pena existir en *Cantares gallegos*, por exemplo—. Deste xeito, podemos concluír, con Xosé Ramón Pena, que:

A lección romántica e tardo-romántica/posromántica (ou, se queremos, realista, realista-simbolista, dependendo da etiquetaxe que utilicemos para designar a Heine, Campoamor, Bécquer, etc); a aprendizaxe e aproveitamento do lirismo popular; a decidida experimentación persoal: velaí, pois —tal e como xa dixemos—, os tres elementos que encadran o traxecto lírico rosaliano desde *Cantares gallegos* até *En las orillas del Sar* [...]. Ao longo dos poemarios considerados, é posíbel detectar, polo tanto, as tres direccións que acabamos de enumerar: unha constancia que non entra en contradición, porén, co feito de que a nosa poeta manifeste un continuado evolúu [...]. É dicir: *En las orillas del Sar* non é interpretábel como unha ruptura abrupta, resultado dunha fenda respecto de *Follas novas* [...]. Antes ben, en *Follas novas* Rosalía segue a proclamar que escribe co propio sangue e non hai dúbida de que tal

esgazadura [entre unha poética obxectivista e outra subxectivista] [...] si se efectúa, literariamente, ao longo das páxinas do libro. O que acontece é que, devagar, a poeta avanza, tal e como matiza Claude Henri Poullain, na interiorización e na discreción. *En las orillas del Sar* —e, así mesmo, as pezas conservadas que irían formar parte de *Postrimerías*— representa, entón, un «ir máis aló das bágoas», un estadio no cal, asumida a dor como vivencia cotiá, é posíbel establecer a reflexión, a valoración final sobre a propia experiencia sentimental. Por así dicilo, mentres en *Follas novas* contemplamos, máis dunha vez, unha Rosalía asombrada, abraiada, sobordada polo sufrimento, agora, *En las orillas del Sar* mostra unha poeta dona da súa propia dor: aínda que non pode, non sabe... —non quere?— prescindir dela, si ten valor para internarse nos seus labirintos, coquetear —como, polo demais *é ben habitual no lirismo simbolista* [destacado meu]—coas tebras plutónicas. (*ib.* 248-250)

Tras observar a evolución da historiografía galega canto ó tratamento da obra rosaliana, cómpre agora estudarmos a visión que dela deu tradicionalmente a historiografía española.

José García López, por escoller unha posición representativa dos tópicos do seu tempo, no seu volume *Historia de la literatura española*, chama a atención, xa dende a primeira liña, sobre a relación que establece entre a nosa autora e Bécquer, afirmando que «Rosalía de Castro nos recuerda en más de un aspecto la vida y la obra de Bécquer. Dotada como éste de una naturaleza enfermiza y de una aguda sensibilidad para el dolor [...]» (García López 1977: 541), dun xeito que, semella, dá a sensación de analizar a obra de Rosalía comparándoa á do poeta andaluz. Ó que si asistimos aquí, en contraste coa maioría da historiografía, é —como era esperable— a un maior peso de *En las orillas del Sar* en comparación co resto da obra rosaliana; e novamente aquí asistimos á análise da obra rosaliana en comparación coa de Bécquer: «Si en Bécquer hallamos momentos de jubiloso entusiasmo, en los versos castellanos de Rosalía todo refleja un *pesimismo amargo* [subliñado no orixinal]» (*ib.* 541) ou, a continuación, «[c]omo la de Bécquer —pero de una forma más intensa—, la poesía de Rosalía de Castro denota una ansiedad febril, *una inquietud angustiosa por algo vagamente sentido* [subliñado no orixinal], por algo indefinible que su alma adivina ocultó en lo que le rodea». Finalmente, para este autor Rosalía é unha poeta que está lonxe dos poetas de moda da súa época, cando afirma que «la poesía de Rosalía de Castro se halla tan lejos del desaliño prosaico de Campoamor [o que entra en contradición co defendido por Carballo Calero, como viamos anteriormente] como de la altisonante retórica de Núñez de Arce» (*ib.* 543), mais si garda relación con Bécquer, xa que, como di máis abaixo, se comparamos a poesía de ambos poetas «hallamos la misma *sencillez de expresión* [subliñado no orixinal]; pero la trémula luminosidad y el suave encanto de muchas Rimas están sustituidos por unos *trazos enérgicos de terrible y siniestro dramatismo* y por una *átmosfera sombría* [ambos subliñados no orixinal]». Pero, sen

dúbida, o máis importante canto á poesía de Rosalía é, segundo o autor, a innovación métrica e a preocupación musical, o que se traduce en que Rosalía é unha predecesora da poesía moderna: «Estas innovaciones causaron gran extrañeza al ser conocidas, pero son en cierta manera un precedente de la poesía posterior» (*ib.* 543).

En *Historia de la literatura española II*, máis concretamente no capítulo intitulado «A lírica» (Crespo 1990) atopamos unha mención a Rosalía moito máis sintética, se ben, non obstante, serve para observar como evolúe a visión da nosa autora para a historiografía española. Tanto é así que neste volume xa non hai dúbida, Rosalía é unha poeta modernista, pertencente ós *primeiros modernistas* —dentro dos cales sitúa este volume a Bécquer como principal, tanto do modernismo español coma de toda a literatura española do século XIX, de modo que é «el más alto poeta lírico del siglo XIX español» (*ib.* 1014)— e, dentro destes, ós *poetas periféricos*, poetas afastados dos centros de presión cultural e pertencentes «a regiones en general costeras [...] [que] no ejercieron en vida la influencia que habría sido de esperar debido al carácter renovador de sus obras» (*ib.*, p. 1016), dos cales Rosalía aparece como principal. Tendo todo isto en conta, cómpre salientar que para este volume Rosalía, ademais de estar influída por Campoamor e Bécquer —como xa se viu en varias historiografías anteriores— é a primeira poeta do modernismo, o cal se expresa explicitamente nas seguintes palabras:

Sus combinaciones estróficas nuevas, su elegante uso del verso alejandrino, la audaz resurrección del medieval de dieciséis sílabas y otros fecundos recursos formales justificarían el considerarle como la primera poetisa del modernismo. (*ib.* 1017)

Todo isto a pesar de que afirme máis abaixo, seguindo a Luis Cernuda, que «su técnica métrica y su vocabulario son menos revolucionarios que los del sevillano [referíndose a Bécquer]». Como se ve, a comparación con Bécquer para analizar a obra rosaliana é un recurso totalmente trillado.

Historia de la literatura española. Siglo XIX (II) (1998) é o último dos volumes que analizamos para comprobar como foi o tratamento de Rosalía de Castro e a súa obra segundo a historiografía española, máis en concreto, o capítulo adicado ó rexurdimento da literatura galega —titulado «El renacimiento de la literatura gallega» e con autoría de Marina Mayoral—. Neste caso hai un maior afondamento na obra rosaliana, xa empezando polo feito de que a autora non só analiza a obra en castelán, senón tamén *Cantares gallegos* e *Follas novas*, dos cales insiste no xa reiterado tópico da evolución dende o primeiro poemario —máis folclórico— ó segundo —máis metafísico— de tal xeito que:

lo que sorprendió en la época fue que *Follas novas* hablaba en una lengua supuestamente inculta de temas elevados [...]. Como Heine en Alemania y Bécquer en

castellano, lo hacía además utilizando formas nuevas, de aparente sencillez y con una retórica diferente a la que el Romanticismo había popularizado. (Mayoral 1998: 296)

Resulta fundamental este parágrafo, xa que nel se afirma, ademais da xa concorrida influencia de Bécquer e Heine en Rosalía, un proceso de evolución que afasta a nosa autora do romanticismo. Todo isto, ademais da análise que neste volume se fai da relixión en *Follas novas*, sobre a que se afirma que Rosalía é contraditoria ó aparecer ás veces crente e outras moitas «prescinde de toda justificación trascendente de la vida», alén de que «para acabar de complicarlo, aparecen en su obra huellas de una corriente de espiritualidad precristiana [...]. Esta religiosidad primitiva parece la más arraigada en Rosalía, que cree en la pervivencia tras la muerte» (*ib.* 297), semella capital canto á análise da obra rosaliana en galego.

Por outra banda, aparece a obra en castelán, e non só *En las orillas del Sar*, senón tamén *La flor* —libro do que afirma que ten unha influencia romántica, particularmente de Espronceda— e *A mi madre*, do cal indica que o máis interesante é a presenza do mundo de ultratumba. Pero si é a *En las orillas del Sar* ó que máis páxinas se lle adica, páxinas nas que se afirma que é este un poemario íntimo e sumamente introspectivo —«en este último libro ha desaparecido la poesía de carácter social y la mirada de la autora se vuelve hacia sí misma: el mundo exterior sirve solamente de contrapunto o contraste para el mundo interior» (*ib.* 300)—, ademais de, como menciona a continuación, marcado polo que o existencialismo do século XX chamará *angustia existencial*, xa que «encontramos aquí formulada una vivencia que ya había aparecido antes, pero nunca de manera tan clara y concisa: la concepción del dolor como eje de la existencia humana, la aceptación de que el ser humano es un ser sufriente que sólo en el dolor encuentra el sentido y la justificación de su vida». Como dirá Sartre máis de cincuenta anos despois, «A vida é unha paixón inútil». Isto, cómpre engadir, facilmente pode ser visto coma o *spleen* de Baudelaire, dende a miña óptica.

Finalmente, neste volume afirmase que Rosalía actúa como precursora do modernismo na xenealoxía literaria, xa que:

El último libro de Rosalía adelanta en sus caracteres formales rasgos de la poesía posterior, como son el gusto por la asonancia, en el que coincide con Bécquer [novamente aparece a comparación con Bécquer], y la simplificación de la retórica romántica, en busca de una mayor flexibilidad para la expresión lírica. En el aspecto rítmico emplea metros que serán usados por el Modernismo, y el uso de la ametría, la combinación de versos de distinta medida, sin acentos y sólo con rima asonante, anuncia la libertad de la poesía del siglo XX. (*ib.* 302)

Para acabar con esta aproximación á historiografía e Rosalía de Castro só cómpre engadir o que é evidente tras unha simple ollada: Rosalía e a súa obra aínda non teñen unha interpretación historiográfica consolidada. De feito, moitos dos autores que se ocuparon deste labor parecen demostrar máis *o que queren ver* da obra rosaliana que o que esta *realmente* deixa entrever —con este *realmente* refírome a unha interpretación *máis pegada ó texto*—. É dicir, dende a —ó meu ver, excesiva— comparación coa obra de Bécquer, pasando polo aparente conflito entre catalogar a Rosalía como romántica, posromántica ou modernista, todo indica que Rosalía de Castro aínda non está totalmente definida na historia da literatura. Se cadra menos definida para a historiografía castelá que para a galega —como parece demostrar o esbozo de máis arriba—, mais aínda hai moi pouco esclarecido sobre a obra da nosa autora e o seu lugar na historia.

Por todo isto, sosteño a tese de que a Rosalía poeta ben pode ser enmarcable dentro do Simbolismo literario, talvez nunha sorte de Simbolismo lixeiramente diferente do francés, pero cunha clara influencia. Considero que supera profundamente o romanticismo, que *posromanticismo* remite a un concepto moi feble e facilmente voluble e que se distancia do modernismo hispánico en canto movemento fortemente esteticista ou, polo menos, cunha base esteticista e parnasiana. Ademais, afirmo a Rosalía como unha poeta totalmente moderna, nin epigonal —do romanticismo— nin precursora —do modernismo—, senón iniciadora da moderna poesía galega á vez que dentro da poesía moderna universal. Isto lévame, sen dúbida, a precisar que é o Simbolismo literario e que trazos deste movemento podemos atopar na obra de Rosalía.

3. O Simbolismo literario e a súa recepción

Ó falarmos de Simbolismo literario —ou *sobrenaturalismo*, concepto que se cadra designe mellor o movemento— referímonos a aquel movemento cultural que cobre a segunda metade do século XIX e que se caracteriza por, fundamentalmente, constituír unha reacción contra o positivismo inmediatamente anterior, que ten a súa grande expresión literaria no realismo e, sobre todo, no naturalismo de Émile Zola (1840-1902), ambas as posturas estéticas contemporáneas do propio Simbolismo.

Este principio é fundamental para o movemento, xa que o caracteriza na súa propia época, sincronicamente. Mais tamén é unha postura artística que se afasta do romanticismo anterior ou que, máis ben, representa unha certa evolución deste último; pero, dende logo, constituíndo un movemento propio, con carácter único e

con finalidades tamén únicas. Cómpreme salientar aquí o feito de que escribo *Simbolismo* para designar ó movemento literario, diferenciándoo do simbolismo como *calidade simbólica que algo contén*.

Delimitando así o tempo, chegamos á conclusión de que na segunda metade do século XIX europeo existen «dos grandes orientaciones literarias, la orientación realista y otra que no es fácil caracterizar por una palabra —¿romántica?, ¿‘sobrenaturalista’?, ¿simbolista?— [...]» (Lissorgues 1998: 28), e é esta época aquela na que Rosalía produce toda a súa obra, polo que o contacto con ambas, ademais de co conflito entre ambas, non debeu pasar desapercibido para ela. Nesta cita inmediatamente anterior obsérvase, ademais, como non é nada doado cualificar aquel movemento afastado das teses positivistas e que, antagonicamente ó cientifismo desta postura filosófica, trata de achegarse ó misterio que se esconde tras a realidade, ó inefable e descoñecido polo coñecemento práctico; mais o que si está claro é que todo este movemento xira ó redor da obra de Charles Baudelaire (1821-1867), que actúa coma verdadeiro mestre da tendencia, e dos seus pupilos directos Paul Verlaine (1844-1896), Arthur Rimbaud (1854-1891) e Stéphane Mallarmé (1842-1898).

Para establecer unha primeira característica que afasta o Simbolismo —neste caso utilizo o nome de *Simbolismo* para delimitar o movemento na súa maior amplitude— dos movementos de natureza positivista, cómpre ter en conta o maior peso que tivo a poesía para os integrantes do Simbolismo, nun momento no que a novela ocupaba unha posición dominante fronte ó teatro e, sobre todo, á propia poesía. Isto mesmo expresan as seguintes palabras:

Durante la segunda mitad del siglo XIX, la bien recortada luminosidad positivista, ensanchando su radio gracias a una ciencia cuya energía creadora se cree, por un tiempo, infinita, y generando doctrinas para todos los sectores de la actividad humana, descarta fuera de campo otras luces que alumbran caminos hacia otros mares de no positivistas riberas. La novela, como representación de la realidad y como género «oportuno», se hace hegemónica, intenta avasallar al teatro y arrincona a la poesía. (Lissorgues 1998: 27)

Contra esta tendencia é contra a que saltan os simbolistas, argumentando que só a poesía é quen de transcender a impresión directa e comprobable da realidade para chegar a un estadio no que emerxe o escuro, o indescritible, o que *se deixa sentir*; e que, por suposto, se orienta cara ó metafísico, en contraposición do mundo sensible e comprobable mediante métodos lóxicos do positivismo.

Mais, cal é a vía para chegar a este plano da realidade puramente poético, inefable, suxerido? Lonxe de establecer algún tipo de doutrina, Baudelaire baséase no principio das *correspondencias* —*correspondances* no orixinal francés— expresadas no soneto

de *Les fleurs du mal* (Baudelaire, 1964), intitulado do mesmo xeito. Nesta composición atopamos a base do pensamento estético e epistemolóxico de Baudelaire, con versos tales como os que seguen:

La Nature est un temple où de vivants piliers
 Laissent parfois sortir de confuses paroles;
 L'homme y passe à travers des forêts de symboles
 Qui l'observent avec des regards familiers.

Nestes versos, que compoñen o primeiro cuarteto do soneto, atopamos unha das claves do Simbolismo literario: a do misterio que reside na natureza e que, mediante mensaxes pouco claras para a mente racional —*confuses paroles*— este propio misterio apela ó ser humano —ó poeta, segundo Baudelaire único ser que é quen de comprender e descifrar tal misterio—, ante o cal se presenta como un conxunto de imaxes difusas —*forêts de symboles*—. Continúa o soneto co seguinte cuarteto, capital:

Comme de longs échos qui de loin se confondent
 Dans une ténébreuse et profonde unité,
 Vaste comme la nuit et comme la clarté,
 Les parfums, les couleurs et les sons se répondent.

É dicir, todas esas imaxes difusas, eses símbolos, chegan a xuntarse nunha unidade pouco clara e, polo tanto, só hai unha maneira de chegar á súa interpretación máis profunda, a desorde dos sentidos, a sinestesia. Como se pode observar, o choque contra os principios do naturalismo son totais; non hai nada claro na natureza e, lonxe de prestarse a lóxica racionalista e o método científico para desentrañala, a resposta para descifrar o misterio que depara todo o que nos rodea está nunha desorde sinestésica, que permita descifrar as correspondencias existentes entre tales estímulos dos sentidos.

Pero non acaban aquí as características que atopamos do movemento na obra de Baudelaire (1964). Xa dende os tres primeiros poemas, «Bénédiction», «L'albatros», e «Élévation» obsérvanse versos en que o poeta francés expresa que é ser poeta: un ser humano medio divino, marcado pola posibilidade de ver máis alá do que o resto de seres —o que é moi similar á concepción romántica do poeta—, pero que, precisamente por esta condición de *vidente*, está condenado a sufrir ante o fastío da vida común e, esencialmente, polo tedio que lle provoca o modo de vida burgués; o que se expresa na noción de *spleen* de Baudelaire, a que, xunto ó *Ideal*, marcan a vida do poeta. É así a vida do poeta unha encrucillada marcada polo *spleen* —tedio vital— e *Ideal* —aproximación á perfección mediante a creación poética—.

Con esta breve aclaración das características do movemento simbolista podemos ver como ó longo de toda a segunda metade do século XIX se producen estas dúas liñas converxentes, a simbolista e a naturalista. Resúmese nas seguintes palabras: «Las teorías positivistas de Taine aplicadas a la literatura se expresan en obras que se publican de 1855 a 1864, y durante el mismo período se dan a conocer obras teóricas y críticas representativas de tendencias opuestas, las de Baudelaire, por ejemplo, entre 1846 y 1863». A isto cómpre engadir que «De hecho, entre 1870 y 1900, se difunde por toda la literatura europea una concepción del arte que está en los antípodas del positivismo dominante, por orientarse hacia lo desconocido y por su carácter metafísico» (Lissorgues 1998: 28). Como podemos ver, a época na que produce Rosalía a súa obra está marcada por estas dúas ondas, o que perfectamente pode coincidir cunha evolución estética dende o romanticismo máis clásico —*La flor, A mi madre* ou *Cantares gallegos*— ata o Simbolismo —*Follas novas, En las orillas del Sar* e a recentemente descuberta *Postrimerías*—.

Para cimentar aínda máis esta tese, observamos que hai aínda máis lazos entre Rosalía e o Simbolismo do que cabe esperar tendo en conta as historiografías tomadas anteriormente, esencialmente acudindo a Heine. Efectivamente, tanto para Baudelaire coma para Rosalía, o último poeta romántico alemán serve de influencia máxima. No caso da nosa autora —como xa vimos no apartado sobre a súa historiografía—, Heine actúa de maneira decisiva sobre todo en *Cantares gallegos*. Ben, pois pola parte de Baudelaire, o alemán é capital, xa que «En un principio, por los años cincuenta, Baudelaire emplea para calificar esta orientación [o Simbolismo] el término de *sobrenaturalismo*, que, según confiesa, toma de Heine («En arte —dijo el poeta alemán—, soy sobrenaturalista») [...]» (Lissorgues 1998: 29). A débeda de Baudelaire con Heine é aquí do máis explícita. Se a isto xuntamos que «en España, exceptuando los ilustres casos de Bécquer y Rosalía de Castro, la corriente ‘sobrenaturalista’ no prospera y hasta parece que se agota después de la publicación de *En las orillas del Sar* [...]» e que «queda por estudiar la influencia que tuvo [Baudelaire] en España sobre Bécquer, Rosalía de Castro [...]», ademais de que «es interesante notar que tanto Baudelaire como los poetas españoles aludidos [Bécquer, Rosalía] se inspiran en la misma fuente, la de los románticos alemanes y particularmente Heine, pero también Jean-Paul Richter, Hoffmann, Novalis» (*ib.* 29-30): non cobra sentido a consideración de Rosalía coma poeta simbolista? Verémolo máis adiante.

Para finalizar coa caracterización deste movemento só quero recordar que este, lonxe de constituír un conglomerado ben uniforme e cunha solidez teórica clara, é máis ben un conxunto de autores que participan nel da maneira máis orixinal e que, por suposto, conta cunha evolución interna propia.

Se ben tomamos a Baudelaire coma grande artífice do movemento, o certo é que xa podemos recoñecer certos elementos do Simbolismo en autores anteriores, entre os cales figura, principalmente, Edgar Allan Poe —sabida é a devoción por el do poeta francés e da propia Rosalía, como indicaremos máis adiante—, autor totalmente moderno. Mais o certo é que, tras Baudelaire, o movemento simbolista foi consolidado por diversos poetas, sobre todo polos xa citados Rimbaud, Verlaine —que dará lugar ó movemento do *decadentismo*, e servirá de ponte cara ó modernismo hispánico— e Mallarmé, que se erixirá como último grande expoñente do movemento simbolista. Nesta xeración será cando Verlaine fale dos *poetas malditos* no seu ensaio *Les poètes maudits* (Verlaine 1888), onde aparecerán, ademais do propio Verlaine —baixo o pseudónimo de *Pauvre Lelian*—, de Rimbaud e de Mallarmé, outros poetas coma Tristán Corbière (1845-1885), Villiers de L'Isle Adam (1838-1889) ou Marceline Desbordes-Valmore (1786-1859), a única muller que aparece no ensaio e da que afirma Verlaine que é «le premier d'entre les poètes de ce temps» (*ib.* 71).

Tras esta xeración o Simbolismo comeza a disgregarse. Xa no mesmo Verlaine, no momento en que dá lugar ó chamado decadentismo, máis esteticista có Simbolismo anterior; mais sobre todo en autores posteriores que se confesan debedores do movemento, coma Paul Valéry e a súa *poesía pura*, os autores modernistas ou na xeración do 98 española, con Juan Ramón Jiménez, Miguel de Unamuno, Antonio Machado ou José Martínez Ruíz «Azorín». Estes últimos, por certo, son os primeiros reivindicadores da obra de Rosalía de Castro, como ben di Alonso Montero (1997: 44) «en un principio el libro fue muy poco leído [alude a *En las orillas del Sar*]. [...] Tan parca presencia coincide con el escaso interés demostrado por los críticos hasta que Azorín, Unamuno, y Juan Ramón Jiménez se ocupan, muy elogiosamente, de este extraño volumen de poemas».

Canto á recepción que tivo o Simbolismo no Estado español, podemos buscar a evidencia máis directa en como foi coñecida a obra de Charles Baudelaire, principalmente ó tomar a súa obra como iniciadora do movemento, sobre todo *Les fleurs du mal*. Sobre esta atopamos que «pese a la repercusión que tuvo en Francia la publicación de *Les fleurs du mal* [...], la crítica española tardó bastantes años en interesarse realmente por esta obra» (Marín Hernández 2007: 18); se ben parece que xa en 1857, ano de publicación da obra orixinal «pueden leerse en la prensa española algunas referencias a Baudelaire» (*ib.* 18-19), ou que en 1867 aparecen notas de prensa que falan de Baudelaire e as súas traducións de Poe (Medina Arjona: 2009). Con isto parece evidente que ó longo da segunda metade do século XIX Baudelaire pasou certamente desapercibido para o grande público español. Pero como foi visto previamente, a vaga *sobrenaturalista* zoou por toda a Europa do momento, sobre todo, no caso peninsular, influíndo a Bécquer e a Rosalía. A isto hai que sumarlle que

a primeira grande difusión que coñeceu a obra de Baudelaire na península ibérica foi en forma de edición, en 1868 —un ano após a morte do poeta francés—, elaborada por Michel Lévy, e é que «puede decirse que los lectores españoles entraron en contacto con el autor de *Las flores del mal* a través de esta edición francesa» (Marín Hernández 2007: 20). A edición tivo unha acollida da crítica española máis ben negativa —sobre todo por Juan Valera, grande autoridade da cultura do momento en España—, pero eran unhas críticas que «no estaban motivad[a]s por consideraciones estrictamente literarias» senón que «fue más bien la supuesta depravación moral del poeta francés la que predispuso a muchos lectores en su contra» (*ib.* 21). Pasados os anos, xa no século XX, a recepción da obra baudeleriana cambiou totalmente, ata atopar diversos autores que o defenderon e, mesmo, se nutriron da súa poesía. Exemplo disto é Leopoldo Alas «Clarín», que pasou dende unha visión escéptica ata unha certa admiración pola obra do francés, xa que «los trabajos de Leopoldo Alas contribuyeron en gran medida a paliar el daño que la pluma que Valera le había causado a Baudelaire» (*ib.* 27).

Para acabar este capítulo, unha vez repasadas moi superficialmente tanto as características do movemento simbolista como a recepción que tivo a súa obra inaugural —*Les fleurs du mal*— na península ibérica, cómpre atender tamén ó seu contexto. E é que, se podemos tomar o Simbolismo como primeiro movemento literario moderno, que «[...] prepara y anticipa las evoluciones y etapas ulteriores, como, por ejemplo el Superrealismo» (Lissorgues 1998: 30), o certo é que podemos atopar conexións con outras correntes do pensamento. Se podemos destacar «la estética de John Ruskin [...], las posiciones de Nietzsche contra el cientifismo y sus concepciones artísticas como síntesis de las artes plásticas y de la música [...]; la música de Richard Wagner» (*ib.* 28) entre outras varias, para min resultan fundamentais os lazos que existen entre a corrente simbolista e a filosofía nietzscheana, como son o rexeitamento do positivismo —o que supón tamén do cientifismo e do progresismo—, a preocupación pola musicalidade, a presenza constante do tedio vital —que leva ó *spleen*, mais tamén a un *si á vida*—, a confianza nun certo adanismo e nunha ansia de ruptura e innovación con respecto ó anterior, ou unha pegada de subxectividade que leva, mesmo, ó afondamento introspectivo; ademais de que, no particular na obra de Baudelaire, «al modo del *superhombre* o *verdadero filósofo* nietzscheano, que sigue los dictados de Dionisos frente a los de Apolo, las obras de Baudelaire [...] admiten una lectura en clave moral, pues en ellas se proponen valores alternativos [...]» (Marín Hernández 2007: 43). Se a isto sumamos afirmacións como as seguintes do manifesto simbolista de Jean Moréas (Moréas 2011), nas que se presenta ó simbolismo coma un movemento «ennemie de l'enseignement, la déclamation, la fausse sensibilité, la description objective, la poésie

symbolique cherche à vêtir l'Idée d'une forme sensible qui, néanmoins, ne serait pas son but à elle-même, mais qui, tout en servant à exprimer l'Idée, demeurerait sujette», atopamos afirmacións que se aproximan a algunhas das ideas de Nietzsche en boa medida.

Por certo, o feito de que destaque estas características, habendo efectivamente moitas máis, que teñen en común o Simbolismo e as ideas de Nietzsche, é porque son perfectamente detectables, dende a miña perspectiva, tamén, na obra rosaliana.

4. Rosalía e o Simbolismo literario

Como colofón deste traballo aproximarei algunhas das características que atopamos na obra rosaliana e que nos poden levar a interpretala como simbolista. Antes de nada cabe resaltar que, se ben esta proposta interpretativa da obra de Rosalía non é totalmente novidosa, o certo é que hai moi poucos traballos adicados a tal labor; mais tamén é case imperceptible o número de obras ou traballos adicados a estudar as pegadas do Simbolismo en toda a literatura galega, o que pode explicar este feito.

En primeiro lugar, é preciso lembrar unha breve cita que Rosalía fai en *La hija del mar*, onde realiza unha sutil crítica ó positivismo ó afirmar que, nos seus tempos, «el positivismo mata el genio y [...] la poesía tiene que cubrirse de terciopelo para tener cabida en la sociedad [...]» (Castro 1991: 48). Pero o certo é que atopamos varios autores que advertiron xa sobre os lazos existentes entre Rosalía e os poetas do Simbolismo. Exemplo disto é Otero Pedrayo (1931) cando fala a propósito da misticidade en Rosalía, dun carácter místico produto dun abismo máis aló da dor, e que nin sequera ten vontade de ollar, un abismo que recorda ó de Baudelaire no soneto intitulado do mesmo modo, «Le Gouffre», de *Les fleurs du mal* (Baudelaire, 1964). Un abismo ou, o que é o mesmo, o fondo sen fondo do pensamento sobre o cal as ideas flotan incontrolablemente. Mais tamén atopamos lazos con outros autores do Simbolismo, sen ir máis lonxe con Verlaine, xa que segundo Díez Canedo hai en *En las orillas del Sar* versos que remiten á propia poética do francés; nas súas propias palabras:

Su poética, por lo mismo que es toda interior, por lo mismo que huye de toda pompa y exuberancia, por que es vestidura de un sentimiento y no llamativo disfraz [sic] de un inerte maniquí, parece haber formulado mucho antes de que Verlaine fuera conocido (*Jadis et Naguère* es también de 1884) aquel precepto del *Arte poética* [subliñado no orixinal] verleniana: *Prends l'éloquence et tords-lui son cou!*. (Díez Canedo 1909: 194)

Como se ve, varias son as similitudes que atopa Díez Canedo entre Rosalía e o máis esteticista dos Simbolistas, esencialmente similitudes no estético dos dous poetas; mais non só con Verlaine, senón que para Díez Canedo tamén hai trazos propios de Moréas cando fala do dominio do verso alexandrino pola padronesa.

Á vez que damos un grande salto no tempo, as interpretacións da obra rosaliana dano á súa par —como vimos—. Deste xeito, nunha publicación recente, vemos como outro dos lazos que existen entre Rosalía e os poetas simbolistas é con Rimbaud. Como afirma Angueira (2015), Rosalía comparte certo malditismo co *enfant terrible*: ambos pouco convencionais, críticos e, por que non, rebeldes. Pero as similitudes que hai con Rimbaud xa non son cuestións puramente estilísticas —lonxe quedan as innovacións métricas de Rosalía do verso libre do francés—, senón temáticas, ou mellor, simbólicas. Por exemplo, na sombra, nunha sombra que está en Rosalía —na «Negra sombra» de *Follas novas*— e en Rimbaud —nos *camps d'ombre* da «Aube» de *Illuminations*—. O que leva a afirmar a Angueira que «por outro lado cremos ler en *Follas novas* algúns embrións simbolistas que logo medrarán por extenso na obra *En las orillas del Sar*» (Angueira 2015: 212).

Outra interpretación que achega a Rosalía cara ó Simbolismo é a que atopamos en *A poesía de Eduardo Pondal*. Neste volume, Manuel Forcadela afirma que «Eduardo Pondal é o modelo de poeta simbolista galego, inserto plenamente dentro desta corrente na que tamén podemos incluír, dun xeito parcial cando menos, a outros autores do Rexurdimento (*nomeadamente Rosalía*) [destacado meu]» (Forcadela 1993: 399). Efectivamente neste volume preséntase todo un estudo que fai a Pondal poeta propio do Simbolismo —ademais de precedente do surrealismo, por exemplo—; isto, porque aparecen na obra do bergantiñán características que o achegan ó movemento literario francés, coma o desprazamento do eu romántico cara unha vaguidade do eu propia do Simbolismo, un proceso de introspección resultado da analoxía entre o interior do poeta e o exterior da natureza —que leva a unha especie de panteísmo místico—, a vaguidade —que é á súa vez o concepto clave do Simbolismo: o poeta suxire máis que describe—, ou a constante analoxía entre o poeta e Luzbel —o anxo caído—. Se destaco estas é polo feito de que son características que, á vez que propias da poesía simbolista, teñen presenza tamén na obra de Rosalía.

A primeira das características atopámola na evolución do eu lírico ó longo de toda a obra poética rosaliana. Sobre isto di Angueira (2013: 88) que «desde as súas páxinas [referíndose a *Cantares gallegos*] ata *En las orillas del Sar* hai na poesía da nosa autora un proceso continuo de aproximación ó eu autorial e autorreferente coa progresiva mingua e desaparición das voces escénicas outras, asociadas á poesía popular [...]». Pola súa banda, López-Casanova (2013) afirma que, ademais, esta evolución vai parella a un proceso no que a voz poética, alén de se ir *internalizando* —ou

intrasubxectivando—, parece ir replicándose e proxectando escenas nas que se alude a si mesma de maneira desdobrada. Isto dáse por exemplo en «No subas tan alto, pensamiento loco» (Angueira 2019: 223). Pero ademais esta voz poética vai adquirindo matices cada vez máis diversos, sobre todo un en concreto que o fai propio do Simbolismo: a tranquilidade ante a dor. Efectivamente, en Rosalía atopamos este trazo fundamental xa en *Follas novas*, mais sobre todo en *En las orillas del Sar*, risco que, como di García Montero (2014: 858), «Si hay algo que simboliza la deriva del romanticismo al simbolismo, [es] el paso del dolor como espectáculo grandilocuente a la serenidad de una herida íntima». Sobre a analoxía entre o interior da poeta e o exterior da natureza podemos atopar un exemplo no poema que comeza co verso «Dicen que no hablan las plantas, ni las fuentes, ni los pájaros», onde a voz poética, á vez que dialoga coa natureza, reflexiona sobre o paso do tempo.

Sobre o elemento da vaguidade na poesía rosaliana varios son os poemas nos que atopamos tal elemento; quizais o máis prototípico sexa a «Negra sombra»; pero tamén podemos observalo, por exemplo, no poema que comeza con «Xa nin rencor nin desprezo», tamén de *Follas novas*:

—¿Que ves nese fondo escuro?,
¿que ves que tembras e calas?
—¡Non vexo! Miro, cal mira
un cego a luz do sol crara

(Monteagudo / Vilavedra 1993: 129).

Finalmente, hai varias referencias na obra de Rosalía ó anxo caído; tanto como Luzbel —en varios parágrafos de *La hija del mar*—, coma co nome de Mefistófeles, por exemplo en «Con ese orgullo de la honrada y triste» de *En las orillas del Sar*. Así, parece que hai unha certa achega de Rosalía cara á figura do demo, que está tamén presente en Baudelaire en numerosos poemas de *Les fleurs du mal*; e é que esta figura ten moito relevo na obra do pai do Simbolismo.

Máis relacións de Rosalía co Simbolismo atopámolas nas palabras de Arcadio López-Casanova cando afirma que en *Follas novas* asistimos a unha verdadeira revolución, xa que aquí a imaxe poética dá un salto en relación á poesía anterior, de forma que se produce o «paso da imaxe clásica á moderna, da imaxe lóxica á emotiva ou simbólica» (López-Casanova 2013: 17); revolución que se resume, esencialmente, na aparición do símbolo de corte baudeleriano.

Tamén con Cardona-Castro atopamos trazos do Simbolismo en Rosalía, sobre todo, segundo ela, no sentido de que a padronesa dá á morte, un sentido que «es el mismo que todos los simbolistas dan a este significante a partir de Baudelaire» (Cardona-Castro 1986: 268), unha inclinación cara ó abismo, á morte, que herda

Rosalía a través do romanticismo alemán, pero traducido ó francés e dado dende a mentalidade francesa —como mencionamos máis arriba, as relacións de Baudelaire e Rosalía con Heine—. Pero non só polo sentido da morte, senón que Rosalía achégase ó Simbolismo —e isto é tamén fundamental— por un sentido místico que se afasta da relixión oficial, un misticismo que ten a súa orixe nunha dor resultado dun conflito interno, que se deixa sentir nunha velada inclinación cara ó misterio que só é expresable a través dos símbolos pola súa propia inefabilidade.

Se algo hai claro da veciñanza de Rosalía co Simbolismo literario é que en *En las orillas del Sar* é onde máis pegada do movemento francés podemos atopar. Mentres que Alonso Montero (1997) alude á radicalidade en canto ó contido do libro e á súa rareza e incompreensión que o abocaron durante varias décadas ó silencio, García Montero (2014) fala da súa relación estreita con Verlaine, sobre todo en canto á musicalidade dos seus versos, parello á innovación métrica dos mesmos que tanto se destaca desta obra e á súa linguaxe suxestiva do ignoto. Ou como ben di Marina Mayoral, falando disto último: «así, el gusto por la asonancia [...] y la simplificación de recursos en pro de una mayor flexibilidad para la expresión de la intimidad» (Mayoral 1987: 45). Ademais, engade sobre o aspecto rítmico de *En las orillas del Sar* que Rosalía emprega metros propios do futuro modernismo e que, unido a isto, fai un uso da asimetría tamén propio da poesía máis contemporánea. Pola súa banda Mauro Armíño (1997), seguindo á súa vez a Claude Henri Poullain, afirma que Rosalía tende á substitución da estrofa fixa por grupos de versos case libres, con variabilidade en canto ó número de versos ou á rima, o que a aproximan, máis que á poesía modernista —que gusta maiormente de estruturas estróficas máis clásicas— á poesía actual, da nosa época. Isto, ademais, conxuga co exposto por Anxo Angueira cando afirma que «a permanente loita dialéctica do eu consigo mesmo, coa comunidade e co mundo non teñen mellor música nin voz que un verso sen ascendencia coñecida [...], nin mellor escenario que a longa fragmentación das series» (Angueira 2019: 176). Isto lévanos novamente ós poetas simbolistas, sobre todo ós xa mencionados, a Rimbaud ou a Mallarmé.

Como observamos, moitos dos trazos que se deixan ver da poesía rosaliana a achegan ó Simbolismo literario, tanto por criterios formais —nomeadamente a súa buscada musicalidade ou a innovación procurada de novas formas de verso lonxe das formas clásicas— coma por criterios temáticos ou estéticos —sobre todo a evolución da voz poética dende un *eu* autorial próximo ó romántico, ata un afondamento *intrasubxectivo* no mesmo eu; ou o carácter da vaguidade, do inefable, que vai tomado a súa poesía.

5. Conclusións

Tras máis de cento trinta anos após a morte de Rosalía, a súa posición na historia da literatura aínda non está aclarada o suficiente. Isto, sen lugar a dúbidas, conduce a interpretacións que lonxe de afondar na riqueza da obra rosaliana, á vez que de desentrañar os misterios que esta aínda garda, levan a situala en lugares máis ou menos afastados do que a súa obra depara.

Como vimos, o debate historiográfico que existe ó redor da súa figura —romántica?, posromántica?, premodernista?— aínda non está resolto. Así e todo, como se deixa entrever, co paso do tempo e chegando ós traballos máis recentes —estoume a referir esencialmente a Pena (2014)—, perfílase cada vez máis unha evolución na autora que a levaría dende un romanticismo primeiro en obras coma *La flor*, *A mi madre* e *Cantares gallegos* ata un Simbolismo xa consolidado en *En las orillas del Sar*, e cunha notable transición en *Follas novas*. Isto coincide, curiosamente, cunha etapa na vida de Rosalía na que deixa de publicar, e é que de 1863 a 1880 —de *Cantares gallegos* a *Follas novas*— non hai publicación poética ningunha, como demostra Mauro Armiño (1997: 29) nas súas páxinas; aínda que si atopamos tres narracións entre 1866 e 1867. Sen entrar en cuestións biográficas, vemos un parón claro na súa obra, o cal vai acompañado desta evolución que sinalabamos previamente.

Por outra banda, cabe dicir que hai dous indicadores máis ou menos notables que denotan un achegamento de Rosalía cara ó Simbolismo: un deles é a través dunha carta a Murguía na que afirma ter lido a Poe (Castro 2002) —o máis posible a través da tradución de Baudelaire ó francés, que como vimos, era popular naquela época—; o outro é a referencia ó *spleen* baudeleriano —traducido coma *esplín*—, nunha das páxinas da súa pequena novela *Ruinas* (Castro 2013), onde utiliza tal vocablo para referirse á melancolía sen causa definida, tal e como a usa Baudelaire. Deste xeito podemos afirmar que hai indicios suficientes para pensar que Rosalía tivo de ler a Baudelaire.

Polo que parece, tamén cómpre afirmar que as interpretacións da obra de Rosalía van sendo encamiñadas cara á influencia simbolista; sobre todo con *En las orillas del Sar*. No meu caso, das catro edicións consultadas que contan con estudos introdutorios, a máis antiga con pouco máis de trinta anos —Mayoral (1987), Armiño (1997), Alonso Montero (1997) e Angueira (2019)—, só na máis recente delas se reflexiona sobre a cuestión do lugar que merece a obra de Rosalía nun capítulo adicado baixo o nome de «Rosalía: epigonal, precursora ou moderna» (Angueira

2019: 166-180); nas outras fálase, si, da peculiaridade do libro e das innovacións métricas, mais sen afondar no tema en demasía.

Finalmente, querría destacar que a finalidade deste traballo non foi tanto o de realizar un labor de afondar na obra rosaliana, senón máis ben o de facer un bosquexo sobre o estado da cuestión rosaliana e propoñer unha certa veciñanza co Simbolismo literario, con argumentos máis ou menos consolidados, para deixar aberta a cuestión ó seu estudo e así contribuír ó grande universo que é Rosalía de Castro.

Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (ed.) (1997): *Rosalía de Castro. En las orillas del Sar*. Madrid: Cátedra.
- Angueira, Anxo (2013). «Estudo introdutorio», en R. de Castro, *Cantares Gallegos*. Vigo: Xerais. 9-114.
- Angueira, Anxo (2015): «'Veillées' = 'Vixilias' (1886) Arthur Rimbaud», en M. P. García Negro (ed.), *No tempo de Follas novas. Unha viaxe pola literatura universal*. Santiago de Compostela: Alvarellos, 211-214.
- Angueira, Anxo (2019). «Estudo introdutorio», en R. de Castro, *En las orillas del Sar*. Vigo: Xerais. 7-180.
- Armiño, Mauro (1997): *Rosalía de Castro. En las orillas del Sar*. Madrid: Colección Austral.
- Baudelaire, Charles (1964): *Les fleurs du mal*. París: Garnier-Flammarion.
- Carballo Calero, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- Cardona-Castro, Ángeles (1986): «Simbolismo europeo y Rosalía de Castro: *En las orillas del Sar*», *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, desenvolvido os días 15-20 de xullo de 1985, vol. 2. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 267-277.
- Castro, Rosalía de (1991): *La hija del mar*. A Coruña: Patronato Rosalía de Castro.
- Castro, Rosalía de (2002): *Cartas*. Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. Dispoñible en: <http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/cartas--1/html/feed6a52-82b1-11df-acc7-002185ce6064_2.html#I_0_>.
- Castro, Rosalía de (2013): *Ruinas*. Madrid: Eneida.
- Crespo, Ángel (1990): «La lírica», en J. Alberich [et al.], *Historia de la literatura española II*. Madrid: Cátedra, 1007-1019.
- Díez Canedo, Enrique (1909): «Una precursora», en R. de Castro, *En las orillas del Sar*. Madrid: Librería de Pueyo, 189-195.

- Fernández del Riego, Francisco: (1975): *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia.
- Forcadela, Manuel (1993): *A poesía de Eduardo Pondal*. Vigo: Edicións do Cumio.
- García López, José (1977): *Historia de la literatura española*. Barcelona: Vicens-Vives.
- García Montero, Luís (2014): «Penélope sin Ulises. La herencia de Rosalía», en R. Álvarez/ A. Angueira / M. do Cebreiro Rábade / D. Vilavedra (coords.), *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*. Actas do congreso desenvolvido en febreiro-xuño de 2013. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. 848-868. [doi:10.17075/rcsxxi.2014.047]
- Lissorgues, Yvan (1998): «El modelo teórico del Naturalismo. Ciencia positiva y literatura. Propuestas estéticas y temáticas. El debate sobre el Naturalismo y el Simbolismo», en L. Romero Tobar (coord.), *Historia de la literatura española. Siglo XIX (II)*. Madrid: Espasa Calpe, 19-41.
- López Casanova, Arcadio (2013): *A modernidade poética de Rosalía: unha interpretación*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Marín Hernández, David (2007): *La recepción y traducción de Les Fleurs du mal en España*. Málaga: Miguel Gómez Ediciones.
- Mayoral, Marina (1998): «El renacimiento de la literatura gallega», en L. Romero Tobar (coord.), *Historia de la literatura española. Siglo XIX (II)*. Madrid: Espasa Calpe. 289-306.
- Mayoral, Marina (ed.) (1987): *Rosalía de Castro. En las orillas del Sar*. Madrid: Clásicos Castalia.
- Medina Arjona, Encarnación (2009): «Lectura. Recepción de Baudealaire en España», *Rapsoda. Revista de Literatura* 1, 120-134.
- Monteagudo, Henrique / Dolores Vilavedra (eds.) (1993): *Rosalía de Castro. Follas novas*. Vigo: Galaxia.
- Moréas, Jean (2011): *Manifeste du Symbolisme*. Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.
- Murguía, Manuel (1976): *Los precursores*. A Coruña: Editorial La Voz de Galicia.
- Otero Pedrayo, Ramón (1931): *Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal*. Santiago de Compostela: Nós.
- Pena, Xosé Ramón (2014): *Historia da Literatura Galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento*. Vigo: Xerais.
- Verlaine, Paul (1888): *Les poètes maudits*. Recuperado de: <<https://gallica.bnf.fr/ark:/12148/bpt6k72580r>>.

A AUTOTRADUCCIÓN DO GALEGO AO CASTELÁN: ANÁLISE LINGÜÍSTICA CONTRASTIVA DE *MEMORIAS DE UN NIÑO CAMPESINO*

*Galician-Spanish self-translation: contrastive analysis
of Memorias de un niño campesino*

Nerea Torres Abilleira

Universidade de Vigo
9nereatorres9@gmail.com

Resumo: Neste traballo realízase unha análise lingüística contrastiva da obra *Memorias de un niño campesino*, autotraducida dende o galego por Xosé Neira Vilas. En primeiro lugar explícanse os principais conceptos sobre a disciplina da autotradución e expónse a situación en que se encontra esta disciplina en Galicia. En segundo lugar, a obra obxecto de análise enmárcase en certas clasificacións teóricas realizadas no ámbito de estudo seguindo determinados criterios. Posteriormente, cotéxase a obra autotraducida co correspondente orixinal en galego e identifícanse as principais modificacións realizadas por Xosé Neira Vilas na obra autotraducida. Estas organízanse e clasifícanse en cambios de tipo morfolóxico, sintáctico e léxico-semántico. Por último, considéranse as técnicas de tradución e os procedementos empregados polo autotradutor.

Palabras chave: Autotradutor, autotradución intraestatal, técnicas de tradución, Neira Vilas.

Abstract: In this paper, a contrastive analysis of the novel *Memorias de un niño campesino*, self-translated from Galician by Xosé Neira Vilas, is carried out. First of all, the main concepts on the field of self-translation are explained and the current state of the art in the Galician context is summarily exposed. Secondly, the work under analysis is classified into certain theoretical categorizations according to a number of criteria. Subsequently, the self-translated work is compared with its original version written in Galician, and the main changes made by Xosé Neira Vilas during the self-translation process are identified. These modifications are organised and classified into morphological, syntactic, and lexical semantic changes. Finally, the translation techniques and procedures used by the self-translator are examined.

Keywords: Self-translator, intrastate self-translation, translation techniques, Neira Vilas.

1. Introducción¹

Neste estudo realízase unha análise lingüística contrastiva da obra autotraducida dende o galego por Xosé Neira Vilas, *Memorias de un niño campesino*. O obxectivo é afondar no proceso autotradutor realizado. En primeiro lugar, preténdese identificar as modificacións localizadas na obra autotraducida con respecto á orixinal, *Memorias dun neno labrego*, mediante o cotexo dunha coa outra²; e, posteriormente, quérese analizar as técnicas de tradución e os procedementos empregados por Xosé Neira Vilas.

No relativo á metodoloxía, tras a lectura exhaustiva de ambas as obras, realizouse un estudo documental acerca da disciplina da autotradución e dos principais estudosos no ámbito, así como dalgúns autores que a practicaron. A seguir, levouse a cabo o cotexo da obra orixinal coa obra autotraducida para a continuación clasificar as modificacións máis substanciais que se atoparon segundo o nivel lingüístico ao que corresponden. Finalmente, considerouse pertinente afondar nas técnicas de tradución empregadas na autotradución, o que constitúe a última parte da análise.

2. A autotradución: por que (non) autotraducirse?

A autotradución é unha disciplina que foi estudada dende moitas perspectivas e practicada por innumerables autores e autoras ao longo da historia. De seguido, analizaranse as distintas propostas de conceptualización e abordarase a figura do autotradutor e a súa historia.

Primeiramente, cómpre sinalar que a autotradución conta cunha gran tradición e caracterízase por suscitar un gran debate. A primeira persoa que ofreceu unha definición do termo foi Anton Popovič, quen o define, de acordo co exposto por Santoyo (2005), como «the translation of an original work into another language by the author himself» (Popovič 1976: 19). Este non foi máis que o comezo de infinitas definicións que viron a luz detrás deste primeiro intento.

¹ O presente estudo é unha adaptación do meu Traballo de Fin de Grao, defendido na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo en novembro de 2019. Gustaríame mostrar o meu agradecemento á titora do traballo Amparo Solla González por me acompañar e guiar ao longo de todo o proceso; tamén a Xosé A. Fernández Salgado por aconsellarme na adaptación do traballo e concederme a oportunidade de publicalo.

² As edicións usadas para este traballo foron Neira Vilas (2009) e, para a autotradución, Neira Vilas (2007).

Primeiramente, cabe destacar que a autotradución considerábase un fenómeno raro, infrecuente (Gaicomel 2015), inusitado (Oustinoff 2003: 85) e unha actividade marxinal, se atendemos ás palabras de López-Gay (2008: 100). Con todo, Santoyo (2005) sinala que a realidade é ben distinta, xa que, tal e como apunta, a autotradución é característica tanto dos séculos XX e XXI como da Idade Media, xa sexa en Canadá, Estados Unidos, India, España, Rusia, Irlanda, Francia ou Sudáfrica. Tendo en conta a ampla presenza da autotradución ao longo da historia, que acada o seu auge no século XX, enténdese por que Santoyo afirma non estar de acordo cos distintos teóricos cando estes definen a autotradución como un fenómeno non frecuente. Tanto é así que conclúe:

Sería un gran error seguir pensando y opinando en los términos en que se ha venido haciendo. No estamos ante raras excepciones, sino ante un corpus inmenso, cada vez mayor, de textos traducidos por sus propios creadores. [...] la traducción de autor cuenta con una larga historia y es hoy en día uno de los fenómenos culturales, lingüísticos y literarios más frecuentes e importantes en nuestra aldea global, y desde luego merecedora de mucha más atención de la que hasta ahora se le ha prestado. (Santoyo 2005: 866)

No relativo ás características da autotradución, Dasilva lembra o que Santoyo considera os dous trazos principais e identificativos da autotradución:

La libertad del autor para introducir modificaciones en el texto autotraducido, [...] mediante procedimientos que van desde la adición a la supresión, pasando por la ampliación, la perífrasis y hasta la adaptación. Por otra parte, la complementariedad del texto de partida y el texto de llegada como si fueran el anverso y reverso de una moneda, puesto que son inseparables e intercambiables. (Dasilva 2015: 117)

Esa liberdade de que dispón o autotradutor fai referencia ao poder deste para modificar o contido da súa obra, debido a que é el o seu autor e, polo tanto, o que considera a pertinencia e a necesidade de cambio ou de adición de novo contido na obra autotraducida. Como apunta López-Gay (2008: 119), o autotradutor non sempre emprega esa marxe de liberdade de que dispón en todo momento, mais aclara que, de facelo, «muy probablemente nadie cuestionará la legitimidad de una práctica (auto)traductora libre ante el canon de usos y reglas, puesto que coinciden las figuras del autor y el traductor». Ademais, remitindo de novo ás palabras de López-Gay, é destacable o feito de que, no proceso de autotradución, o autor convértese no lector e revisor da súa propia obra. Polo tanto, resulta comprensible que gran cantidade de autores consideren a práctica da autotradución unha gran oportunidade para mellorar a obra orixinal e para corrixir erros dos que non se decataran nunha primeira escritura.

Por outra banda, outras transformacións terán a finalidade de violentar ou enriquecer a lingua e a cultura meta mantendo presente á lingua orixe; isto é, da que deriva a (auto)tradución.

Á vez, é necesario mencionar algunhas características inherentes ao perfil do autotradutor: o bilingüismo e o biculturalismo. Tanqueiro (1999) apunta que resultan esenciais e suprimen directamente todo tipo de dificultade que poida xurdir en cada unha das fases do proceso de tradución. Paralelamente, López-Gay (2008) lembra a avantaxada condición bilingüe inherente a todo autotradutor, a pesar de que non estea familiarizado previamente coa práctica da tradución.

Por todo o exposto, en canto á definición de autotradución, pódese afirmar que a que se considera máis completa e precisa é a de López-Gay (2008: 119):

La autotraducción es, además, un sub-campo de la literatura donde el autor tiene la posibilidad de introducir matices o perfilar un original que todos hubieran creído fijo, inamovible, recreando lo creado dentro de los límites mencionados.

Por outra parte, é importante recordar o exposto por Tanqueiro en relación ao feito de que ao longo da historia houbo moitos autores que escribiron en dúas ou máis linguas, mais «sólo muy pocos se han autotraducido» (1999: 21).

Dasilva (2002) diferenza entre tres categorías de autotradutores: os autores bilingües que escriben nunha lingua dada co fin de ampliar o seu mercado (Kafka, Kundera, Nabokov etc.); os autores bilingües que son tradutores de terceiras persoas e practican a autotradución simultaneamente (Celan, Baudelaire, Tabucchi etc.); e os autores que, sen seren tradutores profesionais, deciden autotraducirse.

Non obstante, cabe sinalar que son moitos os que rexeitaron realizar esta práctica. Manuel Rivas é un claro exemplo, segundo o recolle Villena (2006) nun artigo de *El País* (28/10/2006):

«Para mí», afirma, «escribir responde a un deseo y ese impulso lo encuentro en los dos idiomas. Ahora bien, traducir significa, sin lugar a dudas, volver a escribir, y en esa medida representa para mí un riesgo y a veces una insatisfacción volver a internarme en un texto» [...] «me cuesta mucho ponerme el traje de traductor y por eso me inclino por un profesional que aborde la traducción con más distancia».

Así pois, as principais razóns polas que non autotraducirse radican no temor a caer na reescritura, o que provocaría cambios innecesarios de contido con respecto á obra. Isto sería o que se denomina en inglés «the horror of selftranslation», que Federman (1996) define como «the fear of betraying myself and my own work».

Contrariamente, as razóns polas que diversos autores aceptan o reto de autotraducirse, ademais da xa indicada, son a desconfianza e inseguridade á hora de

deixar as obras en mans doutra persoa, dun tradutor neste caso³. Por outra parte, segundo Recuenco Peñalver (2011), outras das razóns principais serían ben de índole económica, ou ben estarían relacionadas co prestixio e coa busca dun público máis extenso. Así e todo, Ramis (2013: 104) fai referencia ao exposto por Francesc Parcerisas (2007: 112-113), quen enumera diversas razóns de tipo histórico e sociolingüístico que é importante resaltar: «la prohibición y la censura, la colonización, la sumisión, la asimetría y la ambición de reconocimiento y la voluntad de invisibilidad del autotraductor».

3. O caso galego: autotraducirse en situación de desigualdade

Centrarase agora o foco de atención no fenómeno da autotradución en Galicia. Remitindo ao exposto por Dasilva (2009: 146), a autotradución é un fenómeno que está presente de forma tanxencial na literatura galega durante o período contemporáneo. Desta forma, destaca a existencia dunha marcada corrente centrípeta que coloca ao castelán como lingua literaria, polo que este imponse de forma hexemónica como lingua vehicular para establecer a comunicación entre as linguas periféricas.

Canto ao panorama actual, aínda que é certo que en España existe unha situación de linguas en contacto e, por tanto, de diversos sistemas literarios en contacto, nas comunidades galega, vasca e catalá, tamén é palpable a situación desigual que se vive nelas. Así pois, para lograr entender a autotradución en Galicia e a realidade á que o autotradutor galego debe enfrontarse, resulta imprescindible ter en conta a situación diglósica existente.

Parece adecuado, pois, recordar o que Dasilva (2009: 152) apunta no relativo á figura do autotradutor:

Hay que considerar que el escritor periférico que se autotraduce en el Estado español es bilingüe, pero no exófono. Esta circunstancia tiene su influencia en el hecho de que tal escritor —muchas veces incluso sin que se le pidan cuentas— tienda a justificar sus versiones autoriales con [...] motivos de carácter diglósico.

Tanto é así que a autotradución dende unha lingua minorizada cara a unha lingua normalizada, como é a do galego cara ao castelán, tórnase ás veces nunha actividade

³ Un exemplo disto atopámolo no testemuño de Beckett: «Wish I had the courage to wash my hands of it all, I mean leave it to others and try and get on with some work» (a través de Recuenco Peñalver 2013).

diglósica. Proba disto son os trazos ou tendencias que designan este tipo de autotradución definidas por Dasilva (2009: 152) como «en certo modo diglósicas» e que se expoñen a seguir.

En primeiro lugar, de acordo con Dasilva (2009), unha das tendencias diglósicas máis presentes é o feito de que na obra autotraducida non se explicita que o lector está ante versións inicialmente creadas noutra lingua, polo que son presentadas como obras orixinais por medio de autotraducións. Así pois, as autotraducións calsifícanse como *autotraducións opacas* (Dasilva 2015), debido á súa tendencia ocultadora que, paradoxalmente, é moi usual na actualidade⁴. O motivo parece claro: existe temor a que a obra perda prestixio ou valor literario en caso de coñecer este dato. Consecuentemente, Dasilva (2009) apunta que esta situación provoca que o castelán adoite converterse na lingua ponte na tradución destas obras cara a outros idiomas e, ao tempo, que desapareza a identidade lingüística da figura do escritor ou escritora. Non cabe dúbida de que para que esta situación cambie é imprescindible a aceptación do texto autotraducido na cultura dominante, posto que «de esta posible aceptación depende el éxito o el fracaso de la autotraducción» (Ramis 2013: 113). Así pois, resulta doado entender que o rexeitamento por parte dun autor a autotraducirse pode ser froito dunha reivindicación da propia identidade cultural, como indica Dasilva (2009).

En segundo lugar, outro síntoma de diglosia moi usual é que a maioría das autotraducións en Galicia sexan *simultáneas*, de acordo coa clasificación elaborada por Grutman (1998)⁵. Dasilva (2009: 152), citando o exposto por Xosé Miranda (2007), apunta que o feito de que as autotraducións en Galicia sexan maioritariamente simultáneas ocasiona un gran perigo para as edicións orixinais dende o momento en que se converten en poderosas competidoras.

En terceiro lugar, encóntrase a direccionalidade, xa que na maioría dos casos búscase autotraducir cara á lingua con máis proxección para cumprir coa meta principal da autotradución: conseguir unha maior difusión. Así pois, parece importante aludir ao exposto por Dasilva (2009: 152) cando afirma que «resulta

⁴ En contrapartida, as autotraducións que se atopan na situación contraria á que se menciona, isto é, aquelas obras autotraducidas en que non se oculta o feito de que proveñen dunha obra orixinal a partir da que foron autotraducidas, denomínanse *autotraducións transparentes* (Dasilva 2015). Cómpre indicar que *Memorias de un niño campesino* definiríase como tal, debido a que nos peritextos figura o seguinte: «© del texto: Xosé Neira Vilas, 1961».

⁵ Este autor diferencia entre as *simultaneous auto-translations* (autotraducións simultáneas), isto é, as autotraducións que ven a luz ao tempo que a propia obra orixinal; e as *delayed auto-translations* (autotraducións retardadas), é dicir, as que xorden con posterioridade á publicación da obra orixinal da que parten.

bastante habitual que se trasladen al castellano las obras escritas originalmente en gallego [...], pero difícilmente se autotraducen a esta lengua las obras en castellano de escritores gallegos».

Neste punto, considérase necesario comentar a clasificación elaborada por Grutman (2009, 2011), que toma como base o sistema xerárquico da «galaxia de las lenguas». Por unha banda, distingue a *autotradución vertical*, é dicir, a feita entre linguas con diferente status, e que se subdividiría (1) nas autotraducións dun idioma simbolicamente dominante ou «central» a un idioma «periférico»; e (2) nas autotraducións dun idioma «periférico» a un idioma simbolicamente dominante ou «central». Pola outra, en contraposición coa autotradución vertical, está a *autotradución horizontal*, que se define como a levada a cabo entre linguas similares, isto é, con status iguais; subdividiríase tamén en (1) autotraducións dun idioma dominante a outro idioma dominante e (2) dun idioma dominado a outro dominado. Conforme o indicado, a direccionalidade das autotraducións en Galicia sería vertical, pois o status de ambas as linguas de traballo é distinto; concretamente, conformaría unha autotradución realizada dende un idioma «periférico» (o galego) a un idioma simbolicamente dominante ou «central» (o castelán). Un claro exemplo disto é a obra obxecto de análise neste traballo, *Memorias de un niño campesino*, pois cumpre todas estas condicións.

Por último, outra tendencia presente na autotradución en Galicia, que Dasilva define como «una de las señales más evidentes de diglosia» sería a frecuencia con que neste tipo de autotradución desde unha lingua minorizada existe «una nítida desproporción entre las dos facetas del autotraductor como autor y como traductor en favor de la primera de éstas» (2009: 153).

En relación con isto, cómpre sinalar a clasificación elaborada por Oustinoff (2001). Atendendo ao proceso de elaboración da autotradución, reconece tres categorías principais: (1) a *autotradución naturalizante*, que consiste en producir un texto de acordo coas normas da lingua meta, eliminando toda posible interferencia procedente da lingua orixe; (2) a *autotradución descentrada*, que, de acordo co exposto por Recuenco Peñalver (2013: 82), «presenta claras reminiscencias de la lengua materna en la lengua meta de la autotraducción»; e, por último, (3) a *autotradución (re)creadora*, na que o autor fai uso de toda esa liberdade da que dispón. De acordo con Dasilva, estes últimos son «productos en los que sobresale una actuación omnímoda del autor al trasladar su texto a otra lengua» (2009: 153).

Así pois, esa liberdade que o autotradutor utiliza con total disposición ocasiona que as versións autorais realizadas dende unha lingua minorizada se definan como *autotraducións (re)creadoras* —segundo a clasificación de Oustinoff—, pois o texto

autotraducido experimenta un estado de transformación da que o autotradutor é o artífice. Daquela, *Memorias de un niño campesino* enmarcaríase nesta categoría por cumprir as condicións que se indicaron.

Cómpre, pois, concluír que en Galicia existe unha situación de diglosia e, polo tanto, o seu sistema literario vese directamente afectado por esta condición. Por este motivo, os autotradutores galegos desempeñan a actividade baixo unhas condicións moi distintas ás dun autotradutor que traballa entre dúas linguas dominantes.

4. *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas

O orixinal en galego de *Memorias dun neno labrego* publicouse por vez primeira en 1961 en Bos Aires na editora Follas Novas⁶. Nesta obra, Xosé Neira Vilas (Gres - Vila de Cruces, 1928-2015) dá vida a Balbino, un adolescente intelixente, consciente e decidido, que elabora un relato crítico da vida nunha aldea galega na época da posguerra civil española. Balbino baleira nun caderno todos os seus pensamentos máis sinceros e profundos, ao tempo que tenta sobrevivir ás imposicións dos anos corenta do século pasado. O texto reflicte as súas peripecias cotiás e relata as numerosas inxustizas contra as que decide loitar, retratando así a pobreza, a emigración e a opresión social, relixiosa e lingüística da sociedade da época.

Memorias dun neno labrego é unha obra pertencente á chamada «literatura da emigración»⁷ tanto polo momento no que foi concibida, isto é, durante a emigración de Neira Vilas á Arxentina, coma polo tema que aborda a propia obra, que se centra, nalgúns dos capítulos, na emigración. Así e todo, segundo sinala Galanes (2017b: 10), o libro goza de grande ambivalencia, debido a que existen «ediciones para el público adulto y sus nuevos valores democráticos en español (y portugués), y por otro lado, con ediciones como LIJ en gallego, del mismo modo que ocurre con las versiones catalana y euskera».

⁶ A editora foi creada por iniciativa de Xosé Neira Vilas e a súa esposa Anisia Miranda. Tratouse dun proxecto persoal que «tenía por objetivo tanto publicar y distribuir libros de temática gallega en América, como ser puente cultural entre Galicia y su emigración americana» (Galanes 2017b: 3).

⁷ Galanes (2017a: 118) denomina de tal xeito ao «conxunto de obra publicada fóra de Galicia por autores/as que teñen a condición de emigrantes (non exiliados), sen importar en que momento se converten en escritores/as, e que tratan na súa obra o tema da emigración ou rememoran a Galicia que deixaron atrás».

Actualmente, *Memorias dun neno labrego* caracterízase por ser unha das obras galegas de «mayor recorrido en el exterior a través de sus traducciones» (Galanes 2017b: 1). Conta con exemplares nun total de 16 idiomas, ben que cómpre distinguir entre elas dous grupos: as traducións íntegras e finalmente publicadas (as feitas ao castelán, portugués, alemán, catalán, éuscaro, asturiano, inglés e esperanto), e as traducións parciais, das que non existe constancia de se foron publicadas finalmente ou non (as do búlgaro, checo, chinés, francés, italiano, romanés, ruso e ucraíno)⁸. Sobre os motivos de tal éxito, reflexiona o propio Neira Vilas nunha entrevista na revista *Raigame* (2011):

Cheguei á conclusión de que o mesmo que os adultos, os rapaces dun ámbito determinado teñen os mesmos problemas e as mesmas ou moi semellantes inxedanzas no mundo enteiro. [...] Era unha historia humana, máis alá do tempo e da condición social.

5. A autotradución de *Memorias de un niño campesino*

Xosé Neira Vilas publica esta autotradución ao castelán en 1974 na editora Júcar, aínda que, como expón Galanes (2017b: 8), seguindo a Alonso Montero, sábese que a tradución estaba elaborada dende o ano 1963.

Para afondar na análise do tipo de autotradución desta obra, cómpre atender a certos criterios. En primeiro lugar, seguindo a Ramis (2013), é preciso diferenciar entre dous grandes tipos de autotradución con base nun factor histórico vinculado coa relación das linguas que interveñen. Por unha parte, existe a *autotradución intraestatal* ou entre literaturas en contacto, que é característica de sociedades en que conviven de forma simultánea dúas linguas e dúas culturas: con respecto a España, enmarcaríanse nesta categoría as autotraducións das literaturas catalá, vasca e galega e, xa que logo, *Memorias de un niño campesino* sería unha autotradución clasificable neste grupo. Pola outra parte, está a *autotradución interestatal* ou *en exilio*, a que adoitan practicar autotradutores que emigraron a países alleos e viven no exilio por circunstancias políticas. Segundo Ramis (2013: 99), «la adopción de una segunda lengua y cultura no se realiza de un modo natural, sino que representa un esfuerzo de adaptación, incluso a veces de gratitud, a la sociedad de acogida». Enmárcanse nesta categoría os casos de Beckett e Nakolov.

⁸ Unha completa información sobre as traducións desta obra pode consultarse no traballo de Galanes (2017b).

En segundo lugar, de acordo coa clasificación de Recuenco Peñalver (2011) con respecto á relación entre as linguas de traballo, mais considerando o resultado obtido directamente polo autor, distínguese entre *autotradución rendible* e *autotradución reparadora*. A *rendible* realízase dende unha lingua minoritaria a outra con máis proxección xeográfica e de maior prestixio co fin de acadar un público máis amplo e así incrementar os beneficios económicos. A *reparadora* define a situación inversa; é dicir, a feita dunha lingua maioritaria a unha minoritaria e, ademais, motivada por factores psicolóxicos ou afectivos. *Memorias* encádrase no primeiro grupo.

De acordo co papel do autotradutor, segundo sexa este ou non o único autotradutor da obra, Recuenco Peñalver (2011) aínda diferencia (1) a *autotradución autorial* vs. *tradución apócrifa*: é dicir, entre a autotradución realizada polo autor da obra orixinal e a feita por un tradutor alleo á obra orixinal; (2) a *autotradución parcialmente autorial*, na que o autor do orixinal non traballa en solitario no labor da autotradución, senón que conta coa axuda doutras persoas; (3) a *autotradución parcialmente autorial revisora*, na que o autor da obra orixinal solicita unha primeira tradución o máis literal e explícita posible para logo realizar unha revisión libre e creativa; e, por último, (4) a *autotradución parcialmente autorial revisada*, a elaborada polo autor da obra orixinal e revisada por outra persoa antes da súa publicación. *Memorias* clasifícase como unha autotradución autorial.

Respecto ao tempo transcorrido entre a elaboración do orixinal e do texto autotraducido, a autotradución de *Memorias* defínese como *retardada*, de acordo coa clasificación de Grutman (1998) xa mencionada. O motivo é claro: a autotradución finaliza dous anos despois da publicación de *Memorias dun neno labrego* e publícase finalmente no ano 1974, trece anos despois do orixinal galego.

6. Análise lingüística contrastiva das dúas obras

Neste apartado levouse a cabo a análise lingüística contrastiva das dúas versións realizadas por Xosé Neira Vilas. As modificacións clasificámolas segundo o nivel lingüístico ao que afecte: morfolóxico, sintáctico e léxico-semántico.

6.1. Cambios de carácter morfolóxico

Os cambios de tipo morfolóxico poden vir dados pola utilización dun substantivo singular no texto orixinal (TO) polo substantivo correspondente en plural no texto autotraducido (TA) e viceversa. Algúns exemplos detectados son:

Texto orixinal

Páx. 45: E ademais dilles como se plantan **os bacelos**, cal é o mellor tempo para enxertar, e outras cousas.

Páx. 51: Todos co seu par de luvas, pantalón branco e **chaquetas relucintes**.

Páx. 76: Primeiro remexeu nas lousas do cúmio, e vendo que **a ripa era tupida** deu na estrucia de abrir o tobo por debaixo da toba.

Páx. 80: Tocaban **a banda** de Arca e máis a de Ribeira, e a xente bailaba.

Texto autotraducido

Páx. 22: Y además les dice cómo se planta **la vid**, cuál es el mejor tiempo para injertar y otras cosas.

Páx. 25: Todos con su par de guantes, pantalón blanco y **chaquetilla reluciente**.

Páx. 46: Primero revolvió las losas del techo y viendo que **las ripias eran tupidas**, se las ingenió para cavar un agujero por debajo de la puerta.

Páx. 50: Tocaban **las bandas** de Arca y de Ribeira, y la gente bailaba.

Outros cambios están relacionados directamente co verbo. Estas modificacións poden producirse cara a verbos do mesmo ou de distinto modo e tempo verbal. Algúns exemplos de cambios dentro do mesmo modo verbal son:

Texto orixinal

Páx. 49: Nin que o fixera para roubarlle os miolos, pois ben **se sabe** que o **esmagou** o carro.

Páx. 67: E o padriño díxolle que moitos máis eran os que **non podían voltar**, e que para morrer pobre máis valía pechar os ollos onde un nace.

Páx. 81: Imaxinei que turraba por min. Sentínme xunguido, abrazado a ela. Deille un bico e dalí a pouco **bailamos** os dous, ó son da música...

Texto autotraducido

Páx. 24: Ni que lo hiciera para robarle el cerebro, pues bien **se sabía** que lo **había aplastado** el carro.

Páx. 40: Y el abuelo le respondió que muchos más son los que **no pueden volver** y que para morir pobre más valía cerrar los ojos en el lugar donde uno nació.

Páx. 50: Imaginé que tiraba de mí. Me sentí unido abrazado a ella. Le di un beso y poco después **bailábamos** al son de la música...

No primeiro caso, figuran dous verbos que se modifican no texto autotraducido: un en forma impersonal no TO e en copretérito de indicativo no TA. Por outra parte, no seguinte caso, o pretérito de indicativo «esmagou» modifícase polo antepretérito de indicativo «había aplastado». Como resultado, prodúcese un cambio de perspectiva en relación co suceso relatado na obra debido a que este figura nun tempo anterior no TA en contraste co TO. No segundo caso, o copretérito de indicativo «podían» substitúese polo presente de indicativo «pueden». Así pois, este cambio introduce un matiz distinto no plano semántico, xa que o suceso relatado parece apelar a un tempo anterior no TO e, polo tanto, parece existir unha maior distancia con respecto ao tempo presente. Paralelamente, no TA, o suceso relatado parece ser

un fenómeno que persiste no presente, polo que existe unha maior proximidade no tempo e posibilita que o protagonista a quen se lle conta a historia poida empatizar en maior medida con ela. No último caso, modifícase un pretérito («bailamos») por un copretérito («bailábamos»), que outorga á acción certa continuidade e progresión no tempo.

No exemplo que segue obsérvase un cambio no modo verbal:

Texto orixinal

Páx. 53: Un dos xenerais, brandindo unha espada na man dereita, berrou coma un perdido, agoirando que Xacinto de Cordal **vivise** por moitos anos na compañía da súa xente.

Texto traducido

Páx. 27: Uno de los generales, blandiendo una espada en la mano derecha, gritó como un condenado, augurando que Jacinto de Cordal **viviría** por muchos años en compañía de su gente.

Como se ve o pretérito de subxuntivo «vivise» substitúese polo pospretérito de indicativo «viviría». Neste caso, cabe a posibilidade de que Neira Vilas aplicase o cambio para así autocorrixirse: mentres que co pretérito de subxuntivo indica unha acción desexada ou hipotética, dubidosa e posible, co pospretérito, tempo verbal que expresa unha acción futura considerada dende o pasado e que pode indicar matices de probabilidade ou de posibilidade, adecúase perfectamente ao sentido do verbo «agoirar», que significa ‘predecir, presaxiar’.

6.2. Cambios de carácter sintáctico

Os cambios sintácticos localizados máis frecuentes na autotradución son as inversións sintácticas. Estas consisten no cambio de orde dos elementos que conforman as oracións, causando así modificacións a nivel sintáctico. Nos exemplos que se indican a continuación, Neira Vilas altera os devanditos elementos sen provocar cambios a nivel semántico:

Texto orixinal

Páx. 29: Vexo o mundo darredor de min e adoezo por entendolo. Vexo **luces e sombras**, nubeiros que viaxan, lume, árbores.

Páx. 31: Parece un milagre. Pois ó fin de contas non pasa de ser unha conversa comigo mesmo. Pero para mín **é milagre todo**.

Texto autotraducido

Páx. 8: Veo el mundo en torno a mí y me desvivo por entenderlo. Veo **sombras y luces**, nubes que viajan, humo, árboles.

Páx. 10: Parece un «milagro», pues, al fin de cuentas, no pasa de ser una conversación conmigo mismo. Pero para mí **todo es milagro**.

Páx. 33: Un rapaz moi limpiño que come pantrigo, bebe leite con café e non se ten que erguer cedo para levar o gando a pacer. Meu pai non quixo saber **o que Manolito me fixera denantes a min.**

Páx. 11: Un rapaz muy aseado, que come pan de trigo, toma leche con café y no tiene que madrugar para ir con el ganado al monte. Mi padre no quiso saber **lo que a mí me había hecho antes Manolito.**

Nos primeiro caso, obsérvase unha mera inversión sintáctica nos membros coordinados que non altera as oracións a nivel semántico. Xa que logo, a información dirixida ao receptor do TA é a mesma que a dirixida ao TO.

No seguinte caso é o suxeito da oración o que se atopa desprazado cara ao inicio desta. Unha vez máis, isto non provoca ningún cambio semántico destacable que modifique o sentido da oración, aínda que si afecta ó punto de vista informativo. O motivo quizais poida estar ligado co feito de *ordenar* os compoñentes da oración seguindo a estrutura *suxeito + verbo + complemento*.

No último exemplo, a inversión sintáctica reside no suxeito e no complemento indirecto da oración. Este cambio pode estar motivado pola énfase que Neira Vilas quixera facer dentro do contexto da oración. Remitindo ao argumento da obra, Balbino móstrase resentido polo que Manolito lle fixera, polo que resalta que é *a el* a quen lle fixera algo con anterioridade e, polo tanto, quen resultou afectado unha vez máis por unha das súas accións. Así pois, no TA, o foco de atención reside no complemento indirecto en vez de no suxeito da oración.

Outro tipo de modificacións a nivel sintáctico que se observaron están relacionadas coa substitución do artigo definido (masculino ou feminino) polo seu correspondente posesivo:

Texto orixinal

Páx. 28: A aldea é unha mestura de lama e fume, onde os cans ouvean e a xente morre cando está de Deus, como di **a madriña.**

Páx. 36: Dende o padriño ata meu irmán Miguel que inda na véspera de irse para América turroume dos pelos porque lle andiven **na caixa das ferramentas.**

Texto autotraducido

Páx. 8: La aldea es una mezcla de barro y humo, donde aúllan los perros y la gente muere «cuando está de Dios», como dice **mi abuela.**

Páx. 13: Desde el abuelo hasta mi hermano Miguel, que aun en la víspera de irse para América me tiró de los pelos porque estuve registrando **su caja de herramientas.**

6.3. Cambios de carácter léxico-semántico

A maioría de modificacións que se observaron na obra autotraducida están relacionadas directamente coa semántica e co léxico. É necesario aclarar que ambos os niveis se entrecruzan, polo que se considerou comentalos nun mesmo apartado.

En primeiro lugar, detectáronse algúns cambios léxicos en verbos que modifican o sentido da oración:

Texto orixinal	Texto autotraducido
<i>Páx. 60:</i> —¿E a túa nai non se arrepción? — dixenlle un día. —¡Como se vai arrepoñer! ¿Ti queres que a balde? Ela trema coma unha vara verde cando o ve chegar. <i>Páx. 41:</i> Xa non me lembraba do foguete que viña perseguindo. Renxeu un aramio e de seguida apareceu o can; un can <u>vermello e fero.</u>	<i>Páx. 34:</i> —¿Y tu madre no protesta? —le dije un día. —¿Cómo va a protestar? ¿Tú quieres que la mate? Ella tiembla como un junco cuando lo ve llegar. <i>Páx. 18:</i> Ya no me acordaba del cohete que iba persiguiendo. Se movió un alambre y enseguida apareció el perro; un perro <u>blanco y negro y feroz.</u>

No primeiro exemplo, os significados de «baldar» e «matar» non son os mesmos. Segundo o *Diccionario da Real Academia Galega (DRAG)*, «baldar» significa ‘deixar [a alguén] incapaz de mover algún dos seus membros’, en tanto que «matar» fai referencia a ‘quitarlle a vida a [unha persoa ou un animal]’. Así mesmo, obsérvase que o sentido de ambos os verbos difiren en gran medida, debido a que as consecuencias que pode ter que a nai do personaxe se arrepoña son moito máis graves no TA que no TO.

No segundo exemplo, o verbo «renxer» é substituído polo verbo «moverse», caso en que tamén existen diferenzas en canto aos significados expresados. De acordo co *DRAG*, «renxer» significa ‘producir certo ruído característico ao rozaren’, mentres que, tal e como indica o *Diccionario da Real Academia Española (DRAE)*, «moverse» implica ‘menear o agitar una cosa o parte de algún cuerpo’. O cambio é evidente, xa que no TO, o arame emite un son que fai que o can acuda a ver que sucede. Non obstante, no TA, o arame móvese, sendo ese movemento o causante de que o can aparecese. Omítese, pois, o factor decisivo que tivo o son do aramio. Nos fragmentos subliñados, obsérvase un caso de reescritura que afecta a nivel léxico-semántico, motivo polo que se considera pertinente comentalo neste apartado. Neste caso, Neira Vilas decide cambiar a cor do can na autotradución. Un dos motivos deste cambio tan subxectivo puido ser as connotacións das cores, xa que o negro pode transmitir certa intimidación e desacougo. Así, ese efecto refórzase máis co adxectivo posterior «feroz».

Por outra parte, resulta usual encontrar casos nos que os matices de significados que achega unha perífrase no TO son diluídos nos do verbo auxiliado en forma persoal. Algunhas mostras son:

Texto orixinal

Páx 130: Acordouse que Xaquín **tiña que darme** no comezo un traxe a escoller e vinte pesos ó rematar o ano.

Páx 74: Pero aínda me **houbese chistado** máis escoitar un parrafeo entre vacas, porcos e galiñas...

Texto autotraducido

Páx 94: Se acordó que Joaquín **me daría** un traje a elegir, enseguida, y veinte duros al finalizar el año.

Páx 43: Pero aún **me resultaría más interesante** escuchar una conversación entre bueyes, cerdos y gallinas...

No primeiro exemplo, a perífrase modal de obriga «tiña que darme» foi substituída polo verbo auxiliado en condicional de indicativo «me daría». Mentres que no TO a perífrase indica obriga, no TA exprésase unha acción futura considerada dende o pasado e que pode expresar matices de probabilidade ou de posibilidade, sen que exista forzosamente ese matiz de obriga.

No segundo, a perífrase verbal modal de irrealidade temporal substitúese por un pospretérito de indicativo. Esta modificación provoca un cambio a nivel léxico-semántico: en tanto que a perífrase indicada no TO expresa a idea de acción rematada que tivo lugar nun tempo pretérito, o pospretérito indica unha acción futura considerada dende o pasado e que pode indicar matices de probabilidade ou de posibilidade.

Nestoutro caso que segue, a modificación prodúcese de novo no verbo da oración. Concretamente, un verbo conxugado en forma persoal no TO substitúese pola construción do verbo «ser» en forma persoal máis o adxectivo «muerto»:

Texto orixinal

Páx 77: Como sueño tantas cousas, pareceume por un instante que estaba a soñar; que non era certo. Pero non soñaba. Pachín **morrera**.

Texto autotraducido

Páx 47: Como sueño tantas cosas, me pareció por un instante que estaba soñando, que no era cierto lo que veía. Pero no soñaba. Pachín **estaba muerto**.

Así e todo, esta modificación expresa a mesma información nas dúas obras dende o punto de vista semántico, mais o feito de engadir este adxectivo semella facer máis fincapé no «estado» no que se encontraba Pachín. Considérase así que esta información se transmite dunha maneira máis directa no TA, mostrando dese xeito o desacougo e fonda tristeza que sentía o protagonista nese momento.

Por outra parte, encontráanse varios casos de substantivos que se substitúen por outros que corresponden a realidades totalmente distintas. Para comezar, destaca o grupo dos que remiten a plantas e que foron substituídos no TA por outros que remiten a un diferente concepto. Sirvan de exemplo estes dous casos:

Texto orixinal

Páx 83: Xa voltaba para a casa, polo carreiro, cando me bateron os ollos nunha cousa que relucía ó pé dunha matogueira de **abrótegas**.

Páx 86: Os meus sentidos estaban no resío. Cada toxo, cada **codeso** ou xesta parecíase á matogueira onde pousara o tesouro.

Texto autotraducido

Páx 51: Ya volvía para casa, por el sendero, cuando dieron mis ojos en una cosa que brillaba junto a una mata de **brezo**.

Páx 54: Mis sentidos estaban en la orilla del río. Cada tojo, cada **brezo** o retama se me parecía a la mata bajo la cual había escondido mi tesoro.

No primeiro exemplo, obsérvase que o fragmento «matogueira de abrótegas» foi substituído por «mata de brezo». Mais, se se analiza o significado de «abrótegas» e «brezo», observamos que, tal e como indica o *DRAG*, «abrótega» remite á ‘planta silvestre da familia das liliáceas, de follas basais, estreitas e longas, talo ergueito e liso rematado nun conxunto de flores abrancazadas en forma de acio e froito en cápsula’, con nome científico *Asphodelus albus*. Por outra banda, de acordo co *DRAE*, «brezo» fai referencia ao ‘arbusto de la familia de las ericáceas, de uno a dos metros de altura, muy ramoso, con hojas verticales, lineales y lampiñas, flores pequeñas en grupos axilares, de color blanco verdoso o rojizas, madera dura y raíces gruesas, que sirven para hacer carbón de fragua y pipas de fumador’, ademais de ter por nome científico *Calluna vulgaris*. No segundo exemplo, obsérvase que a palabra «brezo» volve empregarse no TA pero, neste caso, para substituír a outra palabra distinta de «abrótega»: o substantivo «codeso», cuxo nome científico é *Adenocarpus complicatus* e remite a un ‘arbusto da familia das papilionáceas, con ramas estriadas, follas trifoliadas, flores amarelas e froito en legume’ (*DRAG*). Debido a que, unha vez máis, estas dúas palabras remiten a realidades distintas, parece incongruente que na autotradución se utilice este substantivo para designar dous conceptos distintos.

Pola súa vez, atópanse tamén substantivos que remiten a referentes culturais relacionados coa vida rural. Sirvan de exemplo os seguintes:

Texto orixinal

Páx 43: Uns cavilan no **hórreo** baldeiro, na contribución, na peste das patacas; outros, tecen no pensamento as peores aduanadas [...]

Texto autotraducido

Páx 20: Unos piensan en el **granero** vacío, en los impuestos, en la peste de las patatas; otros tejen en el pensamiento las peores ruindades [...]

Páx 70: Seguiron fiando o peteiro. Cadaquén coas súas razóns. Eu marchei para a **eira**. Aquela conversa non me chistaba.

Páx 48: Foi por **molime** ó coto de Guillal e cando baixaba antepuxo o gando para manter a carga coa forcada.

Páx 84: Primeiro ocorríuseme levala para casa e gardala no palleiro ou na **barrela**, entre os billardos.

Páx 42: Siguieron afilando el pico. Cada cual con sus razones. Yo salí para el **patio**. Aquella conversación me aburría.

Páx 24: Fue por **leña** al monte de Guillal, y cuando bajaba antepuso los bueyes para sostener la carga con la horquilla.

Páx 52: Primero se me ocurrió llevarla para casa y guardarla en el pajar o en el **desván**, entre la leña.

No primeiro caso, obsérvase a palabra «hórreo», un referente cultural galego que designa unha 'construción rural, de forma xeralmente rectangular, feita sobre columnas e con moitas aberturas nas paredes para facilitar a ventilación, que se utiliza fundamentalmente para gardar o millo e outros produtos agrícolas' (*DRAG*). Non obstante, no TA substitúese por «granero», que significa 'sitio en donde se almacena el grano' (*DRAE*). Así, esta última definición non abarca completamente o concepto ao que remite «hórreo», senón que ten un significado moito máis simple e restrinxido. Polo tanto, non se mantén o referente cultural galego do TO.

No seguinte exemplo, o referente cultural «eira» non equivale a «patio» desde o punto de vista léxico-semántico. Este feito compróbase ao cotexar as dúas definicións:

Eira: 'sitio chan próximo á casa, feito de terra firme ou de pedra, onde se mallan os cereais, se botan a secar os legumes etc'. (*DRAG*)

Patio: 'espacio cerrado con paredes o galerías, que en las casas y otros edificios se suele dejar al descubierto'. (*DRAE*)

O mesmo caso se presenta no terceiro exemplo co substantivo «molime», que se define como 'conxunto de vexetais cortados, como toxo, fento etc., que se bota no lugar onde están os animais para mantelos secos e para que fagan esterco' (*DRAG*). No entanto, no TA figura «leña», un substantivo que non designa a realidade anteriormente descrita, senón que se define como 'parte de los árboles y matas que, cortada y hecha trozos, se emplea como combustible' (*RAE*).

Finalmente, a palabra «barrela» foi substituída no TA por «desván». Por unha parte, o referente cultural «barrela» desgina o 'piso feito a unha determinada altura para gardar a comida dos animais, as patacas etc', tal e como afirma o *DRAG*. Non obstante, a palabra «desván» é un termo que remite á 'parte más alta de la casa, situada inmediatamente debajo del tejado y carente de falso techo, que se destina

especialmente a guardar objetos en desuso', polo que, como se pode apreciar, esta outra realidade non se corresponde coa primeira.

Pola súa parte, os exemplos que seguen son casos de cambios que provocan inexactitudes léxico-semánticas:

Texto orixinal	Texto autotraducido
Páx. 29: Vexo o mundo darredor de min e adoezo por entendela. Vexo luces e sombras, nubeiros que viaxan, lume, árbores.	Páx. 29: Veo el mundo en torno a mí y me desvivo por entenderlo. Veo luces y sombras, nubes que viajan, humo, árboles.
Páx. 35: Púxenme a facer moreas de terra. Sempre me gustou xogar coa terra. Estaba morna a da tona; a de máis abaixo gardaba algunha lentura.	Páx. 13: Me puse a hacer montoncitos de tierra. Siempre me gustó jugar con la tierra. La de la corteza estaba caliente , y fresca la de abajo.

No primeiro caso, a palabra «nubeiros» non remite á mesma realidade que «nubes». De acordo co *DRAG*, «nubeiro» remite á 'nube baixa e escura', en tanto que «nube» fai referencia ao termo amplamente coñecido: 'agregado visible de minúsculas gotitas de agua, de cristales de hielo o de ambos, suspendido en la atmósfera y producido por la condensación de vapor de agua'. Polo tanto, obsérvase que na palabra «nube» non existe ese matiz de que sexa baixa e escura, polo que se converte nun termo máis xeral. O seguinte caso trata sobre a gradación no significado do adxectivo «morna» ao traducilo por «caliente». O termo «morno, morna», segundo o *DRAG*, significa 'lixeramente quente', polo que traducilo por «caliente» é inexacto. Así pois, a modo de proposta, un adxectivo que se axustaría máis no TA á definición de «morna» sería «templada», xa que, segundo o *DRAE*, significa 'que no está frío ni caliente, sino en un término medio'.

Finalmente, referirémonos ao tratamento dispensado á onomástica. Con respecto aos antropónimos, observáronse distintos procederes. Algúns mantivéronse igual ca no orixinal, como Balbino, Manolito, Landeiro, Mosteiro, Miguel, Celia, Andrés, Braulio e Pachín. Pola contra, outros si se traducen: «O xudío» por «el Hereje» e «Xaquín» por «Joaquín». Os nomes de santos ou de virxes tradúcense polo equivalente acuñado correspondente, como é o caso de «Virxe do Carme», por «Virgen del Carmen», en tanto o caso de «San Antonio» mantense igual.

Con respecto aos topónimos, diferéncianse varios casos. Algúns topónimos non se traducen, como Castro e Quintela, pero outros si, como «Zanca Vella» (ou «Zanca»), traducido como «Monte Viejo» (ou «Monte»). Pola súa vez, algúns outros sufriron modificacións, como «Santiago», substituído por «ciudad», e «Cuba», por «América».

No primeiro obsérvase unha especificación, xa que no primeiro caso na obra autotraducida concrétese que o complemento circunstancial de lugar é a «cidade», sen ofrecer máis detalles. No segundo, substitúese o país «Cuba» polo continente onde se atopa, «América», polo que se considera unha xeneralización.

7. As técnicas de tradución empregadas

Tomando como base a taxonomía de Molina (2006), analizaranse algunhas das técnicas de tradución empregadas polo autotradutor referentes a reducións, omisións, modificacións, xeneralizacións, transposicións, ampliacións, compresións, modulacións etc.

Certamente, no proceso de cotexo, observouse que se realizaron diversas *reducións* de distinta envergadura debido ao tamaño da oración ou parágrafo omitido. Algúns exemplos son:

Texto orixinal	Texto autotraducido
<i>Páx. 52:</i> Os instrumentos eran de moito barullo: bombos, tamboriles, tompetas, fiscornios e outros.	<i>Páx. 27:</i> Los instrumentos eran de mucho barullo: bombos, tamboriles, trompetas y otros.
<i>Páx. 131:</i> Larpei queixo e pantrigo e embute .	<i>Páx. 96:</i> Me llené de queso y pan de trigo.
<i>Páx. 76:</i> Miña tía Carme vai á fonte coa sella todas as mañás.	<i>Páx. 45:</i> Mi tía Carmen va a la fuente todas las mañanas.

Estas reducións dentro das enumeracións non modifican substancialmente o argumento da obra. Son omisións mínimas que apenas provocan a perda de certos matices, mais sen comportar grandes cambios. O mesmo ocorre no último caso dos anteriores, no que se suprime o complemento circunstancial de instrumento, matiz que se perde na TA.

Noutros casos, as reducións afectan a referencias culturais, coma as que seguen:

Texto orixinal	Texto autotraducido
<i>Páx. 33:</i> —¡Que será do neno! —¿Cairía no río? — Ai Sanantoniño nos valla!	<i>Páx. 11:</i> —¿Qué será del niño? —¿Caería en el río? — ¡Ay!
<i>Páx. 65:</i> — Deus te acompañe ; ¡non te botes a perder! —dixo miña nai, mentres enxugaba as bágoas.	<i>Páx. 36:</i> —No te echas a perder —dijo mi madre, mientras se enjugaba las lágrimas.

No primeiro caso, detéctase a redución dun referente cultural relacionado cun santo. Ademais, omítese o fragmento posterior á referencia («nos valla»), que expresa certa desesperación pola desaparición de Balbino, ao tempo que serve de rezo a «Sanantoniño». É preciso puntualizar que esta redución provoca un cambio a nivel léxico-semántico, debido a que resta énfase á oración: o sentimento de desesperación e a pregaría ao santo desaparecerían, polo que a interxección «¡Ay!» por si soa non ofrece a mesma carga emocional. No segundo caso, redúcese o referente cultural relixioso «Deus», que de novo provoca un cambio a nivel léxico-semántico, xa que se perde a idea que contén a frase omitida; isto é, a idea de desexar boa fortuna ao personaxe a quen vai dirixida.

Con respecto á *omisión* de referentes culturais, nalgúns casos substituíronse por outros fragmentos, grazas aos que se mantén o mesmo sentido:

Texto orixinal

Páx. 65: Miña nai rezaba día e noite, e ofreceulle unha vela á **Virxe do Carme** para que no afundise o barco onde meu irmán viaxaba.

Páx. 82: Na véspera semellaba aquilo un formigueiro. Agora eu estaba só. Coma se todos houbesen morto, ou non foran máis ca unha visión **da santa compañía**.

Texto autotraducido

Páx. 36: Mi madre rezaba. Llegó a ofrecer una vela de su propio tamaño **a no sé qué santo** para que no se hundiese el barco donde mi hermano viajaba.

Páx. 51: En la víspera semejava aquello un hormiguero. Ahora estaba yo solo. Como si todos hubiesen muerto o no fueran más o no fueran más que una visión **fantasmal**.

No primeiro caso, o referente cultural relixioso que remite a unha virxe é omitido e substitúese no texto traducido por outra oración: «no sé qué santo». O fragmento mantén a mesma función sintáctica que o referente omitido, isto é, como complemento indirecto. No seguinte, o fragmento omitido «da santa compañía» contén nel un referente cultural galego de tipo supersticioso. Así, este sintagma preposicional é substituído polo adxectivo «fantasmal», unha especie de paráfrase coa que expresa a mesma idea desde o punto de vista léxico-semántico.

Algunhas omisións abranguen parágrafos e oracións no TA. Comportan as maiores eliminacións de información con respecto ao orixinal:

Texto orixinal

Páx. 40: Outros santos paseaban na procesión. San Antonio, co seu meniño no colo; San Roque, co seu can pequerrecho; o San Ramón, que disque non naceu, ou chegou ó mundo cando

Texto autotraducido

Parágrafo omitido.

morrera a nai, ou algo así. Miña tía non soubo ou non quixo dicirme a historia polo dereito.

Páx. 53: Disque en Sarandón e mais na Ulla arman cada estangurriada que dá xenio.

Oración omitida.

Páx. 69: Contou que cambian a fala trocándoa por unha requinaeterna que nin eles entenden.

Oración omitida.

Nestas tres omisións que se indican, encóntranse varios referentes culturais que remiten a figuras relixiosas propias da cultura galega, ademais de topónimos galegos ou referencias á propia fala. No primeiro caso, no TO faise referencia a unha procesión na que se mencionan distintos santos de orixe galega. Ademais de os mencionar, Neira Vilas engade algunha explicación acerca deles, nas que se percibe certas implicacións con respecto ao receptor galego. No segundo caso, a oración omitida contén dous topónimos. Nela ofrécese certa información relacionada con determinados costumes que son orixinarios destas zonas de Galicia. Por último, no terceiro caso remítese á forma de falar das persoas que emigran a América e, ademais, criticase o feito de que adoiten cambiar a súa propia fala. Como se pode ver, os parágrafos ou as oracións obxecto de omisión contiñan elementos culturais, polo que existe unha clara tendencia domesticadora que oculta as referencias á cultura galega, é dicir, á cultura orixe.

Durante o proceso de cotexo de ambas as versións tamén se localizaron casos de *xeneralización*, coma os seguintes:

Texto orixinal

Páx. 36: Tamén construí un forno, de croios, e arrinquei **millán** para poñerlle darredor.

Páx. 51: Viñan en **facos** pedreses, garnidos con fitas e arrees de trinke, e cubertos de axóuxeres dende a testa ó rabo.

Páx. 53: E detrás dos **malladores** apareceu un fato de ferreiros [...]

Texto autotraducido

Páx. 13: También construí un horno, de piedras, y arranqué **hierbas** para ponerle alrededor.

Páx. 26: Montaban **caballos** tordos, adornados con cintas y monturas nuevas y cubiertos de cascabeles.

Páx. 27: Detrás de los seis **hombres** apareció un grupo de herreros [...]

No primeiro caso, obsérvase o substantivo «millán», definido no *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, como ‘digitaria sanguinal, planta gramínea, que florece de julio a septiembre y crece entre el millo, para el cual es peligrosa’ (*DdD*: s.v.

millan), que se substitúe polo substantivo «hierbas». Así, este cambio considérase unha xeneralización, xa que se substitúe o hipónimo «millán» polo seu heterónimo «hierbas».

O segundo considérase un caso de xeneralización por mor de que o substantivo «faco» defínese no *DRAG* como ‘cabalo ruín e pequeno’, mentres que o substantivo «cabalo» abrangue a toda a especie do mamífero en cuestión, sen facer ningunha distinción de tamaño e cor, entre outras. Proba disto é a definición ofrecida polo *DRAG*: ‘Mamífero perisodáctilo da familia dos équidos, de orellas pequenas e de longa crina no pescozo e no rabo, que se utiliza fundamentalmente como montura’.

No último caso, utilízase o substantivo «malladores» para definir, tal e como indica o *DRAG*, a ‘persoa que participa nos traballos da malla’. No entanto, no TA, este substantivo substitúese por «hombres», sen así concretar a profesión que estes realizan ou algún dos seus trazos identificativos.

Por outra banda, obsérvanse algúns exemplos de *transposición* nestes casos:

Texto orixinal	Texto autotraducido
Páx. 70: O padriño guindaba berros abrouxantes .	Páx. 42: El abuelo lanzaba gritos que aturdían .
Páx. 83: Todo estaba quedo .	Páx. 52: Todo era quietud .
Páx. 33: Era despois de xantar .	Páx. 11: Era después del almuerzo

No primeiro caso, o autor substituíu o adxectivo «abrouxantes» por unha oración subordinada adxectiva de relativo. No segundo caso, o cambio localízase no atributo da oración: substitúese o adxectivo «quedo» polo substantivo «quietud» no TA. No último, o infinitivo «xantar» substituíu o substantivo «almuerzo».

Xa como casos de *compresión lingüística* poden analizarse estes casos:

Texto orixinal	Texto autotraducido
Páx. 33: Un rapaz moi limpiño que come pantrigo, bebe leite con café e non se ten que erguer cedo para levar o gando a pacer.	Páx. 11: Un rapaz muy aseado, que come pan de trigo, toma leche con café y no tiene que madrugar para ir con el ganado al monte.
Páx. 35: Púxenme a facer moreas de terra. Sempre me gustou xogar coa terra. Estaba morna a da tona; a de máis abaixo gardaba algunha lentura .	Páx. 13: Me puse a hacer montoncitos de tierra. Siempre me gustó jugar con la tierra. La de la corteza estaba caliente, y fresca la de abajo.

Estes exemplos remiten a casos en que o fragmento do TO figura sintetizado no TA; é dicir, estará conformado por un número menor de elementos lingüísticos, mais expresando en todo momento a mesma idea. Así pois, os fragmentos marcados en negriña reflicten o ata agora comentado.

Exemplos da situación inversa, é dicir, de *ampliación lingüística* son:

Texto orixinal	Texto autotraducido
Páx. 82: Os carros de polbo e de viño deixaran fochanca das rodas.	Páx. 51: Las carretas que habían traído el pulpo y el vino dejaron la huella de sus ruedas.
Páx. 88: Meu pai non me deixaba facer os labores da viña, nin arar , pero afixérame a coidar o prado.	Páx. 56: Mi padre no me permitía hacer los labores de la viña ni manejar el arado , pero me había enseñado a cuidar los prados.

Como se pode observar, os fragmentos en negriña pertencentes ao TA están conformados por máis elementos lingüísticos ca os do TO, mais de novo manteñen o mesmo sentido en ambos os casos.

Pola súa vez, son algúns exemplos de *amplificacións* os seguintes casos:

Texto orixinal	Texto autotraducido
Páx. 34: Os pobres de todo que andan polas portas esfarrapados, e ás veces ata rouban patacas ou millo para comer, están mellor.	Páx. 12: Los pobres del todo, los mendigos , que andan de puerta en puerta, cubiertos de harapos, y que a veces hasta roban patatas o maíz para comer, están mejor.
Páx. 81: Pedro chosco rebulíame nos ollos.	Páx. 50: Pedro Chosco, que dicen que es el dios del sueño , me rebullía en los ojos.

Segundo se pode ver, empregáronse amplificacións para explicar algunha palabra ou referente cultural, como é o segundo caso. Esta situación dáse porque se presupón que a audiencia meta, que é diferente da da obra orixinal, posiblemente non coñeza o referente cultural galego «Pedro Chosco».

Pola súa parte, son algúns exemplos de *modulación* os seguintes:

Texto orixinal	Texto autotraducido
Páx. 82: A herba e algunhas matogueiras estaban tripadas.	Páx. 51: La hierba y algunas pequeñas matas estaban aplastadas.
Páx. 83: Eu non sería quen de roubar, pero o que se atopa non é roubo .	Páx. 52: Yo no sería capaz de robar, pero lo que se encuentra no se roba .

Páx. 27: Sede, **sol**, **moxardos**.

Páx. 68: Aquí escoitaban o bombo en calquera soto e deixaban todo para irse de troula, e alí traballaban arreo, sen saber moitas veces **nin cando é domingo**.

Páx. 7: Sed, **calor**, **mosquitos**.

Páx. 41: Aquí escuchaban el bombo en cualquier campo de fiesta y dejaban todo para divertirse, y allá trabajaban seguido, día y noche, sin saber muchas veces **ni cuándo termina la semana**.

No primeiro exemplo obsérvase unha modulación dunha categoría a outra asociada, concretamente do substantivo co sufixo colectivo plural «matogueiras» ao substantivo individual plural correspondente: «matas». Proba disto son as definicións indicadas polo *DRAG*: ‘conxunto espeso de matas ou maleza’. O segundo é un caso de modulación en que se produciu un cambio de estrutura persoal a impersoal. No terceiro, estase ante unha modulación na que o substantivo se substitúe polo efecto que este produce: «sol» por «calor». Ademais, neste mesmo parágrafo, cómpre indicar o cambio léxico-semántico que supón substituír a palabra «moxardos» por «mosquitos»: por unha parte, a primeira palabra defínese no *DRAG* como ‘insecto da familia dos tabánidos do que existen diversas especies de forma parecida á da mosca pero máis grande, que pica os animais e as persoas para chucharlles o sangue’; pola outra, «mosquito» defínese, neste mesmo dicionario, como ‘insecto da familia dos culícidos, do que existen varias especies, de patas longas e delgadas, ás transparentes e trompa recta coa que as femias chuchan o sangue de que se alimentan’. Por todo o comentado, este cambio está conformado por dous substantivos que se substitúen por outros que corresponden a realidades totalmente distintas. Xa no último exemplo, prodúcese un cambio de perspectiva a través dunha formulación distinta da oración. No TO, o suxeito da oración subordinada de relativo é «domingo», mentres que o suxeito da oración no TA é «semana». A pesar da modificación que se indica, o sentido é o mesmo en ambas as dúas versións.

No que respecta ás *adicións* de novo contido da obra autotraducida, velaquí se expoñen algúns dos exemplos máis significativos. De igual forma ca no caso das reducións, obsérvanse adicións de maior ou de menor extensión:

Texto orixinal

Páx. 131: Deprendín axiña. Cando morreu a irmá do perito botei as carreiras e saíronme ben.

Páx. 37: A noite caeu de súpeto sobor do agro. Barullaban os grillos e as ras.

Texto autotraducido

Páx. 94: Aprendí enseguida. Cuando murió la hermana del perito, eché las carreras **en el campanario** y me salieron bien.

Páx. 14: La noche cayó de golpe sobre el campo. Cantaban los grillos y las ranas **emitían su insistente croar**.

No primeiro exemplo, na oración engádese un complemento circunstancial de lugar, polo que no texto autotraducido especificácase o lugar onde Balbino «echa las carreras». Xa no segundo, engádese o sintagma verbal «emitían su insistente croar», especificando así a acción que estas últimas realizaban a diferenza dos grilos.

É preciso sinalar aínda un último caso, no que no TA se engade unha oración que no TO non consta:

Texto orixinal	Texto autotraducido
<i>Non consta.</i>	<i>Páx. 18: Vino hacia mí mostrando los dientes.</i>

Canto a casos de *reescrituras*, resultaron ser moi frecuentes no proceso de autotradución da obra. Estas poden ser un claro exemplo da liberdade que se mencionou anteriormente, pois, segundo xa se observou noutros apartados desta análise, Neira Vilas realizou diversas modificacións que engaden nova información ou diferentes matices que non figuran na obra orixinal. Tanto é así que as reescrituras son un claro exemplo desta condición libre. Algúns casos son:

Texto orixinal	Texto autotraducido
<i>Páx. 76: Un día contou que atopara chorando á muller do ferrador.</i>	<i>Páx. 46: Un día contó que había encontrado llorando a la mujer del veterinario.</i>
<i>Páx. 43: Se o zoqueiro, poño por caso, non pon tino ao que fai, cando ten o fío da macheta ou do xabreiro preto da man, tállase.</i>	<i>Páx. 20: Si un carpintero, pongamos por caso, no presta atención a lo que hace, cuando tiene el filo de la azuela o del cepillo cerca de la mano, se corta.</i>
<i>Páx. 36: Dende o padriño ata meu irmán Miguel, que inda na véspera de irse para América turroume dos pelos porque lle andiven na caixa das ferramentas.</i>	<i>Páx. 13: Desde el abuelo hasta mi hermano Miguel, que aun en la víspera de irse para América me tiró de los pelos porque estuve registrando su caja de herramientas.</i>

Nos dous primeiros casos, Neira Vilas optou por reescribir as profesións dos personaxes que se nomean no fragmento sinalado. Así, nos dous primeiros casos modifícase «ferrador» por «veterinario», dúas profesións totalmente dispares a nivel léxico-semántico. No segundo caso, o feito de modificar as profesións que se sinalan, «zoqueiro» por «carpinteiro», provoca que houbese que modificar os instrumentos empregados por cada profesional segundo corresponda: substitúese «da macheta ou do xabreiro» por «de la azuela o del cepillo». Finalmente, cómpre resaltar unha das modificacións que máis nos chamou a atención no proceso de cotexo das dúas obras:

Neira Vilas parece realizar unha clara reescritura ao cambiar a palabra «padriño» por «abuelo». Esta situación provoca, *a priori*, un cambio a nivel léxico-semántico, debido a que, de acordo co *DRAG*, definiríase *padriño* como ‘aquel que presenta a quen recibe o sacramento da confirmación, do matrimonio, da ordenación e, por excelencia, do bautismo’. Non obstante, cremos que neste exemplo, Neira Vilas traduciu como «abuelo» a forma «padriño» non con aquel significado senón con estoutro recollido tamén no *DRAG*: ‘tratamento que os netos lle dan ao avó, por ser tradición que este fose o patricio de bautizo dos máis vellos’. Considérase, pois, que o uso por extensión de «padriño» como «avó», moi habitual nalgúns zonas de Galicia —ocorre o mesmo co feminino «madríña»—, sería a principal razón pola que utiliza as dúas palabras como sinónimos intercambiabíles nunha e noutra obra.

8. Conclusións

Neste traballo realizouse unha análise lingüística contrastiva da autotradución de Xosé Neira Vilas *Memorias de un niño campesino*. O obxectivo principal foi identificar as modificacións localizadas na obra autotraducida mediante o seu cotexo co orixinal en galego, *Memorias dun neno labrego* (1961). Ademais, sinaláronse e valoráronse as técnicas de tradución e os procedementos empregados.

En primeira instancia, indagouse acerca da disciplina da autotradución e da figura do autotradutor. Púidose constatar que a autotradución é unha práctica habitual desde sempre e queda claro que é unha disciplina na que o autor ten liberdade para introducir modificacións na propia obra.

En segundo lugar, destacouuse o papel do autotradutor neste proceso, que se caracteriza por actuar como lector e revisor da propia obra. Comprobouse que non existe un perfil de autotradutor homoxéneo. Segundo a clasificación elaborada por Dasilva (2002), existen autores bilingües que deciden autotraducirse para ampliar o mercado; outros que son tradutores de terceiros e que se autotraducen simultaneamente; e, por último, os que, non sendo tradutores profesionais, deciden traducirse. A pesar disto, existen outros que rexeitan esta práctica por temor a caer na reescritura, polo que deciden encomendar a tarefa a tradutores profesionais.

Por suposto, pareceu imprescindible indagar sobre a autotradución en Galicia, que definimos como autotradución intraestatal debido á convivencia existente na nosa comunidade de dúas linguas e dúas culturas. Non quedou dúbida de que é un tipo de autotradución que nada ten que ver coa realizada entre dúas linguas de igual

prestixio, xa que as condicións e o panorama co que os autotradutores teñen que lidar en Galicia son moi distintos.

De acordo con diversos criterios e clasificacións que se tomaron como referencia, conclúese que a obra autotraducida *Memorias de un niño campesino* defínese, ademais de como autotradución intraestatal ou entre literaturas en contacto, como unha autotradución vertical, polo distinto prestixio do que gozan as linguas que interveñen; unha autotradución «rendible», por se traducir dende unha lingua minoritaria a outra con maior proxección; unha autotradución retardada, canto ao momento de produción; unha autotradución autorial, con respecto á autoría; e, por último, unha autotradución transparente, debido a que a obra autotraducida menciona o texto orixinal a partir do que foi autotraducido.

Así mesmo, obtivéronse conclusións xerais para a análise contrastiva que se realizou. En primeiro lugar, no apartado de cambios morfolóxicos, observáronse mudas de número na obra autotraducida. Ademais, foi usual encontrar cambios nos verbos que se substituíron por outros do mesmo modo verbal. Contrariamente, detectáronse en menor medida cambios nos verbos que se substituíron por outros dun modo verbal distinto. No apartado de cambios de carácter sintáctico, observouse que abundan as inversións sintácticas e, en numerosas ocasións, a substitución do determinante artigo dun sintagma nominal polo posesivo correspondente en cada caso. Por último, o apartado de cambios de carácter léxico-semántico resultou ser o máis extenso por localizar nel as modificacións máis substanciais. Atopáronse cambios nas formas verbais que modifican o sentido da oración, algunhas perífrases que foron substituídas polo verbo auxiliado polo que están formadas e viceversa (aínda que en menor medida). No que atinxe aos substantivos, foron notorios os cambios que Neira Vilas incorporou nas que designan plantas, así coma nos referentes culturais relacionados co ámbito rural: estes foron substituídos por outros substantivos que non se corresponden co mesmo concepto. Identificáronse tamén cambios nalgúns adxectivos e substantivos que *a priori* semellan sinónimos, mais, despois de analizar o significado exhaustivamente, conclúese que existen certos matices no significado que anulan esta condición.

Por último, analizouse o tratamento dos antropónimos e dos topónimos. Con respecto aos primeiros, conclúese que a maioría deles mantivéronse na súa forma orixinal, tal e como figura na obra en galego. Nalgún que outro caso hai algún que foi traducido polo autor, así como os referentes culturais que remiten aos santos. Canto aos topónimos, estes mantéñense na maioría dos casos, excepto nun, que optou por traducir. Pola contra, figuran dous topónimos cos que Neira Vilas empregou dúas técnicas de tradución: a especificación e a xeneralización respectivamente.

No relativo ás técnicas de tradución, comprobouse que as catro máis empregadas polo autor foron as reducións, as adicións, as reescrituras e as modulacións.

Polo tanto, pódese concluír con que a obra autotraducida estivo exposta a numerosas modificacións, polo que resultaron afectados os niveis morfolóxico, sintáctico e léxico-semántico. Así, por todo o indicado anteriormente, comprobouse que a autotradución *Memorias de un niño campesino* pode ser definida coma unha obra (re)creadora, de acordo coa clasificación de Oustinoff (2001).

Referencias bibliográficas

- Dasilva, Xosé Manuel (2002): «Competencia bilingüe e autotraducción en Galicia: algúns apuntamentos», en *VIII conferencia internacional de linguas minoritarias. Políticas Lingüísticas e Educativas na Europa Comunitaria*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 441-452.
- Dasilva, Xosé Manuel (2009): «Autotraducirse en Galicia: ¿bilingüismo o diglosia?». *Quaderns. Revista de traducció* 16, 143-156. Dispoñible en: <<http://tiny.cc/iqhidx>>. [Consulta do 10/06/2019]
- Dasilva, Xosé Manuel (2011): *La autotraducción transparente y la autotraducción opaca*, en X. M. Dasilva / H. Tanqueiro (dirs.), *Aproximaciones a la autotraducción*. Vigo: Editorial Academia del Hispanismo, 45-67.
- Dasilva, Xosé Manuel (2015): «La opacidad de la autotraducción entre lenguas asimétricas», *Revista Trans* 19, vol. II, 171-182. Dispoñible en: <http://www.trans.uma.es/Trans_19-2/Trans192_A1w.pdf>. [Consulta do 12/06/2019]
- DdD = Santamarina, Antón (coord.): *Diccionario de diccionarios da lingua galega*. Dispoñible en: <<http://sli.uvigo.es/DdD/>>. [Consulta do 09/06/2019]
- DRAE = Real Academia Española (2014): *Diccionario de la lengua española*. Madrid: Espasa Libros. Dispoñible en: <<https://goo.gl/vR9Uen>>. [Consulta do 09/06/2019]
- DRAG = Real Academia Galega (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña. Dispoñible en: <<https://academia.gal/diccionario>>. [Consulta do 11/06/2019]
- Federman, Raymond (1996): *A voice within a voice: Federman Transalting / Translating Federman*. Dispoñible en: <<http://www.federman.com/rfsr2.htm>>. [Consulta do 15/06/2019]
- Galanés Santos, Iolanda (2017a): «Memorias dun neno labrego: a forxa dun longseller», *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20 (Núm. especial), 113-126. Dispoñible en: <<http://tiny.cc/3qsidx>>. [Consulta do 17/06/2019]

- Galanes Santos, Iolanda (2017b): «Memorias dun neno labrego: revisitando la literatura de la emigración», *Transfer* 12, 1-28. Dispoñible en: <<http://tiny.cc/dxsidz>>. [Consulta do 19/06/2019]
- Giacomel, Giada (2015): *La autotraducción entre castellano y gallego: «A Esmorga» y «La parranda» de Eduardo Blanco Amor, obras en comparación*. Tesi di Laurea. Università degli Studi di Padova. Dispoñible en: <http://tesi.cab.unipd.it/49943/1/GIADA_GIACOMEL_2015.pdf>. [Consulta do 17/06/2019]
- Grutman, Rainier (1998): «Auto-translation», en Mona Baker (ed.), *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*. Londres & Nueva York: Routledge, 17-20.
- Grutman, Rainier (2009): «La autotraducción en la galaxia de las lenguas». *Quaderns: revista de traducció* 16, 123-134.
- López López-Gay, Patricia (2008): *La autotraducción literaria: traducibilidad, fidelidad, visibilidad. Análisis de las autotraducciones de Agustín Gómez-Arcos y Jorge Semprún*. Barcelona: Universidad Autónoma de Barcelona. Dispoñible en: <<http://tiny.cc/tgfidz>>. [Consulta do 13/07/2019]
- Miranda, Xosé (2007): «Problemas da literatura galega: editoriais, críticos, libreiros, xornais...», *A Nosa Terra*, 1253: 23.
- Molina Martínez, Lucía (2006): *El otoño del pingüino: análisis descriptivo de la traducción de los culturemas*. Castellón de la Plana: Publicaciones Universitat Jaume I.
- Neira Vilas, Xosé (2007): *Memorias dun neno labrego*. A Coruña: Edicións do Castro.
- Neira Vilas, Xosé (2009): *Memorias de un niño campesino*. España: Kalandraka.
- Oustinoff, Michaël (2001): *Bilinguisme d'écriture et auto-translation. Julien Green, Samuel Beckett, Vladimir Nabokov*. París: L'Harmattan.
- Oustinoff, Michaël (2003): *La traduction*. Paris: PUF, coll. «Que sais-je?».
- Parcerisas, Francesc (2007): «Idéologie et autotraduction entre cultures asymétriques», *Atelier de traduction* 7, 111-119. Dispoñible en: <<http://www.atelierdetraduction.usv.ro/ro/revista/REVISTA%207.pdf>>. [Consulta do 13/07/2019]
- Popovič, Anton (1976): *Dictionary for the Analysis of Literary Translation*. Edmonton: Department of Comparative Literature, The University of Alberta.
- Raigame (2011): «Entrevista con Xosé Neira Vilas», *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións* 35, 10-15.
- Ramis, Josep Miquel (2013): «La autotraducción y el difícil encaje de sistemas literarios en contacto». *Eu-topías. Revista de interculturalidad, comunicación y estudios europeos*, vol. 5. Dispoñible en: <<http://tiny.cc/qzgizd>>. [Consulta do 22/07/2019]
- Recuenco Peñalver, María (2011): «Más allá de la traducción: la autotraducción», *TRANS: revista de traductología* 15, 193-208. Dispoñible en: <<http://tiny.cc/olgidz>>. [Consulta do 18/06/2019]

- Recuenco Peñalver, María (2013): *Traducción y autotraducción: El caso de Vasilis Alexakis*. Málaga: Universidad de Málaga. Disponible en: <<http://tiny.cc/i3gidz>>. [Consulta do 11/06/2019]
- Santoyo, Julio César (2002): «Traducciones de autor: una mirada retrospectiva». *Quimera: Revista de literatura* 210, 27-32.
- Santoyo, Julio César (2005): «Autotraducciones: Una perspectiva histórica», *Meta*, vol. 50, 3, 858-866. Disponible en: <<http://tiny.cc/hzeidz>>. [Consulta do 14/07/2019]
- Tanqueiro, Helena (1999): «Un traductor privilegiado: el autotraductor». *Quaderns: Revista de traducció* 3, 19-27. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona. Disponible en: <<http://tiny.cc/swfidz>>. [Consulta do 12/08/2019]
- Villena, Miguel Ángel (2006): «Autores con dos lenguas, ¿traducir o reescribir?», *El País*, «Babelia» (28/10/2006). Disponible en: <<https://cutt.ly/ir3xHh1>>. [Consulta do 11/08/2019]

O ELEMENTO *AUTO*- COMO XERADOR DE NEOLOXISMOS NO GALEGO ACTUAL

*The element auto- as a generator of neologisms
in contemporary Galician*

Ana Fernández Berrocal

Universidade de Vigo
anafernandezberrocal@gmail.com

Resumo: Este traballo estuda os neoloxismos léxicos do galego actual creados a partir do formante *auto-*. Logo de elaborar un corpus de 73 lemas con este elemento, extraídos de diversos blogs e xornais en liña, realizamos o seu estudo sincrónico e, dende unha perspectiva en diacronía curta, comparamos os datos do noso corpus e os reflectidos da análise dos neoloxismos da prensa galega de finais do século XX e inicios do XXI. Por outra banda, revisamos as contribucións teóricas das principais gramáticas galegas e doutras monografías non galegas a respecto dos límites entre os prefixos e os formantes cultos, así como do encaixe de *auto-* nunha das dúas categorías.

Palabras chave: neoloxismo, morfoloxía, prefixo, formante culto, *auto*, lingua galega.

Abstract: The aim of this project has been the study of a group of lexical neologisms from contemporary Galician created from the combining form *auto-*. After establishing a corpus of 73 lemmata with *auto-*, extracted from various blogs and online newspapers, first, a synchronic study and, then a micro-diachrony analysis was conducted. We have compared our data to the data obtained in the analysis of neologisms in the Galician press at the end of the 20th and early 21st century. In addition, we have reflected on the theoretical foundations of the main Galician and foreign grammars regarding the boundaries between prefixes and combining forms in order to categorise *auto-* as one of them.

Keywords: neologism, morphology, prefix, combining form, *auto*, Galician language.

1. Introducción¹

O obxectivo principal deste traballo é o estudo do formante *auto-* como xerador de neoloxismos léxicos do galego actual en xornais e blogs en liña. Este obxectivo primario pódese subdividir noutros máis concretos: comprender o status teórico deste formante, describir os neoloxismos formados con *auto-* e comprobar se o seu comportamento sufriu algunha muda nas últimas décadas.

Neste estudo realizamos, en primeiro lugar, unha aproximación teórica ao concepto de «neoloxismo», facendo referencia aos criterios de identificación e de clasificación que se veñen usando. A continuación, intentamos determinar os límites entre formantes cultos e prefixos, a través da consulta de gramáticas galegas e doutras obras específicas de morfoloxía, na busca da mellor caracterización do formante *auto-*. Posteriormente, elaboramos un corpus de neoloxismos con *auto-* (baseado no Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo), que acabou conformado por 73 lemas —de 131 ocorrencias totais—, extraídos dos principais xornais e blogs galegos en liña. A partir del, analizamos os termos consonte a súa categoría gramatical, a súa datación nos principais corpus galegos e os campos léxicos esenciais en que aparecen, e así mesmo ofrecemos información sobre a posición e a combinabilidade de *auto-* nas palabras de nova creación. Por último, tamén realizamos un estudo en diacronía curta comparando os nosos datos cos reflectidos na análise dos neoloxismos da prensa galega de finais do século XX e inicios do XXI, por se apreciábamos algún cambio no comportamento de *auto-*.

2. Metodoloxía

Neste apartado reflexionamos sobre a metodoloxía usada e os principais recursos empregados na elaboración do noso traballo. En primeiro lugar, na delimitación do concepto de *neoloxismo*, botamos man dos criterios aplicados polo Observatori de Neologia do Institut Universitari de Lingüística Aplicada (cfr. Cabré 1993 e Observatori de Neologia 2004) e mais da súa aplicación ao galego por parte do Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo (cfr. Gómez Clemente / Rodríguez Guerra 2003a).

¹ Os meus agradecementos a Alexandre Rodríguez Guerra, pola paciencia e por dedicarme o tempo que non tiña; a Alejandro Solla, por ser un apoio constante e, sobre todo, un bo amigo; e a Charo Bazo, pola colaboración e por inculcarme o amor cara ao grego.

O noso corpus de análise, conformado por neoloxismos actuais en galego con *auto-*, procede do labor desenvolvido no Observatorio de Neoloxía², equipo de investigación pertencente ao grupo Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega da Universidade de Vigo. A través do Observatorio, mediante un extractor automático, obtéñense con regularidade palabras novas na lingua procedentes de xornais galegos en liña, como *Praza Pública*, *Sermos Galiza*, *Galicia Confidencial*, *Galicia Ciencia* etc., así como de diferentes blogs en galego. Esta escolma baséase no criterio de exclusión lexicográfica, polo que o programa informático non recolle ningunha das máis de 400.000 variantes combinatorias obtidas do *Gran Dicionario Xerais da Lingua (GDXL)* e o *Dicionario da Real Academia Galega (DRAG)*. Neste punto é necesario destacar que as formas neolóxicas extraídas son actuais, pois foron recollidas en textos da segunda década do século XXI: a finais de xaneiro de 2019, data en que seleccionei as palabras con *auto-* que conformarían o meu corpus, o número de neoloxismos obtidos ascendía a 2361. A partir desta escolla, para esta investigación consultamos, alén dos xa indicados, outros dicionarios de referencia da lingua galega, como o *DIGALEGO* (en liña), o *CUMIO* ou o *IR INDO*.

Unha vez recompilados os exemplos de neoloxismos co formante *auto-*, valémonos dunha base de datos de elaboración propia, creada en *Access* de Microsoft Office. Esta base de datos está constituída por 35 campos que achegan información sobre os exemplos concretos e os contextos en que se insiren: damos conta da categoría gramatical das palabras, da natureza do segundo elemento do neoloxismo, da rendibilidade das formas, do campo semántico en que aparecen, da posible marcación tipográfica nos textos en que se rexistraron, xunto con outros datos de interese.

Ademais, aproveitamos os corpus textuais dispoñibles na lingua galega para coñecer as diferentes datacións e a continuidade ou non de uso dos neoloxismos obtidos: por medio do portal *RILG (Recursos Integrados da Lingua Galega)* da Universidade de Vigo, accedemos ao *TILG (Tesouro Informatizado da Lingua Galega)* desenvolvido no Instituto da Lingua Galega; así mesmo, botamos man tamén do *CORGA (Corpus de Referencia do Galego Actual)*, promovido polo Centro Ramón Piñeiro.

² Colaborei con este proxecto dende abril de 2018 a través, primeiro, dunha bolsa de formación da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo (abril-outubro 2018) e, deseguido, grazas á bolsa de colaboración do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte de España, no Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo (novembro 2018-xuño 2019).

A maiores, ofrecemos información dende unha perspectiva diacrónica (diacronía curta) a través de estudos comparativos de dous corpus neolóxicos similares metodoloxicamente. Para os datos máis afastados, servímonos dos ofrecidos en Gómez Clemente / Rodríguez Guerra (2003) do propio Observatorio de Neoloxía. Para os datos máis actuais, valémonos tamén dos resultados provisionais amosados dende unha perspectiva xeral (non concreta sobre *auto-*) no relatorio de Fernández Berrocal / Rodríguez Guerra e (2019) na *III Xornada de Neoloxía*. Deste xeito, dispoñemos de información sobre os neoloxismos con *auto-* de dúas etapas diferentes: por unha banda, do período de finais do século XX e dos dous primeiros anos do século XXI; e, por outra, dos nosos propios datos, que se basean nos neoloxismos de finais da segunda década do século XXI.

En relación co tipo de procedemento de formación de neoloxismos que mellor describe os usos detectados de *auto-*, revisamos as principais obras gramaticais galegas e non galegas con respecto á distinción entre formación culta e prefixación (Álvarez / Xove 2002, Freixeiro Mato 2006, López Viñas *et al.* 2010, Fábregas 2013, Aguirre 2013). Así mesmo, reflexionamos sobre o encaixe de *auto-* nos diferentes criterios para clasificalo como base erudita ou como prefixo.

3. Neoloxismos: criterios de identificación e clasificación

Como xa se mencionou, o corpus con que traballamos está formado por unha serie de neoloxismos do galego actual creados a partir da forma *auto-*; así que, en primeiro lugar, cumpriría responder a pregunta de que é un *neoloxismo*.

A pesar de existiren definicións de neoloxismo tan clásicas como a coñecida de Rey (1976: 4): «une unité nouvelle, de nature lexicale, dans un code linguistique défini», o certo é que nos traballos máis recentes se subliñan as dificultades para fornecer unha definición precisa do concepto de neoloxismo. Así, Cabré (2015: 127) afirma que «els neologismes són unitats difícils de definir» e engade que «la raó d'aquesta dificultat rau en la seva pròpia naturalesa: es tracta d'unitats polièdriques, d'una banda, i d'unitats relatives, de l'altra». A poliedricidade débese a que como obxecto de coñecemento un neoloxismo é «multidisciplinari i multidimensional», e a relatividade dos neoloxismos explícase porque «la seva condició de “novetat” no és absoluta, sinó que cal remetre-la sempre a un punt de referència temporal, social, geogràfic, funcional o temàtic» (2015: 127).

Alén doutros criterios que se poden atopar nas definicións de neoloxismo (cfr. Rodríguez Guerra 2016: 529-530), Cabré e Estopà Bagot (2009: 20) subliñan que para

definir un neoloxismo ou para saber cando unha unidade é un neoloxismo cómpre «establecer también para quién una lexía es nueva y con relación a qué corpus» e, para iso, «el criterio base [...] para establecer la neologicidad de una palabra es lexicográfico».

Seguindo a definición proporcionada dende a óptica galega por Gómez Clemente *et al.* (2003: 87), un neoloxismo lexicográfico é «calquera unidade léxica, principalmente de nova creación, que non aparece recollida nos dicionarios e que se rexistra nunha determinada lingua, tanto por creación autóctona coma por préstamo ou calco».

Estas novas etiquetas léxicas son necesarias no momento en que aparecen na sociedade novas realidades, novos conceptos, novos obxectos ou novas accións, tendo en conta, sobre todo, a rápida evolución que estamos a vivir no campo das ciencias e das tecnoloxías: se nace un novo significado, será necesario empregar un novo significante (ou realizar unha ampliación / modificación semántica dalgún xa existente). Alén disto, non podemos esquecer que algúns neoloxismos se crean sen unha necesidade concreta, como os neoloxismos expresivos ou os de autor, os cales poden ter pouco percorrido na lingua e cuxa única utilidade é a de chamar a atención.

Na súa obra fundamental sobre a terminoloxía, Cabré (1993: 445) expón en detalle os diferentes criterios ou parámetros que se poden aplicar á hora de identificar estas formas neolóxicas³:

- (a) A palabra *neoloxía* creouse a partir do formante *neo-* ‘novo’, polo que non resulta estraño que un dos criterios máis recorrentes neste ámbito sexa o de natureza diacrónica; isto é, unha palabra será considerada neoloxismo se aparece nun período recente. Para coñecer a primeira datación dos nosos exemplos, valémonos dos corpus informatizados que mencionamos no capítulo precedente.
- (b) En segundo lugar e como xa se adiantou, considérase de grande importancia o criterio lexicográfico; é dicir, unha palabra pode ser catalogada como neoloxismo se non aparece recollida nos dicionarios. Como se pode deducir, este criterio é totalmente obxectivo na súa aplicación, por iso é o que máis se emprega. Para o noso traballo, utilizamos os dicionarios mencionados na metodoloxía (véxase o apartado 2). Non obstante, existen algúns problemas derivados da súa aplicación (cfr. Gómez Clemente *et al.* 2003): é evidente que non todo o que non se recolle nos dicionarios pode ser considerado neoloxismo, como por exemplo, un simple erro mecanográfico ou palabras con diminutivos sen un valor neolóxico.

³ Unha detida reflexión crítica sobre todos eles pódese ver en Estornell Pons (2009: 23-88).

- (c) Outro criterio empregado na identificación neolóxica é a inestabilidade sistemática: unha unidade neolóxica ten máis posibilidades de presentar signos de inestabilidade formal (morfolóxicos, gráficos, fonéticos) ou inestabilidade semántica.
- (d) O último parámetro que serve para delimitar o carácter neolóxico dunha forma é o criterio psicolóxico: unha voz tratarase como neolóxica se é percibida polas persoas falantes como unha palabra nova. Este criterio é subxectivo, xa que depende sempre da percepción individual de cada unha das persoas usuarias dunha lingua (cfr. Araya 2003: 76).

Unha vez que podemos caracterizar unha unidade como neolóxica, aplicamos os criterios de clasificación. Os criterios que seguimos son os propostos polo Observatori de Neologia para o catalán e o castelán, con algunhas adaptacións por parte do Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo (cfr. Gómez Clemente *et al.* 2003). Son tres os principais tipos de neoloxismos que podemos atopar:

- **Neoloxismos de forma:** son aqueles construídos mediante un proceso de sufixación, prefixación, parasíntese, composición, composición culta e híbrida, variación dunha forma normativa, conversión sintáctica, abreviación, acronimia, siglación ou segmentación.
- Neoloxismos por empréstito ou préstamo: xa sexan adaptados ou non.
- **Neoloxismos semánticos:** isto é, ampliacións de significado de palabras xa existentes, restrición do significado da forma base ou o cambio de significado.

4. Formantes cultos e prefixos: o caso de *auto-*

Sabemos que, con respecto aos procedementos de formación de palabras, existen diverxencias á hora de distinguir a formación culta da prefixación. Nesta epígrafe reflexionaremos, en primeiro lugar, sobre eses dous grandes procedementos formais dende unha perspectiva máis xeral, para despois centrarnos nas palabras formadas mediante *auto-*, obxecto de estudo da nosa pescuda.

Dende o ámbito dos estudos galegos, López Viñas *et al.* (2010: 211) definen a composición erudita como aquela que «ten como resultado a xunción dunha base romance cunha base latina ou grega que, en moitas ocasións, é sentida polos falantes como un simple prefixo ou sufixo»; por exemplo, a creación de palabras como *biblio-teca*, *herbí-voro* ou *filo-sofía*. Continúan afirmando que «estas bases cultas están na fronteira entre a composición e a prefixación, tanto pola súa produtividade e

dispoñibilidade na formación de vocábulos como pola súa falta de autonomía» e atribúenlles as seguintes características (López Viñas *et al.* 2010: 211-212):

- Cada unha das bases do neocomposto pode derivarse por sufixación; así, en *hidrofobia* podemos engadir sufixos aos dous elementos: *hidratar*, *hídrico*, *fobia*, *fóbico*.
- As bases poden aparecer como primeiro ou segundo elemento do neocomposto (*filosofía*, *necrófilo*), en canto o prefixo só pode constituír o primeiro elemento.
- Dous prefixos non poden combinarse para formar unha unidade léxica.

Na súa gramática, Álvarez e Xove (2002: 678) sinalan que «ó non haber cambio de categoría, os prefixos non alteran nin a morfoloxía nin a sintaxe da base», como ocorre, por exemplo, en palabras como (*pre*)*aviso* ou (*des*)*facér*. Por outra banda, as raíces cultas «tenden a empregarse só como bases de compostos, pero iso non impide que tamén aparezan de maneira independente», como sucede con *fobia* (< *aracnofobia*) ou *terapia* (< *hidroterapia*) e, engaden, «sobre todo con sufixos»: *hidratar*, *hídrico*, *terapéutico*... Esta característica contraponse aos afixos, os cales «nin poden aparecer sós nin formar con outros afixos unha palabra sen a presenza dunha base léxica» (Álvarez / Xove 2002: 750). Outra diferenza que apuntan é con respecto á posición: as bases poden ir tanto antepostas (*fonoloxía*, *morfoloxía*), como pospostas (*anglófono*, *alomorfo*), ao contrario do que sucede cos afixos, que uns só se antepoñen e outros só se pospoñen.

Pola súa parte, Freixeiro Mato (2006: 261) refírese a determinadas «palabras gregas e latinas que na lingua de hoxe funcionan como auténticos prefixos», como *neoprefixos*. Entre eles, o lingüista galego inclúe o formante *auto-*.

Dende unha perspectiva externa á lingua galega, Fábregas (2013: 40) sinala que os temas grecolatinos «denotan conceptos del mundo» e «tienen libertad posicional con respecto a las raíces». Ademais, «no pueden usarse solas», aínda que é certo que «esta propiedad la comparten raíces y afijos, pero solo las raíces pueden funcionar solas cuando se combinan con un afijo».

No seu manual de morfoloxía, Aguirre (2013: 149) concorda en que os formantes léxicos de orixe latina ou grega teñen «características similares a los prefijos», polo feito de que «no puedan aparecer como palabras independientes», pero diferéncianse en que «en muchas ocasiones los encontramos añadidos a la base al final».

Tradicionalmente, non se incluíu o formante *auto-* nas listaxes de prefixos prototípicos, probablemente debido a que non procedía das clásicas preposicións; foi, en cambio, considerado como unha base erudita, a carón doutros formantes como *aero-*, *bio-*, *demo-* ou *gastro-*. Estes problemas de identificación parten da difícil

limitación entre un proceso formal e outro, feito que nos leva a reflexionar sobre a caracterización de *auto-* como prefixo ou como elemento culto.

A orixe de *auto-* sitúase na lingua grega: *αὐτός* era a forma do pronome reflexivo de terceira persoa, co valor de ‘a si mesmo/a’, significado que mantén na actualidade. Xa no grego clásico se empregaba para formar numerosas palabras, entre as que destacan pola súa frecuencia⁴ algunhas como *αὐτο-δίδακτος* (‘que aprende por si mesmo/a’), *αὐτο-πάθεια* (‘experiencia dun mesmo/a’), *αὐτο-ματίζω* (‘obrar por si mesmo/a’), *αὐτό-ματος* (‘que se move por si mesmo/a’) ou *αὐτό-νομος* (‘que obra por si mesmo/a’).

Tras afondar nos estudos das principais gramáticas sobre os procesos de formación, aplicámoslle ao noso formante os criterios que se veñen manexando. En primeiro lugar, o formante *auto-* non denota un concepto do mundo como si sucede con *hidro* (‘auga’), *agro* (‘campo’) ou *xeo* (‘terra’), pois na súa orixe tratábase dunha palabra gramatical, dun pronome, non dunha palabra léxica. Parece que, anteriormente, foi posible a adición de afixos á base grega *auto-*, proceso en que o formante perdía a súa vogal final: *autismo*. Non obstante, na actualidade, este procedemento non se aplica. Para comprobalo, probamos con algúns dos sufixos máis rendibles: **autal*, **auteiro/a*, **autería*, **autiño*, **autizar*, **autazo*. Ademais, segundo as regras gramaticais, non se poden combinar dous prefixos para formar unha nova unidade léxica, regra que parece afectar tamén a *auto-*: **preauto*, **reauto*, **hipoauto*, **desauto* ou **postauto*. Consonte á posición, a partícula *auto-* non dispón de liberdade posicional: no 100 % dos exemplos *auto-* sitúase no inicio da formación. Tampouco é unha palabra independente na nosa lingua: a forma *auto* co significado de ‘un mesmo/a’ non pode aparecer soa na oración.

A aplicación destes criterios achega o formante *auto-* á categoría de prefixo e afástao da de base erudita; xa que logo, parece evidente que *auto-* está a sufrir un proceso de gramaticalización. Por este motivo, algúns gramáticos galegos, como Álvarez / Xove (2002: 732) ou Freixeiro Mato (2006: 261), refírense a este tipo de formantes como *prefixoides*, *pseudoprefixos* ou *neoprefixos*. Esta denominación non é compartida por López Viñas *et al.* (2010) na súa gramática, xa que optan por incluílo na listaxe de bases eruditas en pé de igualdade coas demais.

No seu recente traballo para o catalán, Ginebra *et al.* (2014: 68) analizan *auto-* entre os exemplos de composición culta. Estes autores recoñecen que algúns formantes cultos que ocupan a primeira posición, entre os que se atopa *auto-*, «poden i solen operar tamén con a prefixos, és a dir, morfemes que s’adunten a un mot ja

⁴ Para as palabras formadas en grego clásico con *auto-*, véxase Liddell e Scott (1940).

existent» e exemplifican con «*autolesionar-se*» e «*agroturisme*». Conclúen, en consecuencia, que moitos destes formantes «tenen un dobre ús: com a formants cultes [...] i com a prefixos adjuntables a qualsevol mot». Xustifican a inclusión de *auto-* neste capítulo porque esa é a metodoloxía de traballo do Observatori de Neologia, mais é significativo que lles digan ás lectoras e lectores do libro que non se sorprendan por esta inclusión «quan probablement la seva intuïció li faria esperar veure’ls analitzats en el capítol de la prefixació» (2014: 69).

Guerrero Ramos / Pérez Lagos (2009) para o castelán e Gómez Clemente / Rodríguez Guerra (2003b) para o galego, tamén inclúen *auto-* entre os neoloxismos formados por composición culta (ou híbrida).

Por outra banda, é necesario engadir un segundo significado do formante *auto-*: a partir da palabra *automóbil* ‘vehículo que se despraza por si mesmo’, inclúese na nosa lingua a forma abreviada *auto*, da cal, á súa vez, se crean novas palabras por composición, como é o caso das coñecidas *autocaravana*, *autoescuela*, *autoestrada* ou *autostop* (véxase Ginebra *et al.* 2014: 69). Estes acurtamentos engádense sempre ao inicio da nova palabra e, entre os exemplos máis rendibles do noso corpus, como sinalaron Fernández Berrocal / Rodríguez Guerra (2019), están o truncamento de *videocasete* en *video-* (*videoconsello*, *videorreceita* ou *videopoema*), de *ecolóxico* en *eco-* (*ecoauditoría*, *ecocabichas* ou *ecotaxa*), de *Europa* ou *européo* en *euro-* (*eurogrupo*, *euroatlánticas* ou *eurorrexional*) ou de *fotografía* en *foto-* (*fotoblog*, *fotoxornalista* ou *fotoperiodismo*).

5. Datos extraídos do noso corpus

Como xa apuntamos, hai dúas vías diferentes de formación de palabras co elemento *auto-*: por unha banda, co significado de ‘si mesmo/a’ como primeiro elemento da formación (quer elemento culto, quer prefixo) e, por outra banda, co significado de ‘automóbil’, tamén como primeiro elemento da creación. Para o noso estudo, centrámonos e analizamos con máis detalle as palabras construídas co primeiro tipo de *auto-*, o formante con valor reflexivo, posto que no noso corpus só aparece un neoloxismo a partir de *auto-* co significado de ‘automóbil’⁵: o substantivo *autobomba*.

O noso corpus de *auto-* ‘a si mesmo/a’ está composto por un total de 131 ocorrencias —incluídas as repeticións— e 73 lemas. Na actualidade, este formante é

⁵ Para os neoloxismos en catalán, Ginebra *et al.* afirman que este formante foi «més usual antigament que avui dia» (2014: 69, n. 2).

o máis rendible da lingua galega, afastado do segundo, *micro-*, con 26 palabras creadas (Fernández Berrocal / Rodríguez Guerra 2019).

En Ginebra *et al.* (2014: 71-73) compróbase que *auto-* é tamén o formante máis produtivo en catalán (con 173 neoloxismos xerados, a moita distancia do segundo, *mini-* con 69) e é especialmente rendible na creación de verbos: o 50,9 % dos exemplos con *auto-* son verbos e o 88,9 % de todos os verbos formados por composición culta sono empregando *auto-*.

Para o castelán, peninsular e americano, *auto-* resultou ser o formante máis produtivo entre os neoloxismos da prensa escrita con 386, lonxe do segundo, *micro-* con 203 e do terceiro *mini-* con 173 (cfr. Guerrero Ramos / Pérez Lagos 2009: 70 e 75). Así mesmo, constatan estes autores que *auto-* presenta «un uso similar en los distintos territorios de habla hispana» (2009: 79).

Tampouco podemos esquecer os datos procedentes de dous dicionarios de neoloxismos, un italiano (Adamo / Della Valle 2005) e outro galego (Gómez Clemente *et al.* 2005). No primeiro, *auto-* ocupa a segunda posición co 5,3 % xunto a *euro-*, *mini-* e *neo-*, e por detrás de *micro-* co 7 %; no dicionario galego case o 15 % dos «pseudoprefixos» están formados con *auto-*, que ocupa o primeiro lugar e vai seguido por *bio-* co 10,6 % e *ciber-* co 7,5 % (cfr. Rodríguez Guerra 2015: 398).

As formas do noso estudo proveñen principalmente dos xornais galegos en liña *Sermos Galiza* (41,1 %) e *Praza Pública* (33 %), aínda que tamén *Galicia Confidencial*, *Galicia Ciencia* e os blogs *Biosbardia* ou *A illa da insua* participan na súa creación ou difusión. A diversidade de fontes inflúe na estabilidade formal das palabras con *auto-*, xa que a mesma palabra pode escribirse tanto con guión (*auto-proclamación*) coma sen guión (*autoproclamación*); así mesmo, tamén pode aparecer algún erro ortográfico (**autoretratarse*), propio dun uso da lingua menos formal, como sucede nos blogs. Ademais, algunhas delas (5,5 %) son marcadas tipograficamente, xa sexa destacadas en negra (*autoemprego*), con cursiva (*autoimporse*) ou co uso de comiñas (*autodesculpa*).

A seguir, na Táboa 1, mostramos os 73 lemas obxecto do noso estudo, xunto ao número de ocorrencias que obtivemos de cada un:

Lema	nº	Lema	nº	Lema	nº
autoactividade	1	autoeditado/a	1	autopagamento	1
autoaxuda	3	autodirixido/a	1	autopago	4
autobomba	1	autoeditar	8	autoparodia	1
autocentrado/a	1	autoeloxio	1	autoparodiar(se)	1
autocentrar(se)	1	autoemprego	5	autoplaxio	1
autocobro	10	autoenganar(se)	1	autoposuír(se)	2
autocoidado	1	autoengano	1	autoproclamación	4
autocolante	1	autoexperimento	1	autoproclamado/a	3
autocompracencia	2	autoficcional	1	autoproclamar(se)	6
autocompracente	1	autofinanciar(se)	1	autopromo	1
autoconceder(se)	1	autoguiar(se)	1	autoprotexer(se)	1
autoconciencia	1	autoimpor(se)	2	autopublicidade	1
autoconclusivo/a	4	autoimposto/a	1	autoreferencia	1
autoconfianza	1	autoinculpar(se)	1	autoreferencial	1
autoconsciente	1	autoindulxente	1	autorrealizar(se)	1
autocumprir(se)	1	autointerpretar(se)	1	autorreferencialidade	1
autodefinido/a	1	autointitulado/a	1	autorreflexión	1
autodefinir(se)	5	autoinsector	1	autorrego	1
autodenominar(se)	4	autolimitado/a	1	autorretratar(se)	1
autodesculpa	1	autolimitar(se)	1	autosilenciar(se)	1
autodesenvolvemento	1	autolimpeza (celular)	1	autoxenreira	1
autodestrutivo/a	3	autonomear(se)	1	autoxestionado/a	3
autodeterminista	1	autoorganización	2	autoxestionar(se)	1
autodidactismo	1	autoorganizado/a	1		
autoedición	5	autorganizar(se)	1		

Táboa 1: Listaxe de neoloxismos con *auto-* do noso corpus.

5.1. Categoría gramatical dos neoloxismos atopados

O elemento *auto-* non ten unha función transcategorizadora, xa que a categoría gramatical da base se mantén tras a adición do formante. Neste punto facemos unha división dos neoloxismos en tres grandes grupos (substantivos, verbos e adxectivos) e, posteriormente, caracterizamos cada un deles. Na Táboa 2, mostramos os datos numéricos en relación coas ocorrencias xerais e co número de lemas:

Categoría gramatical dos neoloxismos	Nº de lemas (Nº de ocorrencias)	% dos lemas (% das ocorrencias)
Substantivos	32 (59)	43,8 % (45 %)
Verbos	23 (47)	31,5 % (35,9 %)
Adxectivos	18 (25)	24,7 % (19,1 %)

Táboa 2: Categoría gramatical dos neoloxismos con *auto-*.

5.1.1. Os substantivos

Os substantivos son o grupo máis numeroso de formas neolóxicas creadas con *auto-* con 32 lemas dos 73 obtidos, o que supón un 43,8 % do total. A partir deste dato, quixemos consultar as diferentes entradas con *auto-* no *GDXL* (2009) e comparar a información sobre a categoría gramatical das unidades neolóxicas fronte ás xa codificadas lexicograficamente. Neste dicionario, tamén é maioritaria a formación de substantivos con *auto-* (167 de 236), pero supoñen máis de dous terzos do total, pois a porcentaxe aumenta ata un 70,8 %.

Entre os substantivos que conforman o noso corpus, son 18 as formas femininas atopadas, como *autoactividade*, *autoaxuda*, *autoproclamación* ou *autopublicidade*, e 14 as masculinas, como *autodesenvolvemento*, *autodidactismo*, *autoeloxio* ou *autoemprego*, polo que a proporción é equitativa.

Por outra banda, podemos clasificar as formas neolóxicas con *auto-* consonte á natureza do segundo elemento de formación, clasificación para a que usamos os corpus textuais do galego, o *CORGA* e o *TILG*, fixándonos na primeira datación.

En primeiro lugar, existen 17 neoloxismos que se formaron a partir dunha base simple: *autoactividade*, *autoaxuda*, *autobombas*, *autocobro*, *autoconciencia*, *autoconfianza*, *autodesculpa*, *autoeloxio*, *autoemprego*, *autoengano*, *autoexperimento*, *autoinxección*, *autoparodia*, *autoplaxio*, *autopublicidade*, *autorrego* e *autoxenreira*.

En segundo lugar, outro proceso formal rendible na categoría dos substantivos é a adición de *auto-* a substantivos derivados de verbos. Quixemos consultar os corpus textuais para comprobar cal foi o proceso de evolución destas formas: se primeiro se engadiu o elemento *auto-* á forma nominal previamente derivada (*auto + desenvolvemento*), ou se, pola contra, *auto-* se agregou a unha base verbal (*auto + desenvolver*) e despois, a partir desta, se creou a palabra sufixada (*autodesenvolvemento*). O máis probable é que as nosas formas se creasen a partir dunha base nominal xa derivada: *autodesenvolvemento* (*autodesenvolver* non aparece nos corpus), *autoorganización* (o substantivo aparece en 1977 e o verbo en 1988) e *autorreflexión* (só se recolle o substantivo).

Por outra banda, non é posible saber a orde de evolución nas seguintes palabras por non apareceren no corpus ou por recollerense na mesma data a forma verbal e a substantiva: *autolimpeza*, *autopagamento*, *autopago* e *autocoidado*. Pola súa parte, como excepción, *autoproclamación* documéntase dous anos máis tarde ca a forma verbal *autoproclamar*, polo que parece o único substantivo derivado directamente do verbo co elemento *auto-* (mais a distancia temporal é tan pequena que non permite extraer conclusións definitivas).

En terceiro lugar, dúas son as palabras que se formaron mediante unha base derivada sobre un adxectivo: *autocompracencia* (*compracencia*: ‘actitude da persoa compracente’) e *autodidactismo* (*didactismo*: ‘calidade de didáctico’). Neste grupo poderíamos incluír a palabra *autorreferencialidade*, cuxa base tería como significado ‘calidade de referencial’; non obstante, a palabra *referencialidade* non aparece recollida nos dicionarios consultados, polo que existen dúas posibilidades básicas: que partamos de *autorreferencial* (> *autorreferencialidade*) ou, directamente, que *auto-* se engada ao neoloxismo *referencialidade* (si existente en portugués).

Por último, atopamos un neoloxismo formado a partir dun truncamento: a palabra *promo* é o acurtamento de *promoción*, a partir da cal se crea a forma *autopromo*. Tamén achamos no noso corpus un exemplo de empréstito, *autocolante*, que provén do substantivo portugués coa mesma forma. O *Dicionário Estraviz* defíneo como ‘etiqueta ou papel com um dos lados recoberto de uma substância que permite pegar sem necessidade de humedecer’ (s.v. *autocolante*).

5.1.2. Os verbos

O segundo grupo máis numeroso entre as formas con *auto-* son os verbos, que supoñen o 31,5 % dos neoloxismos totais (23 de 73) do corpus. En contraste con este dato, comprobamos que entre os vocábulos con *auto-* recollidos no *GDXL* os verbos son o grupo menos rendible das tres categorías, xa que só supoñen un 6,8 % do total

(16 entradas de 236). Neste apartado, clasificamos os lemas do noso corpus segundo a conxugación á que pertencen e segundo as estruturas sintácticas que presentan.

En primeiro lugar, a meirande parte dos verbos creados pertencen á primeira conxugación, como era esperable, pois son 17 formas fronte ás 23 totais: verbos como *autolimitarse*, *autodenominarse*, *autoxestionarse*, *autosilenciarse* ou *autoproclamarse*. En contraste, só se crean 3 verbos da segunda conxugación: *autoimporse*, *autoconcederse* e *autoprotexerse*, e 3 da terceira: *autoposuírse*, *autodefinirse* e *autocumprirse*. Tras facer unha comparación coas formas neolóxicas estudadas por Gómez Clemente / Rodríguez Guerra (2003b), sabemos que é habitual que a primeira conxugación sexa a máis produtiva, moi distante das dúas restantes, xa que extraeron 18 formas (de 26) rematadas en *-ar*, e só 5 en *-er* e 3 en *-ir*.

Con respecto ás estruturas sintácticas dos verbos en forma persoal, realizamos a seguinte clasificación:

- Con presenza de pronome reflexivo:
 - SUX-V-CD(SE): 9 verbos (*autodefinirse*, *autoenganarnos*, *autoprotexerse*, *autoposuírse*, *autosilenciarse*, *autorretratarse*, *autoparodiarse*, *autointerpretarse* e *autoinculparse*).
 - SUX-V-CD(SE)-PVO: 3 verbos (*'autodenominarse [algo]'*, *'autonomearse [algo]'*, *'autoproclamarse [algo]'*).
 - SUX-V-CI(SE)-CD: 1 forma verbal (*'autoimporse [algo]'*).
- Sen presenza de pronome reflexivo:
 - SUX-V-CD: 1 verbo (*autoeditar*).

[SUX (PTE) = suxeito (paciente); V = verbo; SE = pr. reflexivos *me, te, se, nos, vos*;
CD = compl. directo; CI = compl. indirecto; PVO = compl. predicativo]

Por outro lado, incluímos nun mesmo grupo as formas verbais que aparecen expresadas en participio. Das nove formas, un terzo presentan complementos explícitos: un complemento axente con *autoxestionados*, un complemento indirecto con *autoconcedidos* e un complemento preposicional con *autolimitada*. As demais formas non presentan ningún complemento: *autocentrado/a*, *autocumprido/a*, *autofinanciado/a*, *autoguiado/a*, *autoorganizado/a*, *autorrealizado/a*.

A continuación, mostramos as tres formas con complementos en cadanseus contextos:

- (1) Isto deu lugar ao nacemento de asociacións de apoio para un parto respectado, asociacións de apoio á lactancia e á crianza, e grupos informais de apoio mutuo

que funcionan, como esa tan necesaria “tribu”, de xeito *autoxestionados* por mulleres que se atopan nunha situación vital similar. [Praza 16/11/2018]

- (2) [...] xa advertiu na comisión de investigación das antigas caixas galegas de documentación pública de "préstamos e créditos *autoconcedidos* a conselleiros, familiares e empresas propiedades dos directivos". [Praza 13/10/2014]
- (3) Desa superficie, a futura sala im-permanente contará con 135 metros cadrados destinados ao espazo escénico totalmente modificable, cunha capacidade *autolimitada* a cincuenta visitantes pola actividade. [Praza 14/07/2017]

Salvo nun caso, parece que a adición do formante *auto*- conduce ao uso do clítico reflexivo *se* ‘a si mesmo/a’, debido a que existe unha correferencia entre o suxeito e o complemento directo: a acción que o suxeito realiza recae á vez sobre si mesmo. A seguir, mostramos dous exemplos de neoloxismos no seu correspondente contexto:

- (4) Os tópicos do cine autóctono séguense a rachar con filmes como “Encallados”, que aposta por unha estética coidada e única que, á vez que se *autoparodia* erguéndose como ‘cine de autor’, permite crear unha atmosfera perfecta para esa mestura de humor irónico, crítica social e metacinema. [Praza 2015]
- (5) Todos eles declararon que participaron na protesta en igual medida que os mariscadores denunciados, que os mariscadores asistiron ás mobilizacións convocados polo Comité Cidadán, xunto con máis dun cento de persoas que non foron procesadas a pesar de ser recoñecibles, moitas delas, nos vídeos e fotos achegadas pola Garda Civil e de *autoinculparse* unha boa parte delas, e que as decisións de mobilización correspondían á asemblea cidadá, adoptándose por maioría dos seus membros. [Praza 27/03/2012]

Tanto o verbo *parodiar* coma o verbo *inculpar* son verbos transitivos, é dicir, rexen un complemento directo: ‘parodiar [algo]’ e ‘inculpar [a alguén]’. Se hai unha correferencia entre os complementos directos e os suxeitos da súa cláusula, úsase o pronome reflexivo: *parodiarse* e *inculparse*, motivo polo cal a adición do elemento *auto*- semellaría redundante.

No caso do verbo *autoeditar* non sucede o mesmo, polo que, a continuación, mostramos no exemplo (6) o contexto en que se insire o neoloxismo:

- (6) O primeiro libro que publica –que *autoedita*, de certo– é un libro de poemas: *Programio*, publicado por primeira vez en 1950, cando o artista contaba 20 anos. [Praza 18/05/2018]

O verbo *autoeditar* inclúese nunha cláusula de relativo coa estrutura de CD-V. Como regra xeral, os pronomes reflexivos na nosa lingua só poden realizar a función de complemento directo, e ese oco funcional xa está cuberto polo pronome relativo

que; polo tanto, semellaría agramatical o uso do reflexivo. Neste caso, a reflexividade vén determinada polo feito de que o axente da acción *editar* é, á súa vez, o creador do libro que edita: '[alguén] edita o seu libro'.

Outro grupo en que dividimos os verbos é aquel composto polas formas verbais cuxa estrutura sintáctica implica a aparición dun complemento predicativo. Estes complementos poden ser frases nominais, preposicionais ou adxectivas:

- (7) A misiva acusa Trump de “acelerar a crise política de Venezuela coa esperanza de dividir os militares venezolanos e polarizar aínda máis a poboación” ao recoñecer como presidente do país o golpista Juan Guaidó, presidente da Asemblea Nacional que se *autoproclamou* líder do Executivo. [*Sermos Galiza* 27/01/2019]
- (8) Esperemos que a Vox populi andaluza nos faga reflexionar. Sobre de todo a todos os que se *autonomean* de esquerdas. [*Sermos Galiza* 04/12/2018]
- (9) En Marea naceu así como unha emenda á totalidade aos pactos cupulares nos que as organizacións partidarias se *autodenominaban* como a “Unidade Popular” cando realmente o “pobo” sempre pintou pouco ou nada neses acordos. [*Galicia Confidencial* 06/06/2018]

Por último, un dos verbos analizados segue a estrutura SUX-V-CI(SE)-CD '[alguén] autoimpon[se] [algo]'. No exemplo (10) mostramos o neoloxismo no seu contexto:

- (10) Acusou Feixoo de “querer ser o alumno máis avantaxado á hora de impoñer políticas que provocan sufrimento á xente e por iso *autoimponse* máis restricións das que lle pon Europa e o Estado”. [*Sermos Galiza* 15/10/2018]

Sabemos que «en galego son incorrectas as chamadas construcións reflexivas indirectas, o que constitúe un dos trazos contrastivos máis salientes con relación ó castelán, onde son tan abundantes» (Cidrás Escáneo 1991: 106). Non obstante, o mesmo autor afirma que nalgúñas estruturas, «se non aparece o clítico reflexivo marcando a identidade referencial do destinatario co suxeito, entenderíase que ese destinatario é outro distinto daquel» e exemplifica con varias cláusulas, entre as que se atopan as seguintes: *Vistos os resultados das súas análises, o médico diagnosticouse unha [h]epatite* e *Propuxéronse unha tarefa moi difícil*, cuxas estruturas se asemellan á do noso exemplo. O verbo *autoimpor* esixe a explicitación dun complemento directo; polo tanto, cando o destinatario da acción se identifica co axente-suxeito, é necesario o uso do reflexivo *se*: *El autoimponse máis restricións*. Sen este *se*, «índice de complemento indirecto», e a pesar da presenza do elemento *auto-*, entenderíase que o destinatario é outro diferente: *Feixoo autoimpón restricións* (a quen?).


Que a adición de *auto-* ao lexema non sexa suficiente para relacionar o destinatario da acción co suxeito lévanos a pensar que o formante, no seu proceso gramaticalizador, pode estar sufrindo unha perda progresiva do seu significado primario.

5.1.3. Os adxectivos

O grupo menos numeroso está constituído por formas adxectivas, con 18 lemas de 73, o que supón un 24,7 % do total. A modo de comparación, entre as entradas de *auto-* incluídas no *GDXL*, os adxectivos sitúanse nun segundo lugar, por debaixo dos substantivos, pero a porcentaxe existente no *GDXL* e nas nosas formas é moi semellante: neste dicionario recóllense 53 formas adxectivas, o que supón un 22,4 % do total.

Na obra lexicográfica só se rexistran 5 adxectivos procedentes de participios; ao contrario do que sucede coas formas neolóxicas: a maioría dos adxectivos (10 de 18) proceden das formas verbais en participio, polo que o sufixo que máis se repite entre os neoloxismos desta categoría é *-ado/a*. En proporción, tamén son rendibles os sufixos *-nte* (*autoconsciente*, *autocompracente* e *autoindulxente*), *-ivo/a* (*autoconclusivo/a* e *autodestrutivo/a*) e *-al* (*autoficcional* e *autorreferencial*). No último lugar, situaríase o sufixo *-ista*, cunha soa forma: *autodeterminista*.

Como podemos observar na Gráfica 1 (que recapitula toda a información sobre a categoría gramatical destes neoloxismos), a distribución das formas neolóxicas (2003 e 2019) por categoría gramatical mantense tras case dúas décadas:



Gráfica 1: Comparación entre a distribución por categoría gramatical das formas neolóxicas en dous momentos distintos e das formas incluídas no *GDXL*.

Os substantivos son as formas máis recorrentes nos tres momentos, pero destaca especialmente a cantidade de formas que se incluíron no *GDXL*. Pola contra, a pesar de ser unha categoría gramatical bastante rendible canto á creación neolóxica —máis ca o grupo dos adxectivos—, apenas se incluíron formas verbais na obra lexicográfica. Cómpre salientar que, se nos fixamos na totalidade de neologismos do noso corpus construídos a partir de formantes cultos, unicamente o 6,9 % deles son verbos. O dato vólvese máis significativo, como xa sucedía en catalán (lémbrense os datos de Ginebra *et al.* 2014: 71-73) ao verificarmos que o 80 % destes neologismos verbais sono con *auto-*. Pola súa parte, tanto as formas neolóxicas como as lexicográficas adxectivas teñen a mesma rendibilidade nos tres puntos de comparación.

5.2. Posición e combinabilidade do elemento *auto-*

Parece obrigatoria a posición da partícula *auto-* como primeiro elemento da formación, posto que un 100 % das nosas formas e un 100 % das formas lexicalizadas se crean deste xeito, sexa cal sexa o segundo compoñente. Con respecto á localización, o comportamento de *auto-* é idéntico ao dos prefixos máis rendibles (Fernández Berrocal / Rodríguez Guerra 2019): *anti-*, *re-*, *post-*, *pre-* e *co-*. Estes formantes sempre se sitúan á esquerda da formación, como sucede nas seguintes formas neolóxicas: *antifeminista*, *antitanques*; *prenegociar*, *pregravado/a*; *repolitizar*, *relocalizar*; *postobrigatorio*, *postespectacular*; *coescribir*, *cocrear*.

Tamén algunhas das bases grecolatinas máis rendibles (Fernández Berrocal / Rodríguez Guerra 2019) se sitúan sempre no inicio, como *micro-*, *macro-*, *nano-*, *bio-* e *xeo-*. Habería que, a partir de investigacións monográficas, reflexionar sobre o tipo de morfemas en que se deberían incluír, por se poden considerarse xa prefixos, sobre todo aquelas que indican unha medida (*micro-*, *macro-* e *nano-*). Algunhas das formas que se crearon con estes elementos son: *micromedios*, *microachegas*; *macrofraude*, *macrorredada*; *nanoescala*, *nanofarmacia*.

Tanto os prefixos mencionados coma as bases grecolatinas indicadas son formas moi rendibles na nosa lingua e os significados das novas palabras poden deducirse con facilidade sen que sexa necesario incluílas nas diferentes obras lexicográficas, ao contrario do que sucede coas palabras creadas con outros formantes como *bio-* ou *xeo-*, cuxo significado non parece tan transparente: *biocapacidade*, *biodanza*, *biorresiduos*; *xeodestino*, *xeoparque*, *xeoposicionar*. Ademais, aínda que sempre se sitúen á esquerda na formación de palabras, continúan a denominar conceptos do mundo: ‘vida’ e ‘terra’, respectivamente.

No apartado anterior xa fixemos referencia á posibilidade de combinación do formante *auto-* segundo a categoría gramatical da forma neolóxica. Neste punto, reflexionaremos dende unha perspectiva negativa a combinabilidade de *auto-* e sinalaremos as súas limitacións, isto é, os tipos de procesos de formación en que o noso elemento non participou:

- *Auto-* + palabra composta: non recolleemos neoloxismos como **autolimpachemineas* ou **autocortaferro*;
- *auto-* + nome propio: non se crearon formas como **autoCastelao* ou **autoShakespeare*;
- *auto-* + sigla ou acrónimo: non rexistramos palabras como **autoONG* ou **autoIVE*;
- *auto-* + empréstito: non temos exemplos de formas neolóxicas como **autohater* ou **autocommerçant*;
- *auto-* + base grecolatina: entre os nosos exemplos, non rexistramos palabras semellantes a *autocracia*, *autófago*, *autófono*, *autótrofo*, formas que si inclúen os dicionarios (véxase *GDXL*). Isto lévanos a pensar que o formante *auto-* non pertence só a unha linguaxe especializada, senón que tamén aparece con frecuencia en contextos máis informais.

Á vista destes resultados, queremos sinalar que, aínda que non se inclúan nin no noso corpus nin nas formas de 2003 (cfr. Gómez Clemente / Rodríguez Guerra 2003a) neoloxismos creados con *auto-* a partir dun nome propio, dunha sigla ou acrónimo ou dun empréstito, non atopamos ningún impedimento para que esta formación fose posible, do mesmo xeito que si descartamos a posición de *auto-* ‘si mesmo/a’ no final da creación.

5.3. Rendibilidade dos nosos neoloxismos

Neste apartado faremos referencia á rendibilidade que teñen as nosas formas neolóxicas, é dicir, cales son as que máis se repiten e en que períodos. Para isto, daremos conta do número de exemplos recollidos do mesmo lema, do número de noticias distintas da prensa galega en que aparecen e das diferentes datas en que se distribúen. En contraste, faremos unha comparación cos datos tirados do *TILG* e *CORGA*.

Consonte os nosos termos, de 73 só 19 teñen máis dunha aparición nas noticias seleccionadas. As máis repetidas son, en primeiro lugar, *autocobro* con 10 repeticións

e en segundo lugar, *autoemprego*, con 8. Pola súa parte, *autoproclamarse* conta con 6 formas e *autodefinir*, *autoedición* e *autoemprego*, con 5. Como podemos observar, a meirande parte de voces repetidas pertence á clase dos substantivos. Por outra banda, todos os exemplos dos neoloxismos mencionados datan do ano 2018, agás o verbo *autoproclamar*, cuxas aparicións se distribúen entre os anos 2017, 2018 e 2019. En relación coa distribución por noticias, 14 formas aparecen en máis dun artigo: *autoeditar*, en 7 textos diferentes, *autoproclamar* en 6, *autodefinirse* en 5 e *autodenominar* en 4; as formas restantes só aparecen en 3 ou 2 artigos.


En contraste con estes datos actuais, quixemos consultar os corpus do *TILG* e o *CORGA*, para comprobar, primeiro, se estaban recollidas neles e, segundo, para coñecer as diferentes datacións das palabras incluídas nas bases, así como a súa distribución diacrónica. Por unha banda, non aparecen en ningún dos corpus 19 neoloxismos. A meirande parte destes neoloxismos son formas substantivas (11), aínda que tamén atopamos verbos (5) e adxectivos (2): *autobomba*, *autocobro*, *autoconceder*, *autodesculpa*, *autoexperimento*, *autoficcional*, *autoguiarse*, *autoindulxente*, *autointerpretarse*, *autointitulado*, *autoinsector*, *autolimpeza*, *autopagamento*, *autopago*, *autoparodiarse*, *autopromo*, *autopublicidade*, *autorrego* e *autosilenciarse*.

Por outra banda, no tocante ás formas incluídas nos corpus, referirémonos ás que teñen máis de 20 resultados entre os exemplos do *TILG* e do *CORGA*: 9 formas. A palabra con máis resultados nos corpus é o substantivo *autoorganización* (51), que pertence ao ámbito da política, campo temático con máis formas neolóxicas (véxase 5.4). Nun segundo lugar, sitúanse *autoxestionado/a* con 38 resultados, *autoemprego* con 35, *autoconciencia* con 34 e *autocentrarse* con 30. Por último, a busca de *autocompracencia*, *autodefinir*, *autoproclamado/a*, *autodenominarse* sinala entre 28 e 23 resultados.

Verbo da antigüidade das nosas palabras, os rexistros máis antigos sitúanse na década dos 70, con 7 neoloxismos, como *autoorganización*, *autoxestionado/a*, *autodenominarse* ou *autoorganizarse*, todas incluídas no campo léxico da política. Pola contra, as máis recentes, rexistradas por primeira vez entre o ano 2006 e 2012, son 8 formas: *autoactividade*, *autoeloxio*, *autoconclusivo/a*, *autorrealizarse* etc. As formas neolóxicas que teñen un maior percorrido na lingua galega son 10, pois algunhas rexístranse ata en 17 anos diferentes nos corpus. Destas voces, a maioría pertence, ao igual ca as máis antigas, ao eido político: *autocentrarse*, *autoxestionado*, *autoproclamado/a* ou *autodefinirse*.

5.4. Campos léxicos

Nesta sección ofrecemos unha clasificación dos neoloxismos con *auto-* mediante diferentes campos léxicos. Para a adscripción das palabras a un campo ou outro, centrámonos no contexto lingüístico concreto de cada forma neolóxica, agás *autopromo*, que non se inclúe na nosa clasificación por non ter un contexto lingüístico específico, xa que constitúe o título dunha sección do xornal *Galicia Confidencial*.



Gráfica 2: Número de neoloxismos por campo léxico.

Como se ve na gráfica, o ámbito semántico máis rendible dos neoloxismos do noso corpus é a política, no cal se inclúen máis dun terzo do total das formas. Entre elas, atópanse algunhas como *autoproclamación*, *autoorganizar*, *autodeterminista*, *autodenominarse*, *autodefinirse* ou *autocentrado*.

Outro dos ámbitos máis comúns é o de arte e cultura, con palabras como *autorreferencia*, *autoparodiar* ou *autoconclusivo/a*. O terceiro grupo semántico en que máis formas se inclúen é o de sociedade, no que se recollen algunhas palabras como *autoexperimento*, *autoxenreira* ou *autoconfianza*.

Por último, os outros ámbitos en que se detectaron neoloxismos con *auto-* son a economía (*autocobro*, *autopagamento*), a ciencia e a tecnoloxía (*autorrego*, *autodirixido/a*) e a sanidade (*autoinsector*, *autolimpeza*).

Se facemos unha comparación cos datos recollidos con respecto aos formantes cultos en xeral e ao seu comportamento (Fernández Berrocal / Rodríguez Guerra 2019), observamos que comparten os campos máis rendibles, pero con diferente distribución: en primeiro lugar, sitúase o campo de arte e cultura; en segundo, a economía; en terceiro, a política; e, por último, a sociedade. Comprobamos que o uso político dos neoloxismos se reduce a un terceiro posto nos creados mediante formantes cultos.

Pola contra, o ámbito da economía é un campo máis rendible con estas formas, probablemente debido á creación de palabras con formantes como *agro-* (*agroalimentación, agroexportador*) ou *macro-* (*macrogranxas, macroindustrias*).

6. Os neoloxismos con *auto-* en diacronía curta

Ademais dos datos diacrónicos respecto da rendibilidade nos corpus textuais galegos (véxase 5.3), quixemos facer unha pequena comparación cos neoloxismos recollidos na *NEOTECA* (2007), formas que parten de xornais galegos, para determinar se houbo un cambio ou se se mantén un comportamento similar.

Por unha banda, 30 de 73 (41,1 %) dos neoloxismos con *auto-* xa estaban recollidos na *NEOTECA*. Nestes datos distinguimos dous períodos: o século pasado e os últimos anos de funcionamento da *NEOTECA* (2005, 2006 e 2007). Entre as 14 formas que xa figuraban no século pasado, había case tantos substantivos (7) coma verbos (6), e só se recollía un adxectivo: *autocentrado, autocolante, autocompracencia, autoconciencia, autoconfianza, autodenominar, autodidactismo, autoedición, autoemprego, autoimpor, autoinculpar, autolimitar, autoproclamar e autoxestionar*. No último período de actividade, incorporáronse 8 substantivos (*autorreflexión*), 7 adxectivos (*autoconsciente*) e un verbo (*autodefinirse*).

Por outra banda, 43 de 73 (58,9 %) son formas neolóxicas actuais, que non se recolleron neste banco de datos. A proporción por categoría gramatical destas formas é bastante equilibrada: 18 substantivos (*autoeloxio, autodesculpa*), 16 verbos (*autosilenciarse, autoparodiarse*) e 9 adxectivos (*autoindulxente, autoconclusivo/a*).

7. Conclusións

A modo de recapitulación, recompilamos os argumentos principais que fomos desenvolvendo ao longo deste traballo en relación co elemento *auto-* e cos neoloxismos creados en galego a partir del.

En primeiro lugar, cómpre que subliñemos a extraordinaria produtividade deste elemento na formación de neoloxismos. Non estamos diante dun formante máis, trátase do formante que ao longo das últimas dúas décadas está demostrando ser o máis rendible na conformación de novas unidades léxicas.

Dende a perspectiva categorial, lembremos que entre as formas do noso corpus, sendo maioría os substantivos e presentando un bo número de adxectivos, chama especialmente a atención a elevada formación de verbos (con preto dun terzo do total). Comprobamos tamén que estas proporcións son similares ás detectadas para os neoloxismos galegos con *auto-* no 2003, e afástanse moito das que recollen as obras lexicográficas (en que a categoría privilexiada é a dos substantivos).

Para calibrar na súa xusta medida a importancia do dato sinalado no parágrafo precedente, convén non esquecer que o peso da categoría verbal entre o total dos neoloxismos galegos é bastante limitada. Así, dos neoloxismos estudados a inicios do século XXI (cfr. Gómez Clemente / Rodríguez Guerra 2003), só un 6,5 % eran verbos. Esta cifra, a partir dos datos dispoñibles na actualidade no Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo, mellorando un pouco, segue a ser relativamente baixa, pois sitúase no 10,4 % (Fernández Berrocal / Rodríguez Guerra 2019), isto é, tres veces menos que os detectados con *auto-*.

Unha das principais conclusións a que chegamos co noso estudo é que parece evidente que o elemento *auto-* está a sufrir un proceso de gramaticalización cara a un prefixo, proceso que está moi avanzado, se é que non se consolidou xa. Os nosos resultados apuntan a este cambio: a gran rendibilidade como formador de novas palabras, a frecuencia de uso dos neoloxismos con *auto-*, as diferentes combinacións que se poden dar, a inclusión das novas formas nun gran número de campos léxicos... E non podemos esquecer incluso o esvaecemento progresivo do seu significado primario: 'si mesmo/a'. En relación con esta cuestión, xa Ginebra *et al.* (2014: 68) falaban para o catalán do dobre uso deste elemento, como formante culto (en combinación con outros formantes cultos) e como prefixo, pero dos nosos datos podemos concluír que, dende a perspectiva neolóxica galega, *auto-* abandonou o primeiro dos usos para centrarse, case en exclusiva, no segundo.

Á vista destas conclusións, consideramos que sería de interese realizar un estudo monográfico daqueles formantes que se sitúan sempre nas neoformacións á esquerda, sobre todo aqueles que indican unha medida (*micro-*, *macro-*, *nano-* etc.), como xa apuntamos, para determinar se, ao igual que *auto-*, están sufrindo un idéntico proceso gramaticalizador.

Referencias bibliográficas

- Adamo, Giovanni / Valeria Della Valle (2005): *2006 Parole nuove. Un dizionario di neologismi dai giornali*. Milano: Sperling & Kupfer Editori.
- Aguirre, Carmen (2013): *Manual de morfología del español*. Barcelona: Castalia.
- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Araya Tauler, Raúl (2003): «Achegamentos teóricos ó estudio da neoloxía», en Xosé María Gómez Clemente / Alexandre Rodríguez Guerra (coords.): *Neoloxía e lingua galega: teoría e práctica*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 67-81.
- Cabré, M. Teresa (1993): *La terminología: teoría, metodología, aplicaciones*. Barcelona: Empúries.
- Cabré, M. Teresa (2015): «La neologia: un nou camp a la cerca de la seva consolidació científica», *Caplletra* 59, 125-136.
- Cabré, M. Teresa / Rosa Estopà Bagot (2009): «Trabajar en neología con un entorno integrado en línea: la estación de trabajo OBNEO», *Revista de Investigación Lingüística* 12, 17-38.
- Cidrás Escáneo, Francisco A. (1991): «As construcións pronominais en galego. Proposta de clasificación e caracterización», en Mercedes Brea López / Francisco Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Santiago de Compostela: Universidade, 101-125.
- CORGA = Rojo, Guillermo / M^a Sol López Martínez (dirs.) (2001-): *Corpus de referencia do galego actual*. Centro «Ramón Piñeiro» para a investigación en humanidades [en liña]. Disponible en: <<http://www.cirp.gal/corga>>. Última data de consulta: 07/06/2019.
- CUMIO = Feixó, Xosé (dir.) et al. (1999): *Diccionario Cumio da lingua galega*. Vigo: Edicións do Cumio.
- DIGALEGO = Xunta de Galicia (2013-): *Digalego. Dicionario de galego* [en liña]. Disponible en: <<https://digalego.xunta.gal/digalego/Html/index.php>>. Última data de consulta: 07/06/2019.
- DRAG = Real Academia Galega (2012-): *Diccionario da Real Academia Galega* [en liña]. Disponible en: <<https://academia.gal/diccionario>>. Última data de consulta: 07/06/2019.
- Estornell Pons, María (2009): *Neologismos en la prensa. Criterios para reconocer y caracterizar las unidades neológicas*. Valencia: Universitat de València.
- ESTRAVIZ = Alonso Estraviz, Isaac / Carlos Durão (dirs.) et al.: *Dicionário Eletrónico Estraviz*. Versión 3.0. Disponible en: <<https://estraviz.org/>>. Última data de consulta: 07/06/2019.
- Fábregas, Antonio (2013): *La morfología: el análisis de la palabra compleja*. Madrid: Síntesis.

- Fernández Berrocal, Ana / Alexandre Rodríguez Guerra (2019): «Neoloxismos en lingua galega». Intervención na *III Xornada de Neoloxía*. Universidade de Vigo (04/04/2019).
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006): *Gramática da lingua galega III. Semántica* (2ª ed.). Vigo: A Nosa Terra.
- GDXL = Carballeira Anllo, Xosé Mª (coord.) et al. (2009): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.
- Ginebra, Jordi et al. (2014): «Composició culta / Neoclassical compounding», en M. Teresa Cabré et al. (eds.): *Mots nous en catala / New words in Catalan. Una panoràmica geolèctal / A diatopic view*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company, 67-83.
- Gómez Clemente, Xosé María / Alexandre Rodríguez Guerra (coords.) (2003a): *Neoloxía e lingua galega: teoría e práctica*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- Gómez Clemente, Xosé María / Alexandre Rodríguez Guerra (2003b): «Neoloxismos na lingua xornalística galega», en Xosé María Gómez Clemente / Alexandre Rodríguez Guerra (coords.): *Neoloxía e lingua galega: teoría e práctica*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 95-169.
- Gómez Clemente, Xosé María et al. (2003): «A metodoloxía de traballo no Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo», en Xosé María Gómez Clemente / Alexandre Rodríguez Guerra (coords.): *Neoloxía e lingua galega: teoría e práctica*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 83-95.
- Gómez Clemente, Xosé María et al. (2005): *Novas palabras galegas. Repertorio de creacións léxicas rexistradas na prensa e Internet*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- Guerrero Ramos, Gloria / Fernando Pérez Lagos (2009): «La composición culta y la neología de la prensa escrita», *Revista de Investigación Lingüística* 12, 65-81.
- IR INDO = Ledo Cabido, Bieito (ed.) (2004): *Ir Indo. Dicionario de galego*. Vigo: Ir Indo.
- Liddell, Henry George / Robert Scott (1940-2019): *A Greek-English Lexicon*. Oxford: Clarendon Press. Dispoñible en: <<http://www.perseus.tufts.edu/hopper/resolveform?redirect=true>>. Última data de consulta: 07/06/2019.
- López Viñas, Xoán et al. (2010): *Gramática práctica da lingua galega*. A Coruña: Baía Edicións.
- NEOTECA - Banco de Datos de Neoloxismos da Universidade de Vigo (2006-2016) [en liña]. Dispoñible en: <<http://sli.uvigo.gal/neoteca2007/index.html>>. Última data de consulta: 07/06/2019.
- Observatori de Neologia (2004): *Metodología del trabajo en neología: criterios, materiales y procesos, Papers de l'IULA: Sèrie Monografies*, 9. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra. Institut Universitari de Lingüística Aplicada.
- Rey, Alain (1976): «Le néologisme: un pseudo-concept?», *Cahiers de Lexicologie* 28, 3-17.

RILG = Gómez Guinovart, Xavier (coord.) (2006-): *Recursos integrados da lingua galega*. Universidade de Vigo / Instituto da Lingua Galega, Vigo / Santiago de Compostela [en liña]. Dispoñible en: <<http://sli.uvigo.gal/RILG/index.php>>. Última data de consulta: 07/06/2019.

Rodríguez Guerra, Alexandre (2015): «Los neologismos de la prensa en gallego e italiano», en M^a J. Domínguez Vázquez *et al.* (eds.): *Lexicografía de las lenguas románicas. Aproximaciones a la lexicografía moderna y contrastiva*, vol. II, Berlin/München/Boston: De Gruyter, 385-409.

Rodríguez Guerra, Alexandre (2016): «Dictionaries of Neologisms: a review and proposals for its improvement», *Open Linguistics* 2, 528-556. DOI: 10.1515/opli-2016-0028. Dispoñible en: <<https://www.degruyter.com/downloadpdf/j/opli.2016.2.issue-1/opli-2016-0028/opli-2016-0028.xml>>.

TILG = Santamarina, Antón (dir.) (1986-): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [en liña]. Dispoñible en: <http://ilg.usc.es/TILG/>. Última data de consulta: 07/06/2019.

XERAIS = Carballeira Anllo, Xosé M^a (coord.) (2015): *Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.

ESTRUTURAS SINTÁCTICO-SEMÁNTICAS DO VERBO *VOTAR* EN GALEGO

Syntactic-semantic structures of the verb to vote in galician language

Alejandro Solla Alonso

Universidade de Vigo
a.solla@hotmail.com

Resumo: Nesta investigación realizamos un estudo descritivo de tipo sintáctico e semántico do verbo *votar* en galego dende o marco teórico do funcionalismo e da gramática de valencias. Partindo do concepto de *valencia* verbal, como cada un dos elementos sintácticos e semánticos que os verbos precisan para completar o seu significado e rexer estruturas posibles gramaticalmente, distinguimos entre *argumentos* e *adxuntos* do verbo para logo establecemos unha clasificación en función do número de argumentos que presenta cada verbo na súa estrutura valencial. Tras a elaboración dunha base de datos propia, formada por un milleiro de *items*, procedemos a determinar o seu esquema valencial e describir as funcións sintácticas e semánticas participantes. Alén disto, analízanse tamén aspectos relativos á variación na rexencia prepositiva (*votar por, para, con, a favor, en contra...*) e entre funcións sintácticas (*votalo / votarlle*).

Palabras chave: verbo *votar*, esquema valencial, esquema sintáctico, esquema semántico, lingua galega.

Abstract: In this research we want to make a descriptive syntactic and semantic study of the verb *votar* in Galician from the theoretical framework of functionalism and the valence's Grammar. Starting from the concept of *verbal valence*, as each one of the syntactic and semantic elements that verbs need to complete their sense and govern grammatically possible structures, we distinguish between arguments and adjuncts of the verb for later establish a ranking by their valence number. Following the development of our own database consisting of a thousand of items of this verbal unity, we have proceeded to identify their valence quantitative & qualitative pattern, and, subsequently, to describe the syntactic & semantic functions in which it participates. Furthermore, we have analyzed aspects of the prepositional use variation (*votar por, para, con, a favor, en contra...*) and between the syntactic functions (*votalo / votarlle*).

Keywords: verb to vote, valence pattern, syntactic pattern, semantic pattern, Galician language.

1. Introducción¹

Este artigo recolle os resultados da investigación en que abordamos a descrición sintáctico-semántica do verbo *votar* en galego, un verbo que, a pesar de designar unha acción moi concreta, ten un uso moi estendido non só nos medios de comunicación senón tamén na fala, na escrita e en case todos os rexistros da lingua. Resulta doado oílo ou velo en programas de televisión, conversas esporádicas, chíos en *Twitter*, comentarios en blogs, en obras literarias, folletos de propaganda política etc. Sen dúbida, a situación política destes últimos tempos contribuíu a que sexa un dos verbos de maior frecuencia nas conversas dos falantes.

O noso interese por *votar* procede da variación que observamos nalgúns construcións con este verbo en aspectos como a alternancia dos pronomes átonos de acusativo e dativo (*votalo/votarlle*) e a súa rexencia prepositiva (*votar a/por/a favor de...*), conforme se ve nestes exemplos tirados de internet:

- (1) Prefería *votarlles* a vostedes, pero non o farei e vostede ten a culpa. (*Europapress* 17/06/2016)
- (2) Eu son independente e non teño por que *votalos* a vostedes, podo *votar* o que me saía de aí. (*Diario de Pontevedra* 17/01/2017).
- (3) Ou *votamos* pola política de dereitas ou *votamos* o BNG. (*BNG* 10/05/2011)
- (4) *Votamos* a favor para que se inicie este proceso. (*Nós TV* 15/11/2018)

O emprego continuado, a perda de certas distincións e a influencia doutras linguas provocaron a aparición de novas estruturas e construcións co verbo *votar* que non se empregaran de maneira xeral ata a época actual. A ningunha persoa cun dominio básico da lingua galega lle resultará complexo o uso deste verbo; non obstante, como se pode comprobar no primeiro dos exemplos citados (*votarlles*) tirado dun texto xornalístico, hai evidencias de cambios no esquema transitivo prototípico de *votar* (S-V-CD), que se constata coa aparición dun pronome átono de dativo (*lles*) para designar a persoa á que se vota, cando o tradicional era que ese oco funcional fose ocupado por un pronome átono de acusativo (*votalos*), como se ve no exemplo (2). Así e todo, aínda que esta mostra «innovadora» de *votarlles* é, probablemente, unha mala tradución dunha cita en castelán, serve para ilustrar que ata os profesionais dos medios de comunicación, persoas que deberían ter un coñecemento extenso da lingua galega no

¹ Gustaríame agradecer toda a axuda e paciencia a Xosé A. Fernández Salgado, mestre exemplar e director do TFG de onde saíu este estudo, e tamén a Alexandre Rodríguez Guerra por todos os consellos na elaboración de bases de datos e a Ana Fernández Berrocal por todas as tardes que compartimos falando de sintaxe.

uso normativo e popular, non perciben a diferenza funcional entre un complemento directo (*o*) e un indirecto (*lle*).

Sobre o verbo *votar*, cómpre subliñarmos que ten un uso recente na lingua para as acepcións máis estendidas e actuais relacionadas co exercicio do voto (*DRAG s.v. votar*), que é a que a nós nos interesa. A primeira datación en fontes escritas, conforme o *Tesouro Informatizado da lingua galega*, rexistrámola no ano 1813 na *Conversa no adro da igrexa* e dicía: *que sea sólo a aqueles que contra a inquisición votaron* [F 4]. Ben é certo que, historicamente, a acción de *votar* non estivo presente maioritariamente na sociedade galega ata ben entrado o século XX, momento en que o sufraxio universal se converteu nun dereito fundamental. Se un referente non existe, tampouco a súa expresión na lingua. A variedade estrutural deste verbo pode ter a súa razón de ser na súa relativa modernidade.

A nosa intención neste traballo é seguir o camiño iniciado no eido da lingüística galega por outras investigacións que se centraron tamén na descrición de construcións verbais dende un punto de vista sintáctico-semántico, como son os traballos sobre *mandar* e *chamar* de López Martínez (1990, 2004), de corte diacrónico; sobre *informar* de Fernández Salgado (2009); sobre *oír* e *escoitar* de Pereira Maceda (2009); ou sobre *aprender* de Domínguez Oroña (2018); e investigacións de maior envergadura xa, como as teses de doutoramento de Soto Andión (2009) sobre construcións intransitivas, da que derivaron varios artigos seus, e de Domínguez Portela (2012) sobre os verbos de movemento.

2. Valencia verbal e funcións

2.1. Sobre o concepto de *valencia* e *argumento*

A nosa análise parte fundamentalmente da teoría de dependencias ou gramática de valencias inspirada no lingüista francés Lucien Tesnière, un dos primeiros autores en establecer as bases da análise sintáctica-funcional. Así, na súa obra orixinal *Éléments de syntaxe structurale*, publicada en 1959, introduce o concepto de *valencia* que define como «el número de actantes que es susceptible de regir el verbo» (Tesnière 1994: 411)².

² Citamos pola obra traducida ó castelán editada en 1994.

É certo que Tesnière empregou o concepto de valencia para todas as categorías gramaticais, xa que, polo sentido, pode estenderse á capacidade de calquera unidade gramatical para rexer sobre outras unidades; por exemplo, o adxectivo ten a posibilidade de rexer a outro adxectivo ou un adverbio. Malia isto, neste traballo limitamos o seu uso ó eido verbal.

Tesnière diferencia na súa obra entre *actantes*, «personas o cosas que participan a cualquier nivel en el proceso» (1994: 175) e *circunstantes*, elementos que indican a circunstancia e cuxa presenza pode ser ilimitada, mais non obrigatoria. Aínda que Tesnière parte dunha perspectiva semántica para definir os chamados *actantes* —na nosa terminoloxía empregaremos a denominación de *argumentos* seguindo a Dik (1981)—, na análise non debemos usar unicamente un criterio semántico para definir unha función sintáctica e viceversa, posto que, como sabemos «no existe relación biunívoca entre funciones sintácticas y semánticas [...] la relación entre ambas depende de cada verbo» (García-Miguel 1995a: 33). Verbo disto, a función de suxeito pode ser o *Axente* dunha determinada acción (*Ana come mazás*) e o *Experimentador* noutra (*Ana rompeu unha perna*); a pesar de que a función sintáctica non muda, a semántica, si.

Malia que os *argumentos* son as funcións obrigatorias que unha forma verbal precisa para ter o seu significado completo, Tesnière xa poñía de manifesto a existencia de *usos absolutos* do verbo cando sinala que «nunca es necesario que las valencias de un verbo estén todas provistas de su actante y que el verbo esté, por decirlo así, saturado. Ciertas valencias pueden quedar sin emplear o “libres”» (1994: 412).

2.2. Clasificación dos verbos pola súa valencia

Tesnière estableceu unha clasificación polo o número de valencias, diferenciando entre:

- **Verbos avalentes**, os que non presentan argumento ningún, non teñen un axente que realice a acción e están fixados nunha única persoa: *nevou*.
- **Verbos monovalentes**, os que só presentan un argumento e son intransitivos: [*alguén*] *cala*.
- **Verbos bivalentes**, os transitivos de dous argumentos cuxa diátese pode ser:
 - activa (A>B): [*alguén*] *come* [*algo*].
 - pasiva (A<B): [*algo/alguén*] *foi votado* [*por alguén*].
 - reflexiva (A<A): [*alguén*] *lavou*[*se*].
 - recíproca (A<>B): [*alguén*] *e* [*alguén*] *bicáron*[*se*].

- **Verbos trivalentes.** Tesnière cita os verbos *dicir* ([*alguén*] *di* [*algo*] [*a alguén*]) e *dar* ([*alguén*] *dá* [*algo*] [*a alguén*]), e algúns outros sinónimos destas unidades verbais. Nesta construción, ademais do suxeito e o complemento directo aparece outra función sintáctica en xogo: o complemento indirecto, que en ocasións é argumental e noutras un actante opcional, todo depende da valencia do verbo.

Tesnière non rexistrou ningún verbo cuxa valencia estivese formada por máis de tres argumentos, pero, se cadra, verbos como *cambiar* poderían encaixar dentro dunha estrutura valencial de catro argumentos: [*alguén*] *cambia* [*algo*] [*a alguén*] [*por algo*], coma en *Cámbioche a miña colección de selos pola túa de discos* (DRAG s.v. *cambiar*). Esta posibilidade é tamén recoñecida na *Gramática de valências* por Busse e Vilela (1986: 18) cando afirman que «há autores que admitem a existência de verbos com quatro lugares vazios (verbos *tetravalentes* como *traduzir alguma coisa de x para y, pagar x a alguém por alguma coisa*)».

Estes autores continúan na liña iniciada por Tesnière, pero empregan unha nova concepción de *valencia*, renovada polos estudosos alemáns que profundaron no estudo da gramática dependencial: «chamamos valência ao número de lugares vazios previstos e implicados pelo (significado do) lexema. São precisamente os verbos que apresentam de modo mais evidente estruturas relacionais de tipo valencial» (Busse / Vilela 1986: 13).

2.3. Funcións sintácticas vs. funcións semánticas

É tamén importante ter en conta que os ocos valenciais que precisa encher un verbo para completar o seu significado proxéctanse sintacticamente a través das funcións que denominamos *suxeito* (S), *suxeito paciente* (SP), *complemento directo* (CD), *complemento prepositivo* (CP)³, *complemento indirecto* (CI), *complemento axente* (CAX), *complemento circunstancial* (CC) etc., e semanticamente, por medio de funcións semánticas como *Axente*, *Paciente*, *Experimentador*... Como xa indicamos, non existe biunivocidade entre función sintáctica e función semántica: o número limitado de unidades gramaticais ten como consecuencia que os falantes teñan que valerse de diversas marcas para construír o seu discurso cun sentido ou outro. Isto é posible grazas a que as relacións semánticas e sintácticas se apoian en relacións categoriais, formais e de sentido que son as que producen que un determinado enunciado e verbo poida estar completo.

³ Denominamos CP o que outros nomean *suplemento*, *complemento de réxime* ou *oblícuo*.

Na nosa análise, empregaremos as denominacións das funcións sintácticas máis utilizadas na escola do funcionalismo estruturalista (abreviadamente S, CD, CI, CP...). Pola contra, para as semánticas, en lugar de usarmos os nomes máis xerais como *Axente*, *Paciente*, *Receptor*... —que empregan por exemplo Álvarez e Xove (2002: 74)—, decantámonos para a nosa investigación polas etiquetas propias específicas de *Votante* e *Votado*, que, respectivamente, designan o *Axente* que realiza a acción de votar e o *Paciente*, entendido como beneficiado ou destinatario do voto⁴. Seguimos, así, o proposto por Hartmann, Haspelmath e Cysouw, que diferencian entre microrroles (*Votante/Votado*), mesorroles (*Axente/Paciente*) e macrorroles (*Actor/Conlevador*). Sinalan estes autores:

First, roles can be formulated at a verb-specific level. For example, verbs like ‘hit’, ‘hug’, and ‘fear’ involve different verb-specific role pairs, namely ‘hitter/hittee’, ‘hugger/huggee’, and ‘fearer/fearee’, respectively. We will refer to such roles as microroles. [...] Secondly, one can define roles such as ‘agent’, ‘patient’, or ‘experiencer’ at an intermediate level — more abstract than microroles [...] We will refer to the roles at this intermediate level as mesoroles. From this perspective a role like ‘Actor’ will subsume the agent and the experiencer from the intermediate level and the ‘Undergoer’ will subsume the patient and other roles [...] Roles at this higher level of abstraction have been called macroroles. (Hartmann / Haspelmath / Cysouw 2014: 464-465)

2.4. Identificación das funcións sintácticas e dos argumentos

Na delimitación e identificación das funcións sintácticas é habitual dende unha óptica funcionalista empregar tres criterios. Tanto en Cidrás Escáneo (1992) coma en García Miguel (1995a) fábase de ter en conta:

- 1) *As marcas do contorno verbal*, tanto internas (concordancia), como externas (presenza de clíticos de dativo ou de acusativo arredor do verbo).
- 2) *As marcas no contorno nominal*; isto é, a presenza ou non de preposicións.
- 3) *A orde do constituínte* con respecto ó verbo.

A estas marcas aínda se lles poden engadir outras probas coma o carácter argumental ou non da función, a transformación a pasiva, a conmutación por outras unidades ou uso dun interrogativo polo que pode ser preguntada a función. Estas

⁴ As etiquetas *Votante* e *Votado* son tamén as empregadas en *ADESSE* (García-Miguel 2019 s.v. *votar*). Utilizarémolas ó longo deste traballo, sempre en cursiva e maiúscula inicial.

serán tamén as marcas e probas que utilizaremos na detección das distintas funcións sintácticas (S, CD, CP, CI...) na nosa análise dos exemplos de *votar*.

Por outra parte, nunha descrición coma a nosa que tenta establecer esquemas valenciais, resulta determinante dispoñer de probas ou indicios que nos permitan saber cando estamos ante unha función argumental e cando adxunta. Para iso, teremos en conta os seguintes procedementos e probas (García Miguel 1995a):

- 1) Ver se o complemento é valencial ou non, isto é, se vén ou non seleccionado polo verbo; o verbo *votar* selecciona dous argumentos: un A1 [*alguén*] e un A2 [*algo/a alguén*], [*por alguén*]...
- 2) Aplicar a proba da elisión: os argumentos son obrigatorios, e por iso non admiten ser eliminables tan facilmente coma os adxuntos.
- 3) Aplicar unha proba de transformación coma a de Happ (García Miguel 1995a: 28-30) a través do uso da proforma *facer/facelo*. A proba consiste na transformación de toda a cláusula polo verbo *facer* + o complemento que esteamos a analizar: *O parlamento votou a lei* > **fíxoo a lei*; *Luís votou en Allariz* > *Fíxoo en Allariz*. Os argumentos quedan englobados en *facelo*; os adxuntos son compatibles con *facelo*.

3. Metodoloxía

3.1. A conformación do corpus de análise e o proceso de lematización

O noso estudo baséase exclusivamente en mostras lingüísticas do verbo *votar* tiradas de textos escritos e orais, o que implica, en función do tipo de texto, un rexistro de lingua máis planificado ou máis espontáneo. Aínda que hai exemplos extraídos de fontes orais, é posible que algúns fenómenos de variación lingüística que sabemos que se dan neste plano (oral) non aparezan ou apenas se rexistren no noso corpus. Se acudimos principalmente ás fontes escritas en detrimento das orais é porque aquelas permiten conformar unha base de datos de análise con maior rapidez. As mostras orais son auténticos tesouros para calquera lingüista, pero compilar datos a partir destas fontes é demasiado custoso (localización, gravación, transcripción, análise...) e os medios e o tempo de que dispuxemos para a investigación foron limitados. Estes foron os motivos principais polos que decidimos extraer os exemplos de *votar* de dous excelentes e representativos corpus de lingua galega xa existentes: o *Tesouro*

Informatizado da Lingua Galega (TILG) e o Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA).

Estes corpus electrónicos de libre acceso proporcionan información de tipo gramatical (o modo, tempo, número e persoa nas formas verbais), a datación dos exemplos por ano, o contexto á esquerda e dereita da forma procurada —cuestión fundamental para o exercicio de análise sintáctica— e o tipo de texto en que se rexistra a palabra gráfica ou lema (texto xornalístico, teatro, poesía, ensaio...). É de salientar que estes tipos de corpus conteñen obras de referencia moi variadas: artigos xornalísticos, ensaios, narrativa, poesía, teatro, transcripcións de intervencións orais, discursos...

O *TILG* é un corpus histórico de textos galegos da Idade Moderna e Contemporánea que compila máis de 3.000 documentos producidos entre 1612 e 2013. Contén arredor de 30 millóns de formas gráficas, lematizadas e anotadas con etiquetas morfosintácticas. Conformouse no Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela) baixo a dirección de Antón Santamarina. Neste corpus, realizamos unha primeira busca por lema (*votar*) e, de seguido, outra de lema acompañado de pronomes persoais átonos de acusativo e dativo en singular e plural: *votar + o(s)/a(s)/lo(s)/la(s)/no(s)/na(s)* e *votar + lle(s)*. En total, atopamos 526 mostras de análise, que se localizan entre o ano 1778 e o 2012; todas estas formas foron incluídas na nosa base de datos propia, que denominaremos *Base de Datos Principal* e abreviadamente BDP.

Pola súa banda, o *CORGA* é un corpus documental integrado por distintos tipos de textos representativos da lingua galega actual que están codificados na linguaxe estándar XML (eXtensible Markup Language) e que abranguen cronoloxicamente dende 1975 ata a actualidade [2016]. O proxecto desenvólvese no Centro Ramón Piñeiro (Xunta de Galicia) baixo a dirección de Guillermo Rojo e M^a Sol López Martínez. Coma no caso anterior, as buscas fixéronse por lema (*votar*) e por lema máis pronomes persoais átonos de acusativo e dativo. O número de mostras obtido no *CORGA* foi de 2.145, moi superior ó do *TILG*. Así e todo, por cuestións de operatividade, só tomamos as mostras máis recentes por mor da repetición que detectamos entre mostras de ambos os dous corpus, especialmente nos primeiros exemplos do *CORGA*. Finalmente, as mostras incluídas desta na nosa base de datos foron os 301 exemplos máis recentes deste corpus, asegurándonos de que non había ningunha repetición cos que xa tiñamos recollidos e analizados do *TILG*.

Así pois, como se ve na Táboa 1, o número final de exemplos de *votar* introducidos na nosa BDP foi en total 827 casos, 526 procedentes do *TILG* e 301 do *CORGA*, só exemplos en que o significado do verbo ten que ver coa emisión dun voto.

Conformación inicial da BDP		Exemplos desbotados		Total de casos de <i>votar</i> analizados na nosa BDP
827		205		622
TILG	CORGA	TILG	CORGA	
526	301	133	72	

Táboa 1: Conformación da Base de Datos Principal (BDP).

Cómpre dicir, así e todo, que o número final de fichas analizadas foi de 622, xa que durante o proceso de análise decidimos deixar fóra 205 casos, que comentamos a seguir. Os exemplos desbotados foron:

- Casos de usos interxectivos ou locutivos co verbo *votar*. Referímonos a exemplos como os de *voto a Bríos* [F 112]⁵, *voto á Crispo* [F 27], *voto ós cravos do carro* [F 2] ou *voto a Xuncras*⁶ [F 64]. Estes usos con *votar*, que co tempo acabaron por lexicalizarse, tiñan na súa orixe unha estrutura argumental definida, como podemos comprobar no exemplo *Voto a Cristo que me volvo* [F 20]. O esquema do verbo sería semellante a algún dos esquemas de *xurar* ou *prometer* ([*alguén*] *xura/promete* [*algo*] [*por alguén*])⁷. Non obstante, este uso propio da lingua oral xa tiña un grao de fixación case total a comezos do XIX, momento en que rexistramos o noso primeiro exemplo. Na nosa análise, atopamos un total de 39 usos con este valor entre 1807 e 1998; a meirande parte deles pertencen a obras do XIX e principios do XX. Actualmente, este uso está practicamente desaparecido e só se conserva en textos de narrativa histórica. Así pois, finalmente descartamos da BDP estes casos de lexicalizacións.
- Casos de *votar* en forma participial. Incluímos neste grupo problemas con exemplos como *a forza máis votada*, *o partido máis votado*, *a lista máis votada*. Nestes casos preséntase unha das dificultades máis recorrentes nos traballos de análise sintáctica, como é a distinción entre adxectivos e participios. As primeiras son formas nominais que non teñen complementación verbal e, polo tanto, a súa modificación insírese no seo da frase (por exemplo, *Saíu*

⁵ A referencia do exemplo remite ó número de ficha (= F) da nosa BDP. Consúltase TILG e CORGA para máis información sobre autor, ano, tipo de obra etc.

⁶ Sempre é interesante comprobar como os falantes interactúan coa lingua para buscar fórmulas que non infrinxan ó tabú, a blasfemia neste caso, sen perder o referente relixioso: *Crispo* > *Cristo*, *Xuncras* > *Xudas*, *Bríos* > *Dios*.

⁷ Este valor interxectivo relaciónase directamente coa etimoloxía de *voto*.

elixido o candidato máis votado). Os participios, pola contra, como categoría verbal, adoitan ir acompañados de funcións sintácticas propias das formas verbais, isto é cun CAX ou CC (por exemplo, *O BNG será a forza máis votada en Pontevedra* [F 818]). Na análise dos nosos exemplos botamos man de varios criterios para decidir cando estabamos ante un adxectivo e cando ante un participio. Os máis determinantes para incluílos como formas verbais foron a súa compatibilidade co adverbio de tempo *recentemente* e a incompatibilidade co adverbio de grao *moi*. Así e todo, o problema xurdiunos en casos recorrentes como *a forza máis votada* [F 819]. Neste exemplo, *votada* está a medio camiño entre a forma nominal e a verbal. Tomamos a decisión de non considerar unidades verbais —e, desta forma, excluílos da análise—, aqueles exemplos de posibles participios que non estivesen modificados por outras funcións sintácticas: CAX, CD etc. Por outra banda, a medida que descartabamos os adxectivos dos participios, observamos que as estruturas *substantivo + máis + votado(s)/a(s)* eran sempre as mesmas só que con variación no elemento nominal:

Os tres partidos máis votados. [F 432]

A lista máis votada. [F 812]

A organización máis votada. [F 690]

Esta fórmula repetíase ata en 68 ocasións (8,27 %), número moi considerable se temos en conta que tomamos 827 mostras totais entre o *TILG* e *CORGA*. O máis interesante disto é que ten unha aparición relativamente recente, a primeira datación é de 1983 e intensifícase a partir de 2000. Ante o elevado número de exemplos que presenta esta combinación non sería demasiado ousado dicir que quizais esteamos presenciando o xurdimento dunha nova colocación⁸, se se demostra, en futuros traballos, que, co paso do tempo, segue a ser igual de recorrente e produtiva.

- Casos de infinitivos. Coma nos participios, os infinitivos con valor nominal que non presentaban ningún argumento tampouco se analizaron, como por exemplo:

Non fai falla qu' os gobernos lles den dereito a votar. [F 119]

⁸ Sobre a concepción destas construcións reflexiona Bosque (2001) cando di que «las colocaciones no constituyen solo combinaciones FRECUENTES, sino también combinaciones PREFERENTES [...] entre un conjunto de opciones los colocativos eligen unas pocas bases más frecuentes que otras también posibles. Se dice, por tanto —correctamente—, que las colocaciones constituyen COMBINACIONES PREFERENTES, esto es, frecuentes, pero no exclusivas». Isto podería explicar a variación existente entre substantivos dentro da posible colocación, *a forza máis votada*.

É dicir, se o infinitivo ía complementado na cláusula por unha función típica de verbo (CD, CI, CCIR) foi considerado como mostra válida; se non, eliminouse.

- Casos de confusión gráfica entre os verbos *votar* e *botar*. Rexistramos durante a fichaxe 53 usos do verbo *botar* que, por vacilación na escrita, aparecían grafados con <v> e non con (6,4 % do total). Deste modo, o extractor de textos non estableceu diferenzas entre o verbo *votar* e *botar* cando o segundo tamén se grafou cun <v>, mesmo que, semanticamente, non teñen ningunha relación. Probablemente, este erro de lematización poida ter a súa orixe no sistema automático que se limita a facer unha clasificación pola forma e non polo contido.
- Casos de repeticións. Finalmente, deixamos fóra tamén os casos de 7 repeticións directas por mor de xa as termos rexistradas e analizadas.

O 55.1 por cento dos galegos pensa que nas eleccións autonómicas é mellor votar a un partido propio da Comunidade Autónoma. [F 442] e [F 443]

Na Táboa 2 poden verse as exclusións realizadas que vimos comentando:

Casos expurgados	<i>TILG</i>	<i>CORGA</i>
Casos de lexicalizacións (<i>voto a Bríos</i>)	39	-
Casos de adxectivos (<i>a forza máis votada</i>)	2	67
Casos de malas lematizacións (<i>votar por botar</i>)	54	1
Casos de repeticións	3	4
Casos de infinitivos nominais (sen argumentos)	34	-
Usos de <i>votar</i> arcaicos	1	-
TOTAL: 205	133	72

Táboa 2: Casos expurgados da BDP.

3.2. Características das mostras de votar lematizadas na nosa BDP

Como vemos na Táboa 3 que segue, 622 é a cifra de mostras finalmente analizada e sobre a que traballamos á hora de extraer os nosos resultados e conclusións finais: o 63,1 % están tiradas do *TILG* (393 exemplos) e o 36,9 % do *CORGA* (229 exemplos).

Canto á distribución de mostras por períodos, a meirande parte dos exemplos que analizamos pertencen ó período actual:

Período / Corpus	1800-1899	1900-1936	1940-1975	1975-2014
<i>TILG</i>	63	101	55	174
<i>CORGA</i>	-	-	-	229

Táboa 3: Número de mostrasanalizadas por período.

A falta de máis exemplos de *votar* en todo o século XIX e o período de 1940 a 1975 pode xustificarse socialmente porque o propio acto de *votar* non era algo frecuente. Por outra parte, a selección dunha maior cantidade de exemplos do *TILG* veu condicionada polo feito de que o marco temporal que abrangue o corpus é moito máis amplo, algo que *a priori* nos podía interesar para tentar extraer algunhas conclusións de orde diacrónica.

Xa no referido á tipoloxía textual onde se insiren os exemplos de *votar*, os datos aparecen recollidos na Táboa 4:

Tipo de texto	<i>TILG</i>	<i>CORGA</i>	TOTAL
Discurso	1	-	1
Ensaio	74	8	82
Etnotexto	9	-	9
Narrativo	104	16	120
Poesía	22	-	22
Teatro	34	-	34
Xornalístico	149	205	354

Táboa 4: Número de mostras segundo o tipo de texto.

Como se observa, o *TILG* dispón dunha maior variedade de tipoloxía textual do que o *CORGA*, que está constituído, na súa maioría, por textos xornalísticos. Esta foi outra das razóns pola que nos decantamos pola escolla de todos os exemplos do *TILG* para a nosa BDP. Esa maior variedade permítenos ver os usos do verbo en diferentes estilos e xéneros (escritos).

Malia todo, non é difícil decatarse de que este verbo ten máis presenza en textos en prosa, especialmente, nos do ámbito xornalístico, onde se atopan máis dun 56 % das formas totais da nosa BDP.

3.3. Descrición da ficha de análise da BDP

As mostras de *votar* foron sometidas a unha fichaxe na BDP. A ficha deseñada consta de 23 campos nos que fomos rexistrando aspectos coma o exemplo en que se insire *votar*, a súa referencia, a acepción, datos morfolóxicos, o esquema valencial, o esquema sintáctico, datos semánticos, acepción... Pode verse no Anexo deste traballo unha mostra da ficha cos 23 campos.

4. Estrutura valencial de *votar* en galego

Despois de realizarmos a tarefa de compilación e análise dos exemplos na ficha que acabamos de describir, neste apartado dispoñémonos a describir e comentar os resultados no referido ás estruturas sintáctico-semánticas a que dá lugar o verbo *votar* en galego, tendo en conta as acepcións deste verbo.

4.1. Acepcións do verbo *votar*

Unha boa base de partida para a análise da valencia de *votar* e dos esquemas sintáctico-semánticos que orixina é a definición que achegan os dicionarios deste verbo. No noso caso, empregamos tres obras de referencia: o *GDX* (*Gran diccionario Xerais da lingua*, 2009), o *CUMIO* (*Gran diccionario Cumio da lingua galega*, 2011) e a versión dixital do *DRAG* (*Diccionario da Real Academia Galega*, 2019). A partir das diferentes entradas, acepcións e subacepcións quixemos establecer un primeiro contacto cos esquemas argumentais do verbo *votar* en galego. No *GXL* defínese así:

VOTAR: v.i. **1.** Expresar a opinión ou participar na toma dunha decisión mediante o sistema de votos. // **2.** Manifestar unha opinión ou unha decisión mediante un procedemento de votación (*eu non podo votar esa lei*). **3.** Facer voto ou promesa relixiosa (*votar obediencia*). **ETIM.** de *voto*.

A acepción 1 fai referencia a un esquema intransitivo absoluto monovalente ou monoargumental [S-V] > [*alguén*] *vota*. A acepción 2 representa o esquema transitivo paradigmático de S-V-CD e fai fincapé, ó igual ca na primeira, sobre o medio co que se

vota (CCI). Entre todas as mostras que analizamos, non atopamos ningún uso que se corresponda coa acepción 3 deste dicionario, o que nos leva a pensar que, probablemente, se trata dun uso minoritario e arcaico.

No *CUMIO* establécense estas acepcións:

votar: (do lat. tard. *votare* < lat. *volu*, voto ou promesa feita aos deuses; voto, ofrenda, exvoto; desexo + suf. de verbalización *-are*) *v.tr* e *i*. Emitir un voto para elixir unha persoa ou decidir sobre un asunto.

Este dicionario inclúe unha única acepción para o transitivo e intransitivo e non deixa nada claro cal é a estrutura do verbo; tampouco engade un exemplo que poida facilitar a comprensión.

Pola súa parte no *DRAG* podemos ler:

votar: verbo transitivo. **1.** Emitir o voto a favor ou en contra de [algo ou alguén]. *Os membros do consello votaron o proxecto.* Verbo intransitivo. **2.** Dar ou emitir un voto. *Os menores de dezaioito anos non poden votar.*

A acepción 1 corresponde ó esquema biargumental (S-V-CD) e a 2 co uso intransitivo absoluto (S-V).

O noso estudo sobre *votar* centrouse só nas acepcións relativas ás de emisión dun voto e non noutras arcaizantes, como a acepción 3 que recolle o *DXL*.

4.2. Esquema valencial de *votar*

Partindo das dúas acepcións que se recollen no *DRAG* establecemos que para o verbo *votar* en galego existen dous esquemas valenciais principais:

- 1) **Esquema monoargumental:** correspóndese co uso absoluto do verbo. O esquema valencial é *[alguén] vota*. É o esquema prototípico da acepción 1. Corresponde ó esquema semántico de *Votante-Acción* e prototipicamente ó sintáctico de S-V nas estruturas activas; por exemplo, *Votaron soamente os empregados* [F 24].
- 2) **Esquema biargumental:** o esquema valencial prototípico é *[alguén] vota [algo / a alguén]* e corresponde á acepción 2. O esquema semántico prototípico é o de *Votante-Acción-Votado*, que prototipicamente se corresponde co esquema sintáctico de S-V-CD nas construcións activas (32,5 % do total). Non obstante, neste esquema, o argumento 2, o *Votado*, ofrece bastante variación canto á función sintáctica que o pode desempeñar e tamén na categoría formal, como veremos nos apartados seguintes.

4.3. Esquemas sintácticos argumentais de *votar*

Na Táboa 5 reflíctense os datos xerais dos esquemas sintácticos argumentais obtidos a partir da análise do noso corpus:

Acepción	Esquema sintáctico	Exemplos de <i>votar</i>	Nº de ex. e %
Estruturas activas			
1	(S)-V	<i>Os papós non votan</i> [F 378]	132 (21,2 %)
2	(S)-V-CD	<i>Máis de 2.500 mestres votan os seus representantes</i> [F 566]	202 (32,5 %)
2	(S)-V-CP	<i>Todas as persoas que votan polo BNG deben ter as portas abertas para militar no BNG</i> [F 636]	163 (26,2 %)
2	(S)-V-CI ⁹	<i>Un suposto veciño meu, que é maltratador, tamén lles vota</i> [F 696]	3 (0,5 %)
Estruturas pasivas			
2	SP-V	<i>O tema fora votado masivamente no derradeiro coloquio celebrado en xaneiro último</i> [F 319]	82 (13,2 %)
2	SP-V-CAX	<i>Preséntanse uns candidatos e unhas listas, que son votadas ou non por maioría dos socios</i> [F 321]	6 (1 %)
Estruturas de pasiva reflexa			
2	S-Vse* ¹⁰	<i>Votanse listas de partidos ou coalicións</i> [F 341]	19 (3 %)
Estruturas impersoais			
1	Vse	<i>A súa organización sempre defendeu o voto na urna no mesmo día en que se vota aquí</i> [F 535]	7 (1,1 %)
2	V-CD ¹¹	<i>O Estatuto haino que votar</i> [F 358]	2 (0,3 %)
2	V-CP ¹²	<i>Por eles hai que votar nas eleucións e pra todo</i> [F 121]	2 (0,3 %)

Táboa 5. Estruturas sintácticas valenciais do verbo *votar* en galego.

Comentaremos a táboa anterior tendo en conta o tipo de diátese da construción.

⁹ É case residual; aparece en dúas das tres ocasións en textos recentes: 1988 e 2005.

¹⁰ Tomamos a concordancia como proba definitoria da función de suxeito e o paso a activa, no que este suxeito realiza a función de CD.

¹¹ Tamén rexistramos un uso con Vse-CD (1): no máis erguido patriotismo para levar a Galiza outos destínos ó votarse plebiscito en demanda da súa autonomía [F 262].

¹² Catro formas para o esquema Vse-CP: *Votase en contra* [F 524].

4.3.1. Estructuras activas

Como se ve na Táboa 5, as estruturas activas son as que aparecen en maior número de ocasións: ata 500 dos 622 exemplos (o 80,2 %) teñen esta voz. O uso transitivo do verbo como S-V-CD é o esquema sintáctico que máis se repite na nosa BDP, chegando a obter case un terzo do total de cláusulas analizadas.

A formalización do segundo argumento tamén se realiza a través do esquema prepositivo S-V-CP, que aparece nunha de cada catro mostras. O interesante deste esquema é a gran distribución que presenta na rexencia de preposición (*por, para, a favor, con, contra...*), como logo veremos no apartado de descrición do A2: o *Votado*.

A construción intransitiva en que o *Votado* é expresado por un CI, función que identificamos coa pronominalización co dativo *lle(s)*, apenas alcanza o 0,5 % de todas as estruturas sintácticas.

Finalmente, o esquema S-V, correspondente co uso absoluto, é o terceiro esquema cun maior índice de frecuencia: aparece en dous de cada dez usos de votar.

4.3.2. Estructuras pasivas

Malia que as estruturas activas son maioritarias, non podemos negar que os 88 exemplos de estruturas pasivas (14,1 % do total) son abondo relevantes como para telas en conta. Un dos aspectos máis destacados é que o CAX apenas aparece expresado en 6 das 88 cláusulas (6,8 %). En todas elas, o *Votante* fai referencia a un grupo humano indeterminado, nunca é unha persoa individual ou cousa, como en:

A obra foi votada entre dez candidatas propostas por un comité designado [F 742].

Como vemos, non se expresa un complemento axente prototípico de persoa concreta. Se os falantes indican cal é o axente da acción nunha estrutura pasiva —que precisamente focaliza sobre o *Votado* e non sobre o *Votante*— é porque non se axusta ós valores semánticos paradigmáticos propios dun *Axente*; é dicir, os falantes teñen especial interese en que se coñeza o *Votante/Axente* da acción. Deste modo, nos exemplos atopamos *Axentes* que son partidos políticos, asembleas, organizacións, grupos asociativos e institucións formadas por humanos.

Canto á forma verbal, dos 88 casos analizados en 36 (40,9 %) temos a perífrase verbal prototípica da voz pasiva *ser + participio*, en tanto que nos 52 restantes (59,1 %) temos unha forma de participio:

A moción de confianza será votada o día 14 de decembro pola mañá. [F 579]

Xa houbo resolucións votadas por estas organizacións no Parlamento. [F 621]

4.3.3. *Estruturas de pasiva reflexa*

O *Votante* tampouco se expresa nas construcións de pasiva reflexa con *se*, o 3 % do total do noso corpus:

votouse o Estatuto sen oposición de ningunha clase. [F 384]

Esta estrutura sintáctica mantén o verbo na P3 do singular ou plural en función do número da unidade que desempeña o *Votado*. Ó igual ca nas pasivas, a focalización sobre o *Votado* deixa fóra da acción o *Votante*, aínda que, neste caso, debido á concordancia co segundo argumento, nunca é posible inserir o primeiro. Este é un dos casos en que se creba a relación directa entre S-*Votante* e CD-*Votado* para expresar o *Votado* como suxeito.

4.3.4. *Estruturas impersoais*

Finalmente, os usos impersoais, que centran a atención sobre a propia acción de *votar* e non proxectan o *Votante*, teñen unha incidencia mínima no noso estudo: apenas 10 aparicións. Diferenciamos entre as estruturas que non presentan argumento ningún (6 casos), cuxa valencia está reducida a cero: non se indica nin o *Votante* nin o *Votado*; e aqueles casos en que *votar*, conxugado a través dunha perífrase aspectual obrigatoria (*haber+que+infinitivo*), presenta como *Votado* ben un CD ben un CP, en exemplos como os que indicamos máis adiante na Táboa 8.

4.4. O A1: o *Votante* como suxeito

O *Votante* sempre aparece coa función de suxeito. Semanticamente, esta función representa o *Axente* que realiza a acción, tanto nas construcións monoargumentais absolutas (S-V), coma nas construcións biargumentais transitivas (S-V-CD) e intransitivas (S-V-CP, S-V-CI).

O A1 pode aparecer realizado como unha Fnom (166 casos) ou unha Fsubst (31 casos, incluíndo aquí os nomes propios) de distinta complexidade:

Os nenos non votan nin presionan. [F 683]

BNG e PSOE votan a favor da redución dos salarios. [F 545]

En Galiza, os galegos votan si. [F 721]

Don Xoán Manoel votou pola prisión ou morte do xeneral. [F 284]

Nas eleccións non votan só os ricos. [F 694]

Cómpre destacar tamén que destes suxeitos, 57 casos son pronomes relativos:

Os que votaron por nosoutros. [F 145]

Tamén rexistramos a presenza mínima de pronomes interrogativos, que apenas suman 2 realizacións na función de *Votante*:

¿Quén vai votar por el, quen o coñece? [F 303]

Finalmente, o *Votante* pode realizarse por veces nunha estrutura coordinada, sempre de unidades homocategoriais coa mesma referencia semántica:

Votaron en contra Pintané, Labaca, García Collazo, e Maior Rivas. [F 75]

Por outra banda, é moi frecuente que o suxeito non apareza expresado formalmente na cláusula, pero sabemos da súa referencia pola concordancia que mantén co verbo. Entre todas as estruturas activas, hai un total de 243 casos en que o suxeito está elidido. É unha cifra moi considerable se temos en conta que as cláusulas en que si aparece son 257, é dicir, o *Votante* non se realiza categorialmente a través de ningunha frase no 48,6 % das ocasións¹³. Na Táboa 6 ofrécense datos da elisión do suxeito nos distintos esquemas sintácticos argumentais activos:

Esquema sintáctico	Suxeito explícito	Suxeito elidido
S-V (132)	71	61
S-V-CD (202)	100	102
S-V-CP (163)	83	80
S-V-CI (3)	3	-
TOTAL:	257 (51,4 %)	243 (48,6 %)

Táboa 6: Casos de elisión do suxeito por estruturas.

E relativo á posición que adopta o suxeito con respecto ó verbo nestas estruturas, dos casos en que está explícito (257 casos) aparece en posición preverbal en 216 ocasións (84 %), fronte ás 41 en que estaba situado detrás do verbo (16 %). Isto é moi significativo se temos en conta que no noso corpus manexamos textos de todos os xéneros, algúns tan marcados no estilo como a poesía, que altera constantemente a orde prototípica dos elementos.

¹³ Este número pode ser menor de ter en conta que as cláusulas de infinitivo non presenta nunca un suxeito explícito, excepto no caso en que está conxugado en número e persoa, e que, nalgún intre do discurso, o falante pode facer referencia explícita á persoa ou entidade que realiza a acción de *votar*, pero que non volve expresar por economía lingüística.

Xa finalmente, canto ós trazos semánticos do *Votante*, no noso corpus é maioritariamente unha *Persoa* (P) (452 casos)¹⁴ con control sobre a acción e, en menor medida, unha *Entidade* (E) (46) ou unha *Cousa* (C) (2 casos)¹⁵:

El (P) nunca votara, nin pensaba face-lo. [F 449]

O Parlament catalán (E) vota a favor da reforma estatutaria. [F 738]

O PSOE tiña que recuperar parte de eses votos, que (C) votan en clave estatal. [F 731]

4.5. O A2: o *Votado*

O A2 do verbo *votar* aparece nas tres construcións activas biargumentais proxectándose sintacticamente ben como CD, maioritariamente, pero tamén como CP e moi minoritariamente como CI. Desde o punto de vista semántico, o *Votado* presenta unha maior variación có *Votante*, xa que pode ser unha *Persoa*, unha *Entidade* ou unha *Cousa* nunha proporción maior:

Non te atreves a votar por don Juan (P). [F 213]

M acostumaba votar ó Partido (E). [F 490]

O manifesto que (C) onte votaban basease en restaurar as institucións. [F 654]

A súa distribución pode verse na Táboa 7:

Esquema sintáctico	Persoa (P)	Entidade (E)	Cousa (C)
S-V-CD	85	40	77
S-V-CP	82	19	62
S-V-CI	3	-	-
TOTAL	170	59	139

Táboa 7: Semántica do *Votado*.

Semanticamente, o *Votado* fai referencia a maior parte das veces a unha *Persoa*, malia que as *Cousas* tamén teñen un índice de aparición moi elevado nas estruturas activas. As *Entidades*, conceptos moito máis concretos e restrinxidos, teñen un uso moi inferior ó resto de papeis semánticos. A pesar de que a estrutura S-V-CI ten un

¹⁴ Os casos en que o suxeito estaba elidido e non había ningunha referencia anterior, optamos por considerar que o *Votante* facía referencia a unha persoa por ser o rol semántico máis prototípico e menos marcado dentro da axentividade deste verbo.

¹⁵ Nos dous casos, o *Votante* exprésase en sentido metafórico.

uso circunstancial sobre o total, é significativo que o *Votado* faga sempre referencia a persoas e nunca a entidades, cun maior grao de abstracción, ou cousas.

4.5.1. O *Votado* como CD

A de CD é a función sintáctica máis recorrente como *Votado* (202 casos). Algunha das características que nos permiten distinguir o CD da función de CP son a pronominalización por un pronome átono de acusativo (*o/a/os/as*) e a non presenza de preposición. Ora ben, recollemos varios exemplos en que a función de CD está expresada mediante unha Fprep coa preposición *a*, que introduce unha Fnom:

o Alcalde que nos aconsella que votemos ao candidato do Goberno. [F 92]

Este exemplo de 1889 serve para ilustrar a problemática que garda a marcaxe do CD coa preposición *a* para diferenciar entre seres con trazo [+humano] que poderían ocupar a función de suxeito. Dende un punto de vista teórico dise:

En xeral, o OD vai sen preposición, pero nalgúns casos precisa de ser marcado por *a*. A razón última da presenza desta preposición é marca-la unidade (frase ou oración) como ‘non Sux.’ de aí que se asocie de preferencia a aquelas que teñen un referente [+humano], pois son as que teñen capacidade para ser Sux.-Ax. (Álvarez / Xove 2002: 97)

O CD con preposición *a* aparece en 62 dos 202 esquemas transitivos que rexistramos para o verbo *votar* en galego. Este uso prepositivo ocupa o 30,7 % do total e, na meirande parte dos casos (43), a preposición *a* vai acompañando un *Votado* que fai referencia a unha *Persoa*. As *Cousas* e as *Entidades* van acompañadas de preposición en 4 e 15 ocasións respectivamente. Hai que salientar que na maioría destes casos o uso da preposición como marca gramatical ten sentido de por si, ben por evitar a confusión entre S e CD (32), ben por ir con nomes propios (16).

Contra estes datos, 140 dos CD que aparecen no esquema transitivo non levan preposición *a* e o *Votado* constrúese a través de Fnom (63 mostras), de Fsubs (16 exemplos) ou con pronomes átonos de acusativo, como a seguir exemplificamos:

A maioría social do País Vasco, que vota *outra cousa*. [F 599]

Eu voto *Bloque* porque estou do lado dos febles. [F 414]

Aconsellan a todos os galegos que *o* voten o día que se celebre o plebiscito. [F 236]

Un tanto diferente, resulta a aparición dun adverbio (*si, non*) no espazo do A2:

a maioría votou *si*, pero case todos dubidaban que saíse. [F 461]

O uso dun adverbio neste oco aparece en 6 exemplos. Decantámonos por considerala como unha forma substantivada que expresa a elección do voto, o *Votado*,

e que está funcionando como CD. Optamos por esta análise, pois conforme á proba da focalización nunha estrutura atributiva enfática como: ***Si foi o que*** *votou a maioría*, o pronome relativo, que fai referencia ó foco, preséntase coa forma típica dos CD, así e todo coas reservas que suscita que esta función estea expresada cun adverbio.

Para pechar este apartado, queremos engadir un dato cronolóxico que coidamos de interese. O uso transitivo do verbo *votar* ten unha datación tardía (1861) en documentos escritos, se temos en conta que a aparición da outra estrutura biargumental maioritaria S-V-CP, coa que alterna a de S-V-CD, aparece por primeira vez nun texto en galego en 1813. Hai demasiada distancia cronolóxica entre as dúas estruturas, aínda que a gran especificidade do verbo pode ser unha das causas que explique a ausencia deste verbo durante espazos considerables de tempo.

4.5.2. O *Votado* como CP

O *Votado* pode expresarse tamén formalmente a través dunha Fprep, que sintacticamente funciona coma un CP. A preposición ou locución prepositiva vén esixida polo verbo. Riveiro Costas (2002) recolle para o verbo *votar* no galego actual catro rexencias:

Por - Votou polo partido conservador.

Para - Votei para o candidato de centro.

A - Non lle votou ó partido no poder¹⁶.

En - Votou en branco.

No noso corpus rexistramos bastantes máis, como se pode ver na Táboa 8. Delas merecen un comentario especial os casos de *a favor de* e *en contra de*. Aínda que estas locucións prepositivas poderían ser analizadas tamén como Fadv (locucións adverbiais + *de*, pois de feito poden funcionar soas: *votar a favor*), optamos por considerar todos os casos do mesmo xeito, isto é, como Fprep, por «el hecho de que muchas de esas locuciones son conmutables por una preposición simple» (véxase Gómez Torrego 1985: 10). Seguindo este criterio, *a favor de* ocupa distribucionalmente a posición da preposición *por* e no caso de *en contra de*, a da preposición *contra*.

¹⁶ Aínda que optamos por considerar esta estrutura como ((S)-V-CP) cabe a posibilidade de considerar que a presenza do pronome átono de dativo *lle* é un indicio de que podería tratarse dun CI. Isto é algo que deberá ser debatido en futuros traballos.

Prep. / loc. prep.	Nº de aparicións	Exemplos
A favor de	14 (8,6 %)	<i>Votaron a favor do Estatuto: 999.351 eleitores.</i> [F 272]
A favor	4 (2,5 %)	<i>O PSOE votaba a favor porque (...).</i> [F 426]
A prol de	2 (1,2 %)	<i>O seu propio partido vota no Parlamento a prol da conservación do Gran Teatro de Lugo.</i> [F 725]
Con	14 (8,6 %)	<i>Sempre votei con vostedes.</i> [F 229]
Contra	8 (4,9 %)	<i>Os que votastes contra os rexionalistas.</i> [F 147]
Descontra	1 (0,6 %)	<i>Na cadea prapoñé-los a descuberto como masóns, fóra-no ou non, con tal de que votasen descontra os «cuneros».</i> [F 294]
En contra de	11 (6,7 %)	<i>Algúns concexás votaban en contra do que sostiñan na discusión.</i> [F 69]
En contra	9 (5,5 %)	<i>Os países que votaron en contra</i> [F 345]
En favor de	6 (3,7 %)	<i>Quen votare en favor do candidato maurista.</i> [F 140]
En pro de	2 (1,2 %)	<i>As diputaciós [...], eses congresos de a intelixencia rural, votan, cheas d'orgullo, en pro dos foguetes.</i> [F 30]
En	2 (1,2 %)	<i>Están pensando que en asuntos que afecten só a Inglaterra non voten nada máis que os deputados.</i> [F 512]
Encol de	1 (0,6 %)	<i>O pobo conoce ben o que sinifica o Galeguismo para el, votará conscente encol de aquilo.</i> [F 247]
Escontra de	1 (0,6 %)	<i>Homes coma ti ..., anque algunha vez voten escontra de iles mesmo, non fan mal a Galiza.</i> [F 316]
Para	15 (9,2 %)	<i>Votabas pra os republicáns ou votabas pra os demócratas.</i> [F 323]
Por	71 (43,5 %)	<i>A verdade é que os galegos non votamos por ninguén.</i> [F 400]
Sobre	3 (1,8 %)	<i>Un traballador de Ence vota na consulta sobre a continuidade ou non do comité de persoal da CIG.</i> [F 697]
TOTAL	163 (100 %)	

Táboa 8. Rexencia prepositiva de votar na BDP.

Ademais, aínda está a consideración de *a favor* e *en contra* cando aparecen sen o termo prepositivo. A nosa opción foi considerarmos que nestes casos estaríamos ante unha *anáfora cero*, fenómeno relacionado co concepto de *latencia*, que entendemos como «un actante no expresado [que] puede estar implicado por el contexto (...) [y] es recuperable por el contexto previo» (García-Miguel 1995b: 14). Iso si, nestes casos non está elidida toda a función (CP), senón que a elisión estaría limitada ó elemento nominal, como se ve nestes dous exemplos:

Votaron a favor de o Estatuto 993.351 eleitores. [F 272]

Votaron en contra [do Estatuto]: 6.161. [F 271]

Na segunda cláusula a preposición *de* e a Fnom *o Estatuto* están elididas, porque o contexto o permite, xa que é evidente que o *Votado* está expreso na cláusula anterior e o referente elidido aínda ten presenza abunda na cadea falada.

Por outra parte, como podemos apreciar na Táboa 8, a preposición *por* é a unidade coa que se constrúe habitualmente o *Votado* cando está expresado sintacticamente como CP (un 43,5 % dos casos totais); o resto de preposicións e locucións prepositivas nunca superan o 10 %. O interesante destas cifras xerais reside en que a polarización positiva do voto é moi superior á negativa: 81,2 % para as primeiras (*por, a favor, con...*) e 17 % para as segundas (*en contra de, contra...*). Todo parece indicar que o sentido do *Votado*, cando aparece explícito, adoita ir en sentido positivo; temos algunhas reservas sobre a polaridade da preposición *sobre*, que non parece indicar tanto o sentido positivo ou negativo do *Votado* como a simple mención do *Votado* como tema da elección sen especificar.

Queremos destacar tamén neste punto o uso da preposición *con* co valor de *por*. Proba disto é que rexistramos un caso en que se opoñen semanticamente *votar contra* e *votar con* ('por') na seguinte cláusula:

Procederon á votación, e os mesmos meus, vosté pasmel en vez de votar *comigo*, *contra min* foron votare!. [F 10]

Aínda noutros dous exemplos *con* ofrece outros valores particulares:

FIDALGO ¿Vostede votou *comigo*? - MOZO 1º Si, señor. [F 188]

Nós preferimos votar *cos* perdedores. [F 393]

Nestes casos, *con* parece establecer un vínculo de complicidade alén da elección do *Votado*; por suposto, estes usos parecen ter un carácter idiomático semellante ó de «ti es dos meus» ou expresións similares.

Finalmente, gustaríanos tamén chamar a atención sobre unha cuestión de frecuencia de uso de orde diacrónica. Formas como *en favor de*, *en pro de* son

locucións que tiveron un uso estendido durante o século XIX e primeiro terzo do XX, pero que non se rexistran na actualidade. Semella que conforme estas locucións foron caendo en desuso foron sendo substituídas por outras semellantes con modificación na preposición inicial: *en favor de* > *a favor de*; *en prol de* > *a prol de*; as segundas formas comezamos a rexistralas dende mediados do XX.

4.5.3. O Votado como CI

A pesar de que a estrutura S-V-CI aparece só en tres ocasións na nosa BDP, a nosa experiencia como observadores dos feitos lingüísticos dinos que a codificación do *Votado* por medio dun clítico de dativo *lle/lles* (fronte ó tradicional con un de acusativo *o/a/os/as*) é un feito frecuente que está a estenderse no galego actual, sobre todo en rexistros lingüísticos non planificados.

Co fin de coñecer este alcance, realizamos unha busca específica en *Google* do verbo *votar* en infinitivo máis o pronome *lle* e *lles*. Aínda que hai que tomar estes datos con coidado pola posibles duplicidades, resultados precipitados e baleiros, obtivemos un total de 5.210 coincidencias e delas, entre as primeiras analizadas, cando menos 111 eran inequivocamente casos de *votar* cun clítico de dativo *lle*, coma estes dous:

Logo dirán o PP e, sobre todo, o PSOE que o útil é votar*lles a eles*. [F 873]

A xente plantéxase que diferenza hai entre votar*lles a vostedes ou ó PSOE*. [F864]

Así e todo, outra busca de *votar* máis o pronome átono de acusativo (*o/a/os/as*) deu como resultado o total de 3.750 exemplos deste uso, o que nos indica que a construción con clítico de acusativo é aínda tamén habitual.

Poderíamos preguntarnos que é o que está a favorecer en certos falantes a interpretación do *Votado* como un CI e non un CD. Quizais nos poida axudar a explicar esta alternancia entre os clíticos *o/le* a explicación de López Martínez (1990: 286):

No galego, coma noutras linguas, as funcións de CD e CI poden estar desempeñadas por distintas unidades gramaticais. Unha frase pode desempeñar ámbalas dúas funcións, pero, mentres que para a función de CI ha de ser sempre unha frase preposicional coa preposición “a”, para a de CD, a frase será nominal, e só en determinados casos se utiliza unha frase preposicional (19). Así pois, formalmente non se poderían diferenciar estas relacións funcionais.

Así pois, a explicación desta vacilación viría dada pola indistinción formal entre os CD de persoa con preposición *a* e o CI e mais polas similitudes que existen entre ambas no plano semántico: o *Votado* garda certo parecido semántico co *Receptor* manifestado no CI. Con todo, non podemos negar que usos propios do castelán, como o uso admitido de *le* (CI) para o CD de persoa, estean tamén na raíz deste cambio

sintáctico no galego. Os datos tirados das buscas en Internet indican que este uso está cada vez máis presente na estrutura da lingua galega e dan conta do cambio que se produce constantemente no sistema. Teñan unha natureza interna, como a dificultade por manter unha oposición tan feble entre funcións, ou externa, influencia directa doutras linguas, o uso do pronome de dativo (*votarlle*) e acusativo (*votalo*) está en clara oposición sintáctica.

5. Conclusións

Despois de analizarmos máis de 600 estruturas, podemos afirmar que o verbo *votar* en galego ten un uso esencialmente bivalente, ou biargumental: *Votante-Acción-Votado*. No entanto, non podemos esquecer que a construción monovalencial (absoluta), na que o segundo argumento (*Votado*) non está explícito, ten unha presenza máis que considerable entre o total das mostras analizadas. Así pois, existen para *votar* en galego dous posibles esquemas valenciais: [*alguén*] *vota*, propio do uso monovalente; e [*alguén*] *vota* [*algo/a alguén/por alguén*], que se corresponde co uso bivalente. A expresión formal deste esquemas deu lugar ós distintos esquemas sintácticos que varían en función da diátese e da transitividade e que xa comentamos polo miúdo ó longo do traballo: S-V, S-V-CD, S-V-CP, S-V-CI, S-Vse, SP-V, V-CD etc.

O *Votante*, microrrol relativo ó *Axente* do propio verbo *votar*, adoita facer referencia na meirande parte das estruturas a unha *Persoa*. O *Votado*, función relacionada co *Paciente*, presenta unha maior variedade entre *Persoas*, *Entidades* e *Cousas*. Así mesmo, a través da descrición formal, observamos tendencias como a frecuente elisión do suxeito en *Votantes* prototípicos (*Persoas*), a preferencia pola voz activa e, en particular, polo uso transitivo do verbo. A pesar disto último, o uso de *votar* non é alleo ós procesos de cambio lingüístico, pois a pescuda realizada en Internet revelou a existencia do uso dun esquema con CI que vai en aumento e que denota o cambio na percepción dos falantes dos usos transitivos e intransitivos deste verbo.

Coidamos que queda cumprida a tarefa inicial que nos formulabamos: describir o uso en galego do verbo *votar* dende as súas primeiras datacións ata os nosos días, interpretar as causas lingüísticas e extralingüísticas que o motivan e poñer de manifesto a complexidade e vitalidade dun verbo tan específico e, mesmo así, tan recorrente na nosa lingua.

Referencias bibliográficas

- ADESSE = García-Miguel, José M^a (dir.) (2019): *Alternancias de Diátesis y Esquemas Sintáctico-Semánticos del Español (ADESSE)* [en liña]. [Ref. do 16 de marzo de 2019]. Disponible en: <<http://adesse.uvigo.es/index.php/ADESSE/Inicio>>.
- Álvarez Blanco, Rosario / Xosé Xove Ferreiro (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Bosque, Ignacio (2001): «Sobre el concepto de ‘colocación’ y sus límites», *LEA: Lingüística Española Actual* 23, 1, 9-40.
- Busse, Winfried / Mário Vilela (1986): *Gramática de valências. Apresentação e esboço de aplicação à língua portuguesa*. Coimbra: Livraria Almedina.
- Cidrás Escáneo, Francisco A. (1992): «Sobre a función da concordancia: consideracións a propósito das concordancias verbais anómalas», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 19, 41-53.
- CORGA = Rojo Sánchez, Guillermo / M^a Sol López Martínez (dirs.) (2019): *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA)* [en liña]. [Ref. do 29 de maio de 2019]. Disponible en: <<http://www.cirp.gal/corga/>>.
- CUMIO = Villegas Belmonte, Francisco (coord.) (2011): *Gran diccionario Cumio da lingua galega*. Ponte Caldelas (Pontevedra): Edicións do Cumio.
- Dik, Simon C. (1981): *Gramática funcional*. Madrid: Sociedad General Española de Librería S.A. [Trad. Leocadio Martín Mingorance e Fernando Serrano Valverde].
- Domínguez Oroña, María B. (2018): «Construcións causativas e anticausativas en galego: o caso de aprender», *Estudos de Lingüística Galega*, volume especial I, 155-178.
- Domínguez Portela, M^a Soraya (2012): *Construcións verbais en galego e portugués: verbos de movemento*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- DRAG = González González, Manuel (dir.) (2012): *Diccionario da Real Academia Galega* [en liña]. [Ref. do 15 de maio de 2019]. Disponible en: <<https://academia.gal/diccionario>>.
- Fernández Salgado, Xosé A. (2009): «Sobre o réxime do verbo *informar* en galego», *Estudios de Lingüística Galega* 1, 209-223.
- García-Miguel, José M^a (1995a): *Las relaciones gramaticales entre predicado y participantes*. Santiago de Compostela: Universidade.
- García-Miguel, José M^a (1995b): *Transitividad y complementación preposicional en español*. Anexo de *Verba* nº 40. Santiago de Compostela: Universidade.
- GDX = Carballeira Anllo, Xosé M^a (coord.) (2009): *Gran diccionario Xerais da lingua*, 2 vols. Vigo: Xerais.
- Gómez Torrego, Leonardo (1985): *Teoría y práctica de la sintaxis*. Madrid: Editorial Alhambra.

- Hartmann, Iren / Martin Haspelmath / Michael Cysouw (2014): «Identifying semantic role clusters and alignment types via microrole coexpression tendencies», *Studies in Language*, 38, vol. 3, 463-484.
- López Martínez, M^a Sol (1990): «A propósito dalgunhas estruturas sintácticas do verbo *mandar* en galego», en Mercedes Brea e Francisco Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Santiago: Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 283-291.
- López Martínez, M^a Sol (2004): «Os verbos denominativos na lingua medieval: *chamar*», en Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 195-208.
- Pereira Maceda, María (2009): «Un caso de variación no galego moderno: posibles realizacións do complemento directo dos verbos ‘oír’ e ‘escoitar’», *Estudios de lingüística galega* 1, 125-146.
- Riveiro Costas, Xesús (2002): *Diccionario Cumio de réximes verbais*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Soto Andión, Xosé (2009): *Construcións intransitivas: contribución a un dicionario analítico de construcións verbais*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- Tesnière, Lucien (1994): *Elementos de sintaxis estructural*, 2 vols. Madrid: Gredos. [Versión española de Esther Diamante. Tradución de 1959]
- TILG = Santamarina Fernández, Antón (dir.) (2018): *Tesouro Informatizado da lingua galega (TILG)* [en liña]. [Ref. do 29 de maio de 2019]. Dispoñible en: <<https://ilg.usc.es/TILG/gl>>.

ANEXO: Ficha de análise da BDP

Base de datos VOTAR Recuperada		
Id:	49	Composición do 1º argumento:
Contexto á esquerda:	los compremisarios . Pra eleixir tres senadores a a nosa vila mandados . Elexiro- nos de présa e por encargo	Composición do 2º argumento (estrutura):
VERBO:	votáro-	Complemento circunstancial de modo: tipoloxía:
Contexto á dereita:	nos pra saír de o compremiso qu' os tiña compremisados . A un de eles eu perguntei	Funcións semánticas:
Acepción:	2	Votante: rol secundario:
Modo, tempo, número e persoa:	V_Ind_Pret_3_p	Votado: rol secundario:
Voz activa/pasiva/pasiva reflexa/imperso:	A	Presenza de pronome ACUS/DAT:
Transitivo/ Intransitivo:	T	Ano:
Valencias do verbo:	2	Corpus e identificador:
Esquema sintáctico completo:	CCM-(S)-V-1-CCF	Tipo de texto:
Funcións sintácticas argumentais:	(S)-V-CDIR	Varia:
Orde dos constituíntes funcionais:	(S)-V-1	

A DISPOÑIBILIDADE LÉXICA EN ESTUDANTES DA ESO DA TERRA DE CALDELAS: O CENTRO DE INTERESE DAS PROFESIÓNS E OFICIOS

*Lexic availability in ESO students from the Terra de Caldelas:
the field of interest Professions and jobs*

Patricia Cid Blanco

Universidade de Vigo

patricidblanco@gmail.com

Resumo: Neste traballo facemos unha primeira achega ao estudo da dispoñibilidade léxica en galego de estudantes da ESO da comarca da Terra de Caldelas. Para iso, realizamos primeiramente unha contextualización do concepto *dispoñibilidade léxica*, describimos logo a metodoloxía proposta por esta disciplina, da que a enquisa que aplicamos é unha parte importante, e presentamos finalmente os datos obtidos en seis *centros de interese*, aínda que só os de «As profesións e os oficios» se analizan con certo detalle. O estudo céntrase na produción de palabras e lemas dos estudantes, combinando nalgúns casos a produción con diferentes variables sociais.

Palabras chave: Dispoñibilidade léxica, centro de interese, lematización, Terra de Caldelas, lingua galega.

Abstract: This work attempts to make a preliminary contribution to the study of the lexical availability in Galician of ESO students from Terra de Caldelas. To do this, we first provide a contextualization of the concept of lexical availability, then describe the methodology proposed by this discipline, of which the survey we apply is an important part, and finally we present the data obtained in six «fields of interest», although only those of «Professions and jobs» are analysed in some detail. The study focuses on the production of students' words and mottoes, in some cases combining production with different social variables.

Keywords: Lexical availability, field of interest, lemmatisation, Terra de Caldelas, Galician language.

1. Introducción¹

A miña percepción como residente en Galicia e como persoa interesada pola lingua e a cultura propias é que o galego é cada vez menos a lingua elixida polos máis novos para comunicárense entre si. Así mesmo, máis dunha vez témoslles escoitado a algúns docentes queixas sobre a pobreza do vocabulario en galego do alumnado e que mesmo algúns estudantes, sobre todo de ámbitos urbanos, teñen dificultades para expresárense na lingua propia do país que, por outra parte, é oficial na nosa Comunidade xunto co castelán.

Así, co fin de comprobar se esa percepción sobre a pouca riqueza léxica dos estudantes era certa ou non tomamos a iniciativa de realizar un traballo que analizase o léxico dispoñible dos estudantes da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) dunha comarca concreta ourensá como é a Terra de Caldelas.


O motivo da elección desta zona débese ao feito de sermos nativos da bisbarra de Caldelas, o que nos permite ter un bo coñecemento das relacións sociais, costumes, hábitos... entre os seus habitantes. Ademais, sonnos familiares tamén os usos lingüísticos que adoitan ocorrer no acto de comunicación, o que cremos que facilita a interpretación dos datos que obteñamos nesta iniciática investigación sobre a dispoñibilidade léxica; por outra parte, tema este que xa foi abordado entre os preuniversitarios galegos por Belén López Meirama e María Álvarez de la Granja (2014) en *Léxico dispoñible do galego*, un traballo que nos vai servir de guía e contraste en varios apartados do noso.

A comarca da Terra de Caldelas está situada na área central da provincia de Ourense (véxase o Mapa 1) e a ela pertencen os concellos de Castro Caldelas, Montederramo, Parada de Sil e A Teixeira. Linda ao leste coa comarca de Trives, ao oeste coa de Allariz-Maceda, ao sur coa comarca de Verín e ao norte coa xa luguesa Terras de Lemos. En 2015 a comarca da Terra de Caldelas posuía 3.141 habitantes. Trátase dunha poboación bastante envellecida, pois o 45.02 % era maior de 65 anos e só un 4.36 % tiña menos de 15 anos. É unha zona eminentemente rural, que se

¹ Gustaríame amosar o meu agradecemento a todo o profesorado e alumnado da ESO do CEIP Virxe dos Remedios de Castro Caldelas polo bo recibimento dende o intre en que lles propuxen realizar este traballo con eles e polo tempo dedicado para que a enquisa fose realizada da mellor forma posible; e igualmente a María Álvarez de la Granja por facilitarme unha versión en PDF do libro do que é coautora, *O léxico dispoñible do galego* (2014). Anteriormente, este foi o meu Traballo Fin de Grado, polo que tamén me gustaría agradecerlle ao meu titor Xosé Antonio Fernández Salgado o seu tempo, paciencia e dedicación.

sostivo tradicionalmente da gandería e viticultura e nas últimas décadas tamén do turismo rural por estar enclavada na Ribeira Sacra do Sil.

O CEIP Virxe dos Remedios, que é o centro de ensino desta comarca, sitúase no concello de Castro Caldelas, en concreto na súa capital. A este CEIP acoden arredor de 120 alumnos e alumnas, dende Infantil á ESO, de todos os concellos da comarca. Na ESO había 32 alumnos matriculados no curso 2016/17. Eles foron a poboación obxecto da nosa investigación sobre a dispoñibilidade léxica.



Mapa 1: Localización da comarca de Terra de Caldelas

Fonte: <https://es.wikipedia.org/wiki/Comarca_de_Tierra_de_Caldelas>

2. Obxectivos

Como xa adiantamos, o obxectivo principal deste traballo é facer unha primeira achega ó eido da dispoñibilidade léxica e dar a coñecer algúns datos sobre o léxico dispoñible de estudantes da educación secundaria (12-17 anos) da comarca ourensá de Caldelas nuns temas ou centros de interese determinados. Por outra parte, derivado do obxectivo principal está tamén o de describir como o léxico dispoñible recollido entre estes adolescentes varía segundo determinadas variables sociais (sexo, lingua inicial, lingua habitual...).

O fin último do estudo é a elaboración dun vocabulario que recolla todo o léxico facilitado polos estudantes no centro de interese elixido, cos lemas e as variantes proporcionadas. Un vocabulario deste tipo permitirá, entre outras cuestións, saber cales son as interferencias do castelán neste campo e pode achegar informacións aos docentes sobre as carencias léxicas do alumnado e en que puntos deberían centrarse na súa aprendizaxe. Bugarín López (2007: 49-52) comenta que os traballos sobre frecuencia e dispoñibilidade léxicas teñen diferentes aplicacións. Algunhas delas poden ser a elaboración e corrección de dicionarios, o ensino dunha lingua ben como estranxeira ou como segunda lingua en casos de comunidades bilingües, no ensino progresivo do léxico, no deseño de libros escolares, na recuperación de pacientes con perda ou problemas de fala, no desenvolvemento de recoñecedores de fala ou no deseño de xogos.

3. A dispoñibilidade léxica

Tal e como se explica no *Proyecto Panhispánico de Disponibilidad Léxica*, dirixido e coordinado por Humberto López Morales², a *dispoñibilidade léxica* é considerada un campo de investigación que ten como obxectivo a recollida e análise do léxico dispoñible dunha determinada comunidade de fala, entendendo por *léxico dispoñible* o conxunto de palabras que os falantes teñen na súa mente, o uso do cal está condicionado por un tema concreto da comunicación. Cos estudos de dispoñibilidade léxica o que se pretende é descubrir que palabras sería quen de usar un falante en determinados *temas* da comunicación, que identificamos como *centros de interese*. Diferenciaríase así do *léxico frecuente*, que sería o conxunto de palabras que máis veces aparecen na fala con independencia do tema tratado.

Nas listaxes do *léxico frecuente* das linguas as palabras que se localizan nos primeiros lugares son de tipo gramatical (artigos, conxuncións, preposicións...) e só despois veñen en orde decrecente os verbos, adxectivos e substantivos³. Pola contra, no *léxico dispoñible* abundan sobre todo os substantivos que aluden a realidades

² O *Proyecto Panhispánico* (dispoñible en: <<http://www.dispolex.com/>>) reúne desde hai máis dunha década a grupos de investigadores cunha mesma metodoloxía que veñen elaborando dicionarios de dispoñibilidade léxica para as diversas zonas do mundo hispánico, de xeito que se poidan facer comparacións de tipo lingüístico, etnográfico e cultural. Na súa *web* poden verse, ademais dos obxectivos, os proxectos en marcha e bibliografía sobre o tema.

³ Véxase, por exemplo, a táboa cos cen lemas máis frecuentes do galego no traballo de Bugarín López (2007: 1047-1048) e o contraste co doutras linguas románicas, tamén en Bugarín López (2007: 1050-51).

concretas. Como indica López Morales na presentación do *Proxecto Panhispánico*: «el léxico disponible es un léxico potencial, no actualizado; mientras que la frecuencia solo trabaja con léxico actualizado». O léxico frecuente xunto ao léxico dispoñible conformarían o chamado *léxico fundamental* dunha lingua.

Seguindo a Sánchez-Saus Laserna (2016: 19-22), foi na primeira metade do século XX, da man de R. Micheá (1953) e nun contexto de necesidade de aprendizaxe de linguas estranxeiras, cando xurdiu a preocupación e os primeiros estudos por determinar cal era o léxico fundamental dunha lingua, por definir cales eran as palabras que máis se empregaban e, sobre todo, cal debía ser o vocabulario que correspondería ensinar inicialmente aos aprendices dunha nova lingua.

Os primeiros traballos sobre esta determinación baseáronse en corpus de palabras frecuentes. Pero segundo Sánchez-Saus Laserna, a idea de empregar os elementos léxicos máis frecuentes para conformar o vocabulario básico dunha lingua amosaba certas carencias, xa que establecendo unha xerarquía en función da cantidade de veces que se repite un vocábulo podía darse o caso de ausencia de palabras tan cotiáns como son *coitelo*, *metro* ou *dente*. De aí xurdiu a necesidade do concepto de *dispoñibilidade léxica* e *léxico dispoñible*, que, como explican Rodríguez Muñoz / Muñoz Hernández (2008), é o resultado da combinación de métodos léxico-estadísticos coa pescuda de léxico fundamental, o que dá lugar á determinación do *léxico básico frecuente*, aproveitando a noción de *centro de interese*. Pola súa parte, Bartol Hernández indica que para conseguir o léxico dispoñible non podemos basearnos só na frecuencia en que aparecen as palabras, e xustifica isto dicindo:

Y es que hai palabras cuya utilidad está estrechamente ligada a un tema, por eso Micheá las llamó temáticas, y otras, en cambio, que tienen utilidad independiente del tema —Micheá las llamó atemáticas—. Estas son las que aparecen en los léxicos de frecuencias; aquellas en los léxicos disponibles. (Bartol Hernández 2010: 88)

Aínda que os primeiros traballos que adoptaron a metodoloxía da dispoñibilidade léxica estiveron centrados no francés e no inglés, pois foron as linguas máis demandadas para aprender, foi quizais o español a lingua que mellor aproveitou os beneficios deste método e, así, foron moitos os estudos que se lle dedicaron ao léxico dispoñible⁴. A partir dos anos 70 do século pasado xorden en Centro América e no Caribe, os primeiros traballos que se preocupan por analizar a dispoñibilidade léxica de comunidades de fala española, nos cales ten un papel principal e pioneiro Humberto López Morales con varias contribucións sobre o léxico dispoñible de Porto Rico (López Morales 1999). O xa aludido *Proyecto Panhispánico*, dirixido por este

⁴ Póde verse unha breve historia sobre a orixe deste tipo de estudos e o desenvolvemento actual en Sánchez-Saus Laserna (2016: 23-32).

investigador portorriqueño, foi o impulso definitivo para tales investigacións. O proxecto centrou os seus obxectivos na elaboración de dicionarios de dispoñibilidade léxica para zonas de fala hispánica, seguindo unha serie de criterios moi homoxéneos que posteriormente serviron de modelo para estudos posteriores.

Integrado no *Proyecto Panhispánico* está o subproxecto *Dispoñibilidade léxica en Galicia*, que se interesou inicialmente polo español aquí falado. Os resultados desta investigación déronse a coñecer na publicación *Léxico disponible en el español de Galicia*, de Belén López Meirama (2008). A ela seguiron outros estudos que abordaron xa as consecuencias lingüísticas do contacto entre español e galego, como o traballo «La presencia del gallego en el léxico disponible del español de Galicia», de María Álvarez de la Granja (2011), e culminaron en 2014 con *Léxico disponible do galego*, redactado por López Meirama e Álvarez de la Granja, o primeiro traballo sobre o galego seguindo esta metodoloxía. Segundo indican as súas investigadoras, o seu obxectivo foi crear unha base de datos a través da cal se poida realizar unha avaliación do control do léxico galego por parte dos estudantes. O traballo de López Meirama / Álvarez de la Granja (2014) foi unha referencia importante para a elaboración do noso.

Así e todo, algunhas investigacións anteriores xa tentaran establecer, clasificar ou estudar o léxico básico do galego desde diferentes procedementos. Destes antecedentes merece ser nomeado o *Nivel Soleira*, de Fernández Salgado / Monteagudo Romero / Puga Moruxa (1993), que na súa descrición do nivel limiar para a aprendizaxe do galego incluían no apartado «Nocións específicas» (pp. 187-293) as palabras básicas que debía aprender un estudante de galego como segunda lingua —de fala castelá—, clasificadas en 16 centros de interese. Pola súa parte, as investigadoras en Psicoloxía da linguaxe, Teijido López, Pérez Vázquez e Fraga Carou (2003), tamén publicaron *Lexical Primaria. Diccionario de frecuencias léxicas do galego escrito para nenos*, que estableceron a partir de libros e publicacións dirixidos a nenos de 0 a 12 anos publicados entre 1985 e 1999. Igualmente, Bugarín López (2007) traballou sobre frecuencias léxicas en galego na súa tese de doutoramento, da que derivou a publicación *O galego fundamental: diccionario de frecuencias*. Nel parte da elaboración dun corpus informático de textos de carácter oral e escrito para despois realizar unha lematización das formas que o integran e, finalmente, agrupalas segundo o lema de referencia formando unha serie de listas de vocabulario.

Ata aquí introducimos o noso traballo, enumeramos os obxectivos e contextualizamos a nosa investigación no ámbito da dispoñibilidade léxica, facendo ademais un breve percorrido polos estudos que se interesaron polo establecemento do léxico básico do galego. No que segue, explicamos a metodoloxía aplicada, logo analizamos os resultados da mostra e extraemos as conclusións. Despois destas, incluímos as referencias bibliográficas usadas e uns Anexos en que engadimos: 1) o

vocabulario básico lematizado de «As profesións e oficios», o centro de interese no que nos detemos máis na nosa mostra, e 2) o modelo de enquisa aplicado.

4. Metodoloxía

Os estudos sobre dispoñibilidade léxica comparten unha metodoloxía, xa moi experimentada, que é a que nós tamén imos aplicar na nosa investigación sobre o léxico dispoñible en alumnado da ESO da comarca da Terra de Caldelas. Esta metodoloxía conxuga unha parte cuantitativa, pois achegamos datos numéricos sobre o léxico obtido, con outra cualitativa, xa que eses datos serán comentados en relación con algunhas variables sociais e, na medida do posible, contrastados cos datos obtidos a nivel xeral de Galicia no *Léxico dispoñible do galego* de López Meirama e Álvarez de la Granja (2014).

Para obter o léxico dispoñible aplicámoslles aos nosos informantes unha enquisa, previamente preparada, que pasamos a comentar.

4.1. A enquisa

A enquisa que empregamos —consultable nos Anexos deste traballo—, consta de dúas partes. Nunha primeira, pregúntanse ao alumnado datos de identificación e de carácter sociolingüístico: nome e apelidos, sexo, idade, estudos, lugar de nacemento, lugar de residencia habitual, lingua materna, lingua habitual, lingua do pai, lingua da nai e lingua na que se comunicaban con seus pais. A outra parte está destinada a completar os 6 centros de interese que finalmente eliximos para enquisar.

4.2. Os informantes

A nosa enquisa foi realizada aos 32 alumnos e alumnas que cursan os catro cursos da ESO no CEIP Virxe dos Remedios de Castro Caldelas. Como xa se explicou, eliximos este centro e esta zona por sermos nativos dela, o que nos permite un estreito contacto cos estudantes e o coñecemento das súas áreas culturais (asociacións culturais, actividades etc.). No curso 2016/17, cando se fixo este traballo, o CEIP tiña aproximadamente uns 120 alumnos matriculados, que proviñan dos distintos concellos que conforman a comarca caldelá. É un centro no que se imparte Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Coa parte da enquisa sociolingüística (véxanse os Anexos) a intención é coñecer o contexto social e lingüístico no que se desenvolve cada un dos enquisados. Os seis primeiros puntos son preguntas persoais, mentres que as cinco seguintes refírense especificamente a usos lingüísticos.

En primeiro lugar, pídeselles que indiquen o seu nome ou alcume para poder identificalos. Non obstante, co fin de salvagardar a súa anonimía, no procesamento dos datos adxudicóuselles un número a cada un dos estudantes enquisados. En segundo lugar, pídesse que sinalen o seu sexo. No Gráfico 1 obsérvase que o número de estudantes enquisados de sexo masculino, 18 rapaces, é lixeiramente superior ós de sexo feminino, 14 rapazas.




Gráfico 1. Distribución por sexo dos estudantes da ESO enquisados, curso 2016/17.

En terceiro lugar, pregúntaselles pola idade. Tendo en conta que o número de alumnos que están matriculados neste instituto é reducido, a enquisa realizouse a todo o estudantado da ESO do centro, 32 en total, con idades comprendidas entre os 12 e 17 anos. Neste aspecto, a noso traballo diferénciase do de López Meirama e Álvarez de la Granja (2014), xa que os seus destinatarios eran unicamente alumnos de 2º de Bacharelato, por tanto de 17-18 anos.

Canto aos estudos, pedíuselles que especificasen cal era o curso que estaban estudando, xa que previamente coñecemos que teñen a Educación Primaria, e todos eles están cursando a ESO. Como se ve no Gráfico 2, a diferenza de número de alumnos en cada curso é escasa, aínda que é 1º da ESO o curso cun número lixeiramente maior de alumnado. Que estuden un curso ou outro pode servirnos á hora de extraer datos para coñecer se varía o índice de dispoñibilidade dos estudantes de 1º fronte aos de 4º da ESO.




Gráfico 2. Número de alumnos por cada curso.

No que atinxe ao seu lugar de nacemento, podemos ver no Gráfico 3 que, dos 32 enquisados, 28, a gran maioría, naceu en Galicia, concretamente en Ourense, onde se atopa o centro hospitalario de referencia desta comarca. Dos restantes, un naceu en Cataluña, que ao igual que Galicia conta con lingua propia cooficial, e os outros tres, no estranxeiro: dous en Portugal —as súas enquisas indican que teñen certas confusións entre galego e portugués—, e outro en Francia, concretamente nos Perineos Franceses —que tende a empregar máis léxico do castelán.




Gráfico 3. Lugar de nacemento dos informantes.

A residencia habitual dos enquisados, como se pode ver no Gráfico 4, é maioritariamente a zona rural, pois 22 dos enquisados viven en aldeas da comarca (A Teixeira, Tronceda, Santa Tecla, Fontedoso, A Ventosa, A Edrada, Sacardebois, Quintela, Sas de Penelas, Montederramo...), e só 10 o fan na vila de Castro Caldelas, malia ser esta o centro económico e administrativo da comarca.




Gráfico 4. Lugar de residencia habitual.

As cuestións restantes da enquisa refírense a aspectos lingüísticos. Canto á lingua inicial, como se observa no Gráfico 5, a maioría do alumnado enquisado (25 dos 32 estudantes) ten o galego como lingua inicial, 3 o castelán como lingua materna —as 3 de sexo feminino— e os 4 restantes, linguas diferentes a estas: o catalán, o portugués e o francés —todos nados fóra de Galicia.




Gráfico 5. Lingua inicial dos estudantes da ESO da comarca da Terra de Caldelas.

Xa no referido á lingua que usan habitualmente para se comunicaren, o número redúcese soamente a dúas: o galego e o castelán. No Gráfico 6 que segue, podemos apreciar que a lingua de uso cotián de 27 dos estudantes é o galego, fronte a 5 que é o castelán. Dentro destes 5 están incluídas as 3 rapazas que teñen o castelán xa como lingua materna e os rapaces de catalán e francés. Así mesmo, cómpre destacar que os 2 rapaces de lingua materna portugués intégranse neste apartado no grupo de galegofalantes de xeito habitual.

A dispoñibilidade léxica en estudantes da ESO da Terra de caldelas...




Gráfico 6. Lingua habitual dos estudantes da ESO na comarca da Terra de Caldelas.

Os apartados finais da enquisa sociolingüística preguntan pola lingua dos pais e a lingua en que estes lles falan a eles. No que atinxe a isto último, no Gráfico 7 podemos ver que maioritariamente o galego é a lingua preferida dos pais para se comunicaren cos seus fillos en 24 dos 32 casos, en 5 é o castelán, en 1 son ambas e en 2 son outras, concretamente o portugués.




Gráfico 7. Lingua en que lles falan os pais aos informantes.

Finalmente, cómpre dicir que como nós só fixemos enquisas nun centro non tivemos en conta a variable «tipo de centro», que si utilizaron, por exemplo, López Meirama / Álvarez de la Granja (2014).

4.3. Os centros de interese

Na introdución deste traballo xa dixemos que o léxico dispoñible é todo aquel que seleccionamos dentro da nosa mente cando falamos dun determinado *tema* ou tamén chamado *centro de interese* (CI). A mellor forma de investigar, saber ou preguntar por todo ese léxico que se atopa na memoria das persoas é a través dunha enquisa que teña en conta todos os temas ou centros de interese que se consideren.

Dende os iniciáticos estudos franceses a mediados do século XX sobre dispoñibilidade léxica é habitual que se teñan en conta 16 centros de interese, número co que se tenta abranguer as principais áreas temáticas que manexan os falantes no seu día a día. Estes 16 centros son os seguintes:

- CI 01. O corpo humano
- CI 02. A roupa
- CI 03. As partes da casa
- CI 04. Os mobles da casa
- CI 05. Os alimentos e as bebidas
- CI 06. Os obxectos colocados na mesa para a comida
- CI 07. A cociña e os utensilios
- CI 08. A escola: mobles e materias
- CI 09. A calefacción e a iluminación
- CI 10. A cidade
- CI 11. O campo
- CI 12. Os medios de transporte
- CI 13. Os traballos do campo e o xardín
- CI 14. Os animais
- CI 15. Os xogos e as distraccións
- CI 16. As profesións e os oficios

Paredes García (2014) cuestiona se realmente este número de centros de interese abarca os asuntos máis universais e que teñan máis interese para calquera persoa. Tamén critica a homoxeneidade dos temas, xa que algúns deles pode funcionar como hiperónimo doutras unidades léxicas, como o caso de «A cociña e os utensilios» con respecto a «Os obxectos colocados na mesa para a comida». Deste xeito hai centros de interese que permiten comprender un campo máis amplo de léxico, dando a posibilidade de ser máis produtivos, mentres que outros xa están máis restrinxidos de antemán, tal e como ocorre no exemplo anterior. En consecuencia, Paredes García

(2014) considera necesaria unha renovación no campo de investigación da dispoñibilidade léxica e propón incorporar novos campos que permitan coñecer outras áreas léxicas, sen deixar de lado todos os estudos anteriores, pero si reconsiderando as áreas temáticas que se deben tratar.

Pola súa parte, Lopez Meirama / Álvarez de la Granja (2014), seguindo a metodoloxía do *Proxecto Panhispánico*, manteñen os 16 centros de interese tradicionais, pero achegan dous novos temas: «As cores», que aparecen noutros traballos españois e americanos, e «O mar», un elemento que está moi presente na vida dos galegos. Así, finalmente para o *Léxico dispoñible do galego* elaboraron unha enquisa que pregunta sobre 18 centros de interese, aos que aínda engadiron posteriormente unha mostra dedicada a «Os deportes», na que se lles permitía aos estudantes incluír compostos sintagmáticos ou acurtamentos, pero non nomes propios nin marcas.

Na enquisa que inicialmente nos propuxemos realizar para o noso traballo quixemos ter en conta os 16 centros de interese empregados tradicionalmente e os 3 engadidos no subproxecto galego, por tanto os 19 que contén o *Léxico dispoñible do galego*. Non obstante, o volume de traballo que iso requiría —e as propias condicións e limitacións en espazo e tempo deste traballo— fíxonos desistir desa idea inicial e finalmente decidimos facer unha primeira aproximación ao tema seleccionando para a nosa enquisa só 6 centros de interese, que foron os seguintes:

- CI 01. O corpo humano
- CI 07. A cociña e os utensilios
- CI 11. O campo
- CI 15. Os xogos e as distraccións
- CI 16. A profesións e os oficios
- CI 18. O mar

E destes 6, soamente o CI 16. «As profesións e os oficios» se describe e analiza con certo detalle no tocante a cómputos e relación con algunhas variables sociais. A nosa intención neste estudo non é outra que a de facer un primeiro ensaio sobre a dispoñibilidade léxica nun centro de interese concreto, que nos sirva de experimentación para unha investigación futura de maior envergadura.

A selección dos 4 primeiros temas: CI 01, CI 07, CI 011 e CI 016 debeuse a que son temas que lles son próximos aos estudantes e, en principio, todos deberían ser capaces de listar varias palabras sobre eles: acostumamos coñecer o noso corpo; empregamos a cociña e o que hai no seu interior a diario; o campo está moi presente

na vida dos nosos enquisados, xa que todos eles viven no rural ou preto del; e as profesións e os oficios están vixentes na sociedade. Pola súa parte, CI 18, que se refire ao mar, foi escollido co fin de poder realizar unha confrontación do léxico que nel se obteña co do CI. 11 relativo ao campo, pois pode ser interesante saber que coñecemento léxico teñen os rapaces do interior sobre este tema, especialmente vivindo nunha sociedade tan globalizada na que é tan sinxelo «coñecer» o mundo dende os fogares. Finalmente, a escolla de CI. 15 «Os xogos e as distraccións» débese a que é un campo en que os enquisados poden sentirse moi cómodos expoñendo actividades de ocio.

Seguindo a metodoloxía aplicada nos traballos de dispoñibilidade léxica, a cada centro de interese foille asignada unha folla individual con espazos numerados nos que poder escribir palabras (véxanse os Anexos). A función de separar cada centro de interese nunha páxina diferente vén dada porque pretendemos que as palabras se activen na mente de maneira espontánea, segundo lles vamos dando os temas, pois se coñecesen os centros de interese de antemán poderían ter preparada unha lista de palabras para cada un. Para completar cada centro de interese déuselles 2 minutos, xa que, como ben explican López Meirama e Álvarez de la Granja no seu traballo:

deste modo, as respostas son producións instantáneas, e non resultado da reflexión, o que asegura a espontaneidade, característica esencial do concepto de dispoñibilidade. (López Meirama / Álvarez de la Granja 2014: 13)

Previamente ao comezar a enquisa, explicóuselles aos 32 alumnos que dentro do léxico poderían incluír tanto substantivos como verbos e adxectivos. Pola contra, advertíuselles de que non estaban permitidas as marcas comerciais, como poderían ser *John Deere* ou *Coca-Cola*; nin nomes propios, como por exemplo *Cristiano Ronaldo* en xogos e distraccións, ou *Chicote* na cociña e os seus utensilios.

4.4. A extracción de datos

Como xa se dixo, soamente obteremos datos dun dos centros de interese. O centro de interese escollido para a presentación da mostra de resultados foi «As profesións e os oficios», un dos máis rendibles en canto á produción de palabras; ademais, presenta unha certa homoxeneidade canto ás clases de palabras, o que facilita a elaboración do vocabulario de lemas e variantes.

A seguir explicamos cales foron os criterios que se tiveron en conta á hora de extraer e lematizar os datos da enquisa, e as dificultades que se foron presentando.

4.4.1. *Dispolex*

No *Proyecto Panhispánico* emprégase o programa informático *Dispolex*, deseñado pola Universidade de Salamanca, para calcular o índice de dispoñibilidade léxica combinando diferentes factores. López Meirama e Álvarez de la Granja comentan:

Dispolex é maioritariamente empregado nos últimos anos e constitúe o banco de datos do proxecto panhispánico, do que sairá o futuro dicionario do léxico dispoñible do español [...]. Proporciona as ferramentas necesarias para realizar os cálculos máis habituais en dispoñibilidade léxica. (López Meirama / Álvarez de la Granja 2014: 128)

No ano 2010, en Galicia realizouse unha adaptación do *Dispolex* a *Dispogal*, segundo as necesidades que presentaba o proxecto galego. Desafortunadamente, á hora da extracción de resultados e cálculo de variables deste traballo non nos foi posible empregar nin o programa *Dispolex*⁵ nin *Dispogal*, o que facilitaría enormemente o noso labor.

Por iso, todo o noso traballo de extracción e procesamento dos datos así coma o cálculo dos resultados que ofrecemos tivo que ser feito manualmente, manexando enquisa por enquisa, e tamén a través dunha táboa de datos creada co programa *Excell*. Este feito condicionou moito a presentación dunha maior cantidade de resultados no apartado 5; por poñer un exemplo, non puidemos ter en conta a posición en que aparece cada un dos lemas, factor este decisivo á hora de delimitar a dispoñibilidade real dun vocábulo, pois non é indiferente que apareza sempre nas primeiras posicións ou noutras máis atrasadas.

4.4.2. *Criterios de edición do léxico*

Para a edición do léxico obtido nas enquisas, tal e como se indica no *Léxico dispoñible do galego*, cómpre ter en conta uns principios:

Dous son os principios fundamentais que rexen a edición dos materiais no LDG: un principio ao tempo unificador e estandarizador, que permite a agrupación de variantes así como a eliminación das formas que non se adecúan ao solicitado, e un segundo principio de respecto ou fidelidade ás respostas ofrecidas polos informantes. (López Meirama / Álvarez de la Granja 2014 : 31)

⁵ A páxina web do proxecto xa non permite subscribirse no programa para o seu uso. Estes problemas para ingresar nel deben virse producindo dende hai tempo, se facemos caso dos comentarios no foro da páxina do propio proxecto. Pódese ver máis en *Dispolex* <<http://www.dispolex.com/forum>>.

Nos noso traballo, ao extraer soamente resultados dun só centro de interese e seren poucos os informantes, foron tamén poucos os problemas que atopamos á hora de editar as variantes obtidas. Pola contra, de ter empregado todos os centros de interese propostos na enquisa posiblemente teríamos que ter en conta algúns criterios que se aplicaron no *Léxico dispoñible do galego*. Por exemplo, na nosa edición non tivemos que enfrontarnos con palabras repetidas nun mesmo centro de interese, nin con formas de carácter xenérico que se poden considerar alleas a certos centros de interese, nin con variantes coas que o informante pretende contravir o traballo proposto, nin con marcas comerciais ou nomes propios, etc.

Por outra banda, tivemos sempre en conta o principio de fidelidade ás respostas dos informantes. Así, mantivemos lemas como *funerario*, que no *Diccionario da Real Academia Galega (DRAG)* se recolle como adxectivo e como substantivo referido á empresa que realiza enterros, pero en ningún caso como substantivo relativo a unha profesión, tal e como lematizamos no noso traballo, mantendo a proposta dos informantes.

4.5. A lematización

Nun traballo de dispoñibilidade léxica é preciso realizar a *lematización* das variantes á hora de editar as respostas das enquisas. A lematización consiste na unificación das variantes fónicas, morfolóxicas, ortográficas e flexivas obtidas baixo formas normalizadas, na medida do posible, que estarán vinculadas a un *lema*, como tamén explican López Meirama / Álvarez de la Granja (2014: 37). Establecemos, pois, unha diferenza entre *palabras*, que son todas aquelas formas lexicais que nos achegan os informantes; e os *lemas*, que son as formas normalizadas que recollen todas as demais variantes; por exemplo, respostas como *albanel*, *albañil* ou *albañiles* recóllense todas baixo o lema *albanel*. Son sobre estes lemas e variantes sobre os que os facemos os cálculos de dispoñibilidade léxica.

Para realizar a lematización das variantes, seleccionamos a forma estándar tal e como aparece listada no *DRAG*. No caso de que só se recolla unha variante coa forma castelanizada, teremos en conta a forma normativa para o lema: así, os castelanismos *talador* e *limpiador* lematizáronse baixo as estándares *tallador* e *limpador*. Por outra parte, en caso de atopármonos lemas diferentes para expresar as mesmas unidades léxicas, como o caso de *profesor* e o sintagma *profesor de guardería*, ambas as respostas foron recollidas baixo o mesmo lema de *profesor*. Pola contra, *profesor* e *mestre* listámolas como lemas diferentes, xa que a pesar de que nun primeiro momento podemos chegar a considerar que gardan o mesmo significado, segundo o

DRAG mestre é a 'persoa cun título oficial para exercer o ensino primario', e *profesor* a 'persoa que se dedica ao ensino dunha arte, ciencia, técnica, ou de calquera disciplina'.

A continuación comentamos os criterios seguidos durante a lematización das variantes no centro de interese «As profesións e os oficios».

4.5.1. Cuestións do xénero

No centro de interese escollido non atopamos mostras de adxectivos nin verbos, por tanto é preciso prestar toda a atención nos substantivos.

Os substantivos referidos ás profesións designan seres sexuados, por tanto á hora de lematizar, tivemos en conta o xénero que proporcionan os informantes. Se dunha profesión soamente se dan casos en masculino ou só hai casos en feminino, mantense ese xénero nos lemas; así acontece na nosa enquisa con profesións como *actor*, *caixeira*, *escritor* ou *prostituta*. Por outra banda, se ao longo das enquisas imos rexistrando profesións nos dous xéneros, recollemos as dúas formas separadas por un guión, por exemplo *camareiro-a*. Operamos así, pois é interesante coñecer se se dan exemplos das profesións nun só xénero ou nos dous; posteriormente, nos resultados poderemos ver en que xénero están maioritariamente as respostas.

Finalmente, está tamén o problema dos casos de substantivos de xénero ambiguo (común ou epiceno), como os ditos polos informantes: *auxiliar*, *cantante*, *economista*, *futbolista* ou *transportista*, nos que o seu xénero vén marcado a través da concordancia co artigo ou cun adxectivo. Os informantes en ningún destes exemplos incluíu o artigo polo que esas profesións de *auxiliar*, *cantante*, *economista*, *futbolista* ou *transportista* foron lematizadas como de xénero indeterminado.

4.5.2. Cuestións do número

Ao longo das enquisas atopamos listadas profesións en singular e en plural. Nos dicionarios os substantivos e adxectivos aparecen lematizados baixo a forma de singular, e este foi tamén o criterio seguido no *Léxico dispoñible do galego*.

De forma xeral, a maioría das respostas dos enquisados están en singular, aínda que podemos atopar tamén algunhas en plural, xunto as correspondentes en singular, pero son minoría. Todos os lemas que incluímos estarán en singular, seguindo a metodoloxía xeral dos dicionarios.

4.5.3. Cuestións relativas a sintagmas

Dentro das listaxes de léxico das enquisas non se atoparon soamente formas lexicais simples, senón que algunhas das respostas teñen carácter sintagmático. Nalgúns casos estes sintagmas poden estar lexicalizados ou non.

Así, no caso de *axente de tráfico*, *capitán de barco*, *informador turístico* ou *primeiro ministro*, todos eles se lematizaron seguindo o principio de estandarización como sintagmas, respectando as respostas dos informantes, pois en ningún caso se dixo a forma simple *axente*, *capitán* ou *ministro*. Así e todo, algúns exemplos de sintagmas si foron lematizados baixo formas simples, pois estas eran maioritarias; tal foi o caso de *condutor de autobús*, *profesor de gardería* e *piloto de avión*, lematizados baixo *condutor*, *profesor* e *piloto* respectivamente.

4.5.4. Cuestións de acurtamentos e abreviaturas

O emprego de acurtamentos e abreviaturas é moi común especialmente nos falantes máis novos, como é o caso dos nosos enquisados. Na maioría dos casos, o seu emprego ten como resultado formas próximas a un rexistro coloquial.

Dentro do centro de interese «As profesións e os oficios» sería moi probable atopármonos con acurtamentos como *profe* ou *poli*; porén, estas variantes non se deron e, así, o único acurtamento recollido foi *otorrino*, que posteriormente foi rexistrado novamente nas enquisas coa variante *otorrinolaringólogo*. Seguindo, por tanto, a metodoloxía do *Léxico dispoñible de do galego*, a lematización destas formas levouse a cabo agrupando as formas completas coas formas acurtadas empregando unha paréntese; é dicir, co lema *otorrino(laringólogo)*. Un caso particular é o da forma *GES*, siglas que fan referencia á Grupo de Emerxencias Supramunicipais. Foi lematizada baixo a mesma forma das siglas, *GES*, pois está lexicalizada entre os nosos informantes.

4.5.5. Cuestións de ortografía e fonética

Ao longo das listas de léxico recollidas atopáronse variantes con certas diverxencias gráficas, que afectan tanto á ortografía como á fonética do galego.

Un dos erros que se deu repetidas veces foi a confusión nos grupos cultos consonánticos. Así, atopamos casos como o de *arquiteta*, que no galego estándar leva grupo culto *-ct-*, *arquitectura*. Pola contra, recollemos *traductor*, cando no estándar esta palabra presenta o grupo culto orixinario *-ct-* reducido, *tradutor*. Algunhas variantes recollidas presentan problemas de acentuación, como *farmaceutico* (por

farmacéutico) ou *mecanico* (por *mecánico*). Outros erros ortográficos que localizamos teñen que ver co uso das grafías <x/s> como, por exemplo, o caso de *ausiliar* por *auxiliar*; e de <b/v> como, por exemplo, *alvanel* por *albanel*.

Recollemos tamén formas en que os informantes representaron na escrita o fenómeno fonético da paragoxe do -e, propio da oralidade, nos casos de *condutore* e *profesore*; obviamente, foron lematizados baixo a forma estándar *condutor* e *profesor*. Finalmente, cómpre destacar o que podería ser un caso de asimilación vocálica na pseudogaleguización *inxenieiro*, que lematizamos como *enxeñeiro*.

5. Análise dos resultados

Os estudos de dispoñibilidade léxica, segundo explican López Meirama / Álvarez de la Granja (2014: 133), non se centran unicamente na edición dos materiais das enquisas para a elaboración dun glosario, senón que ofrecen tamén a posibilidade de realizar cálculos sobre os datos do léxico dispoñible. Como xa se explicou, o cálculo de resultados do noso traballo non se realizará nos 6 centros de interese propostos na nosa enquisa, senón soamente no de «As profesións e os oficios».

Son múltiples os resultados que se poden extraer do total das nosas enquisas e da combinación coas distintas variables que se apliquen. No noso traballo eliximos presentar como mostra de resultados os seguintes:

- 1) un recuento do total de palabras e lemas nos 6 centros de interese enquisados;
- 2) os lemas máis frecuentes do centro de interese «As profesións e os oficios»;
- 3) os datos segundo o xénero máis frecuente dos lemas neste CI;
- 4) a media de respostas segundo o sexo dos informantes neste CI;
- 5) a media de respostas segundo a lingua inicial neste CI;
- 6) a media de respostas segundo a lingua habitual dos informantes neste CI;
- 7) o grao de interferencia do castelán neste CI.

Nos casos 3) a 6) teremos en conta a combinación de variables sociais coa produción de palabras.

5.1. Respostas obtidas nos centros de interese enquisados

O número de palabras obtidas en cada un dos 6 centros de interese enquisado pode verse na táboa seguinte:

Centros de interese	Total de palabras
CI 01. O corpo humano	604
CI 07. A cociña e os utensilios	487
CI 11. O campo	537
CI 15. Os xogos e distraccións	413
CI 16. Profesións e oficios	427
CI 18. O mar	434
TOTAL	2.902

Táboa 1. Datos xerais da produción de palabras en cada CI enquisado.

Os 32 informantes aos que se lle realizou a enquisa proporcionaron un total de case 3.000 palabras. Nesta primeira táboa ofrécense datos cuantitativos do número total de vocábulos de cada un dos 6 centros de interese da enquisa. Nela podemos apreciar que o centro de interese menos rendible foi o dos xogos e as distraccións, mentres que o máis foi con diferenza o do corpo humano.

Canto á isto, os nosos datos son bastantes semellantes aos obtidos en preuniversitarios de toda Galicia por López Meirama / Álvarez de la Granja (2014: 135). Na súa investigación, o centro de interese do corpo humano é o terceiro máis rendible, despois do dos animais e os alimentos e as bebidas, en tanto que a cociña e os seus utensilios é, igual ca no noso estudo, un dos menos rendibles.

No que segue, facemos un pequeno comentario sobre o vocabulario obtido en cada centro de interese. A orde en que van dispostos segue a que lles foi proposta durante a enquisa.

5.1.1. O corpo humano

Foi o primeiro centro de interese que se lles propuxo aos enquisados. É un tema en que os informantes se limitaron a escribir unicamente substantivos, que nomean partes do corpo (*brazo, perna, ollos, boca, orellas, nariz...*), órganos (*corazón, fígado, páncreas, riles, pulmón...*), músculos (*bíceps, tríceps, cuadríceps ...*), ósos (*esqueleto, cúbito, radio, fémur...*) e, con menor frecuencia, substancias (*sangue, moco, saliva...*) ou léxico relacionado coas enfermidades (*gripe...*).

Fronte aos nosos resultados, no *Léxico dispoñible do galego* os enquisados si responderon verbos relacionados coas funcións vitais ou co funcionamento dos órganos, e non faltaron tampouco designacións de profesións relacionadas coa sanidade.

5.1.2. O campo

Foi o segundo centro proposto. As respostas son moi diversas, posto que o tema que se dá e tamén moi amplo. Xeralmente atopámonos con substantivos referidos a plantas (*herba, silva, árbore, ortiga, xesta, grelos, repolo, vide...*), árbores (*castiñeiro, carballo, laranxeira, bidueiro...*), froitos (*moras, mazás, castañas, cereixas...*) e animais (*porco, cabalo, insecto, vaca, cabra, pita...*). Hai tamén nomes que designan vehículos, aparellos ou obxectos para traballar no campo (*sacho, aixada, fouce, tractor, arado, fresa, remolque, colleitadora...*), profesións (*labrego, granxeiro*), construcións (*casa, granxa*) e tamén designacións de porcións de terra (*leira, finca, lameiro, horta*).

Aquí si que nos atopamos con verbos referidos aos labores de traballo do campo (*sachar, arar, labrar, sementar, estercar, cultivar...*).

5.1.3. O mar

Este centro de interese foi proposto a continuación do anterior (o campo) co fin de contrastalos, xa que aquel era un tema máis próximo a eles e, pola contra, co léxico do mar esperabamos que non se manexarían tanto no día a día, pois son rapaces e rapazas dunha zona de interior.

O léxico que achegaron neste centro de interese foron substantivos que nomean animais (*sardiña, salmón, cangrexo, polbo, estrela de mar, faneca, ameixa, lura...*), plantas mariñas (*algas*), medios de transporte do mar (*barco, lancha, iate, veleiro...*), elementos da paisaxe marítima (*mar, area, auga, praia, porto, illa, ola...*), elementos de traballo do mar (*caña, rede*) e profesións do mar (*mariñeiro, pescador*). Soamente se rexistrou un adxectivo, *marítimo*, e o verbo *pescar*.

5.1.4. Os xogos e as distraccións

A pesar de ter sido este centro de interese un dos escollidos por abranguer un tema próximo aos enquisados, foi o menos rendible de todos.

O léxico rexistrado referente aos xogos e as distraccións pertence á categoría dos substantivos. Estes refírense a temas diversos: deportes (*fútbol, baloncesto, voleyball, tenis, balonmán, ciclismo, natación, patinaxe...*), redes sociais (*twitter, youtube, facebook*), novas tecnoloxías (*ordenador, tablet, consolas, televisión, móbil...*), xogos populares (*billarda, escondite, pilla-pilla, petanca...*) e xogos de mesa (*oca, dominó, cartas, xadrez, parchís, Monopoly...*).

Anotamos tamén algúns verbos (*correr, debuxar, escoitar música, ler, bailar...*), entre os que destacamos *traballar* e *durmir*, dous verbos con accións totalmente opostas e que xeralmente non é moi común asociar ás distraccións.

5.1.5. As profesións e os oficios

Neste centro de interese só atopamos nomes de profesións e en ningún momento os informantes incluíron instrumentos empregados nin tampouco verbos que refiran accións de traballo, en contra do que sucede no *Léxico dispoñible do galego*, onde si hai unha maior diversidade de categorías de palabras relativas a este tema.

Porén, si destaca unha clara diferenza entre profesións que veñen sendo recoñecidas dende sempre (*profesor, cociñeiro, enfermeiro, labrego, fontaneiro, enxeñeiro, oleiro...*), fronte a outras que son máis actuais e as formas léxicas para sinalalas poderíamos consideralas como neoloxismos (*funerario, youtuber...*). Posteriormente, explícanse con máis detalle os resultados que se extraeron deste centro de interese.

5.1.6. A cociña e os utensilios

Foi o último dos centros de interese proposto e o terceiro con máis resultados.

Dentro deste campo, as clases de palabras máis empregadas son os substantivos. Foron múltiples as respostas que deron os informantes, dende utensilios para cociñar (*cazo, pota, sartén, espumadeira...*), mobiliario (*mesa, armario, fregadeiro, cociña de leña, cadeira...*), electrodomésticos (*vitrocerámica, microondas, neveira, lavalouza...*), utensilios que hai na mesa para comer (*servilletas, garfo, coitelo, culler, vaso, prato, mantel...*), un só exemplo de profesións relacionadas coa cociña (*cociñeiro*) e alimentos (*queixo, leite, macarróns, laranxa, leituga, sal, azucre, iogur...*). A maioría dos instrumentos poden atoparse tamén con variación de número.

Só na enquisa dun informante se rexistraron verbos relacionados co cociñado (*fritir, cocer, salpimentar...*).

5.2. O centro de interese «As profesións e os oficios»

Xa explicamos que o centro de interese relativo ás profesións e os oficios foi o escollido para a extracción de datos específicos. De seguido expóñense os resultados obtidos tendo en conta tamén a combinación de diferentes variables.

5.2.1. *Produción de palabras e lemas*

O centro de interese das profesións e os oficios é o terceiro con maior produción de palabras dos propostos na nosa enquisa:

Centro de interese	Palabras obtidas	Lemas
Profesións e oficios	427	152

Táboa 2. Datos da produción de palabras e lemas.

Dun total de 427 palabras recollidas dos informantes, rexistráronse finalmente 152 lemas, tal e como podemos observar na Táboa 2. Pode verse a listaxe de todo o vocabulario ordenado polos lemas e as súas variantes nos Anexos deste traballo.

Por outra parte, con respecto á media de palabras producidas neste centro de interese, esta foi de 13.34 palabras por estudante, moi inferior á de 19.87 palabras obtidas por López Meirama / Álvarez de la Granja (2014) en preuniversitarios de toda Galicia.

5.2.2. *Frecuencia dos lemas*

Todas as variantes que se atoparon dentro deste centro de interese foron lematizadas baixo cadanseu lema común. Na Táboa 3 podemos ver cales son os lemas máis frecuentes, tendo en conta os que teñen máis de 6 ocorrencias.

Lemas	Frecuencia absoluta
1. profesor-a	25
2. médico-a	17
3. albanel	14
4. carpinteiro	11
5. cociñeiro-a	11
6. policía	11
7. camareiro-a	10
8. bombeiro	10
9. mecánico	9
10. condutor	9
11. enfermeiro-a	8
12. futbolista	8
13. arquitecto-a	7
14. avogado	6
15. gandeiro	6
16. toureiro	6

Táboa 3. Lemas máis frecuentes en «As profesións e os oficios».

Como se pode ver, trátase, xeralmente, de profesións referidas a labores relacionados coas necesidades primarias de calquera ser humano, como poden ser a sanidade ou a educación. Algúns dos lemas máis frecuentes da nosa mostra coinciden cos máis frecuentes dentro deste centro de interese que recolleron López Meirama / Álvarez de la Granja (2014: 150-152). No seu traballo, podemos atopar *médico* cunha frecuencia de 477 respostas, *profesor* con 450, *avogado-a* con 372 e *enfermeiro-a* con 293. Desta maneira, podemos dicir que en adolescentes da Terra de Caldelas os lemas máis frecuentes dispoñibles son *profesor* e *médico* igual ca nos do resto de Galicia.

5.2.3. Lemas máis frecuentes polo xénero

Canto ao xénero dos lemas que refiren profesións ou oficios, a lematización fíxose baixo a variante co xénero máis empregado polos informantes (véxase 4.5.1.). Dividimos os lemas en substantivos que se listaron en xénero masculino, feminino e

indeterminado; estes últimos inclúen aquelas profesións que requiren dun artigo para coñecer o seu xénero e que os informantes non llelo engadiron:

Centro de interese	Masculinos	Femininos	Indeterminado
Profesións e oficios	102	22	38

Táboa 4. Datos segundo o xénero máis frecuente dos lemas.

Tal e como aparece reflectido na Táboa 4, a maioría dos lemas foron recollidos en masculino, posiblemente porque na mente dos informantes o masculino segue a ser o xénero non marcado, que inclúe tanto a persoas dun e doutro sexo. Seguen en número o nome das profesións listadas baixo unha forma indeterminada canto ao xénero; isto é, substantivos epicenos ou de xénero común, como *deportista*, *astronauta*, *cantante*, *dentista*, *espía*, *futbolista*, *oficinista*, *militar*... Os lemas menos frecuentes recollidos foron aqueles que presentan variantes que se listaron só na forma feminina, como *caixeira*, *peixeira*, *cociñeira* ou *niñeira*.

Cómpre ter en conta que para algunhas das profesións recolléronse tanto a variante en feminino coma a de masculino, por exemplo, en *enfermeiro-a* ou *cociñeiro-a*, e de tal modo foron lematizadas. Pola contra, outras como *caixeira* ou *carpinteiro* soamente presentan variantes nestes xéneros. E unha última observación: a profesión de *cura*, que achegaron varios dos informantes, foi incluída dentro dos lemas en masculino.

5.2.4. Respostas segundo o sexo dos informantes

Na Táboa 5 aparecen recollidos os resultados de produción de palabras segundo a variable sexo:

Sexo dos informantes	Número de alumnos/as	Media de palabras	Total de palabras
Mulleres	14	12,14	170
Homes	18	14,28	257

Táboa 5. Media de respostas segundo o sexo dos informantes

Tal e como vemos, a produción de palabras é maior nos homes, con 14,28 palabras, do que nas mulleres, con 12,14. O estudo realizado por López Meirama / Álvarez de la Granja (2014: 161-162) amosa datos contrarios aos nosos, pois no delas

son as mulleres as que contan cunha media produción maior, 20,54 palabras, fronte a 19,20 nos homes, dentro deste mesmo centro de interese.

5.2.5. Respostas segundo a lingua inicial

Na Táboa 6 mostramos a media de respostas que deron os informantes tendo en conta a variable de lingua inicial. Para o cálculo desta media de respostas tivemos en conta tanto o galego coma o castelán, así como as linguas dos catro informantes que teñen como inicial linguas diferentes a estas.

Lingua inicial	Número de alumnos/as	Media de palabras
Galego	25	13,28
Castelán	3	10
Outras	4	16,25

Táboa 6. Media de respostas segundo a lingua inicial dos informantes.

A maioría dos informantes, 25 dos 32, teñen o galego como lingua inicial, porén os que ofrecen unha media maior de respostas son, curiosamente, aqueles que teñen como lingua inicial outras (16,25 palabras) que son diferentes do galego e do castelán, que median 13,28 e 10 palabras, respectivamente.

Na análise do léxico dispoñible realizado por López Meirama / Álvarez de la Granja (2014: 164-165) son os informantes co galego como lingua inicial os que ofrecen unha media máis baixa de respostas cun 19,36, mentres que aqueles que afirmaron ter o castelán como lingua inicial, superan por pouco estes datos, con 19,90 palabras.

5.2.6. Respostas segundo a lingua habitual

A seguinte media que calculamos foi o número de respostas segundo a lingua habitual. Os resultados poden verse na Táboa 7:

Lingua habitual	Respostas do alumnado	Media de palabras
Galego	27	13,92
Castelán	5	10,2

Táboa 7. Media de respostas segundo a lingua habitual.

Como se aprecia, as medias son case iguais ás da variable de lingua inicial: os de lingua galega median máis palabras (13,92) ca os que teñen o castelán como lingua habitual (10,2). Aqueles informantes que tiñan unha lingua inicial diferente do galego e do castelán pasan 2 deles ao grupo de castelán e os outros 2 ao de galego, que veñen coincidir estes cos informantes que tiñan o portugués como lingua inicial.

Nos datos de *Léxico dispoñible do galego*, os informantes co castelán como lingua habitual superan cun 20,23 a media dos informantes que usan o galego, 19,74 palabras (López Meirama / Álvarez de la Granja 2014: 166-167).

5.2.7. Respostas segundo o lugar de residencia habitual

Xa por último, ofrecemos na Táboa 8 os resultados da media de respostas segundo a residencia habitual dos nosos informantes:

Lugar de residencia habitual	Respostas do alumnado	Media de palabras
Vila - Castro Caldelas	10	13,44
Aldeas	22	13,30

Táboa 8. Media de respostas segundo o lugar de residencia habitual.

Como se ve, esta variable non é significativa nos nosos informantes, en parte porque a vila de Castro Caldelas, o único centro urbano da comarca, non ten tampouco un estilo de vida tan diferente ao das parroquias rurais.

Se tomamos como referencia o traballo de López Meirama / Álvarez de la Granja (2014: 168-170), a media de respostas é de 19,51 nos informantes vilegos e de 19,61, no das zonas rurais, diferenzas case insignificantes.

5.2.8. Grao de interferencia do castelán no léxico dispoñible

No vocabulario dispoñible das profesións e oficios que axuntamos nos Anexos podemos ver cada un dos lemas e as variantes correspondentes recollidas na nosa enquisa. A maioría do léxico co que nos atopamos está en galego; non obstante, hai algunhas variantes que foron listadas en castelán polo alumnado, como *albañil*, *bombero*, *butanero*, *cirujano*, *hotelero*, *peluquero*, *torero*, *sastre*... Algúns destes exemplos veñen de informantes que empregan o castelán como lingua habitual. Pero outros castelanismos son xerais e aparecen ás veces como forma única en

galegofalantes, porque eles mesmos os teñen xa totalmente integrados na súa variedade de galego, como pode ser o caso de *butanero* ou *torero*.

Con todo, tamén se pode ver que noutras ocasións, á beira do castelanismo que noutrora era case forma única, aparecen xa as formas propias do galego estándar: así *bombero* (1 vez), pero xa maioritariamente *bombeiro* (9 v.); *camarero* (3 v.), pero xa maioritariamente *camareiro* (7 v.); *cirujano* (1 v.), pero tamén xa *cirurxán/cirurxián* (2 v.); ou *entrenador* maioritaria (3 v.), pero tamén *adestrador* (2 v.). Nesta recuperación do léxico propio seguramente se deba ó influxo da escola, que polo que parece si actúa neste caso como factor regaleguizador do léxico.

Na Táboa 7 indicamos o número de formas interferidas localizadas no centro de interese que vimos analizando:

Palabras totais recollidas na enquisa	427 (100 %)
Formas do galego estándar	372 (87.11 %)
Castelanismos léxicos	53 (12.41 %)

Táboa 9. Porcentaxe de castelanismos léxicos no CI «As profesións e os oficios».

Se facemos un recuento das formas interferidas do castelán no léxico dispoñible dos nosos informantes, estas constitúen o 12.41 %. Os castelanismos léxicos identificados vémoslos na Táboa 10:

Castelanismos plenos	<i>albañil</i> (10), <i>bombero</i> (1), <i>butanero</i> (1), <i>camarero</i> (3), <i>camionero</i> (1), <i>cirujano</i> (1), <i>cocinero</i> (1), <i>costurero</i> (1), <i>dependiente</i> (1), <i>entrenador</i> (3), <i>fontanero</i> (1), <i>ganadero</i> (1), <i>ginecólogo</i> (1), <i>guardia civil</i> (2), <i>hotelero</i> (1), <i>inxenieiro</i> (1), <i>limpiador</i> (2), <i>obrero</i> (1), <i>ovrero</i> (1), <i>panadero</i> (1), <i>pastelero</i> (1), <i>peluqueira</i> (2), <i>peluquero</i> (2), <i>primer ministro</i> (1), <i>sastre</i> (2), <i>talador</i> (1), <i>torero</i> (5), <i>tornero fresador</i> (1)
Formas híbridas	<i>albañís</i> (1), <i>cerraxeiro</i> (1), <i>ganadeiro</i> (1), <i>inxenieiro</i> (1), <i>niñeira</i> (1), <i>peluqueira</i> (2), <i>toreiro</i> (1), <i>xardiñeiro</i> (1)

Táboa 10. Castelanismos formais no centro no CI «As profesións e os oficios».

6. Conclusións

Con este traballo quixemos facer unha primeira achega ao estudo do léxico dispoñible en estudantes da ESO dunha comarca de interior como é a Terra de Caldelas e ver de que xeito esta dispoñibilidade cambia segundo certas variables.

Tras contextualizar o noso estudo na disciplina da *dispoñibilidade léxica* e de establecer as diferenzas entre *léxico frecuente*, *léxico dispoñible* e *léxico fundamental*, fixemos un breve percorrido por este tipo de estudos iniciados en Francia a mediados do século XX, logo desenvolvidos tamén no mundo hispánico, e menos no galego, onde destaca a investigación *Léxico dispoñible do galego* de López Meirama / Álvarez de la Granja (2014), que nos serviu de guía para o noso estudo. Así é todo, tamén fixemos referencia a algúns traballos antecedentes deste que abordaron tamén o léxico básico do galego, como o *Nivel soleira* (1993) e *O galego fundamental: diccionario de frecuencias* (2007).

A metodoloxía que empregamos seguiu a xa usada nos traballos de dispoñibilidade léxica e está, por tanto, ben experimentada. Porén, adaptamos algúns aspectos ás características do noso traballo. Así, só enquisamos 6 centros de interese e deles só nun, o de «As profesións e oficios», analizamos os resultados con certa profundidade. Esta análise centrouse sobre todo na produción de palabras e de como inflúe nela certas variables sociolingüísticas dos informantes. Podemos tirar as seguintes conclusións:

- 1) Dos 6 centros de interese propostos na nosa enquisa, os máis rendíbles foron os relativos ao corpo humano e o campo, que son temas próximos á vida cotiá dos enquisados.
- 2) No centro de interese das profesións e os oficios, os lemas que se presentan con máis frecuencia son *médico* e *profesor*, igual ca na enquisa realizada a nivel de Galicia no *Léxico dispoñible do galego*.
- 3) Neste centro de interese, a media de palabras producidas polos nosos informantes foi de 13,34, inferior en varios puntos á dos preuniversitarios galegos recollida no *Léxico dispoñible do galego*.
- 4) Polo que respecta ao xénero dos lemas do centro de interese das profesións e os oficios, predomina a denominación en masculino con 102 lemas fronte a só 22 lemas en feminino.
- 5) Tendo en conta a lingua inicial, a media máis alta de respostas no noso traballo é referido por informantes que teñen como lingua inicial outras diferentes do galego e do castelán; pola contra, no resto de Galicia segundo o *Léxico*

dispoñible do galego, os informantes que teñen o castelán como lingua inicial son os que achegan un número maior de respostas.

- 6) Aqueles informantes que empregan o galego no seu día a día son os que ofrecen no noso traballo unha media de respostas máis elevado; así mesmo, segundo o *Léxico dispoñible do galego*, no total de Galicia, son os castelanfalantes os que median maior número de respostas.
- 7) A media máis alta de respostas segundo a residencia habitual corresponde aos que viven na vila de Castro Caldelas, a capital da comarca, aínda que só unhas décimas máis ca os que viven no rural; a nivel de todo Galicia, os informantes do rural achegan tamén, por pouco, unha maior produción de palabras.
- 8) O léxico galego dos estudantes da Terra de Caldelas está interferido polo castelán nunha relación de case 12 palabras por cada 100 do léxico dispoñible neste centro de interese. Estes castelanismos proceden nalgúns casos de informantes castelanfalantes, pero noutros os castelanismos están asumidos polos informantes no seu galego dialectal.

Para rematar, queríamos indicar que neste traballo só empregamos unha parte da información recollida nas enquisas, en parte polas propias limitacións dun traballo deste tipo e, en parte, porque non puidemos dispoñer dun programa informático como o *Dispoplex* que nos axudase no noso labor de procesamento e recuento de datos. Este traballo fíxose manual e, por iso, quizais os resultados poidan parecer non tan concluíntes como quixeramos.

Referencias bibliográficas usadas

- Álvarez de la Granja, María (2011): «La presencia del gallego en el léxico disponible del español de Galicia. Análisis formal y funcional». En Belén López Meirama (ed.), *Estudios sobre disponibilidad léxica en el español de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade, 17-102.
- Bartol Hernández, José Antonio (2010): «Disponibilidad Léxica y selección del vocabulario». En Rosa María Castañer Martín / Vicente Lagüéns Gracia (coords.), *De moneda nunca usada: Estudios dedicados a José M^a Enguita Utrilla*. Salamanca: Universidad, 85-107.
- Bugarín López, María Xosé (2007): *O galego fundamental: diccionario de frecuencias*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- DRAG = Real Academia Galega [2012]: *Diccionario da Real Academia Galega*, versión web. Dispoñible en: <<http://academia.gal/>>.

- Fernández Salgado, Xosé Antonio / Henrique Monteagudo Romero / Manuel Puga Moruxa, (1993). *Nivel Soleira*. Estrasburgo Santiago de Compostela: Consello de Europa / Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- López Meirama, Belén (2008): *Léxico dispoñible en el español de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade.
- López Meirama, Belén / María Álvarez de la Granja (2014): *Léxico dispoñible do galego*. Anexo 71 de *Verba. Anuario galego de filoloxía*. Santiago de Compostela: Universidade.
- López Morales, Humberto (1999): *Léxico dispoñible de Puerto Rico*. Madrid: Arco/Libros.
- Lopez Morales, Humberto (dir.): *Proyecto panhispánico de Disponibilidad Léxica* (2001-2005). Dispoñible en: <<http://www.dispalex.com>>.
- Micheá, René (1953): «Mots frecuentes et mots disponibles. Un aspect nouveau de la statisque du langage», *Les Langues Modernes* 47, 338-344.
- Paredes García, Florentino (2014): «A vueltas con la selección de ‘centros de interés’ en los estudios de disponibilidad léxica: para una propuesta renovadora a propósito de la disponibilidad léxica en ELE», *Revista Nebrija de Lingüística Aplicada* 16. Madrid: Universidad de Nebrija. Dispoñible en: <<http://www.nebrija.com/revista-linguistica/>>.
- Rodríguez Muñoz, Francisco José / Isabel Ofelia Muñoz Hernández (2008): «De la disponibilidad a la didáctica léxica», *Tejuelo* 4, 8-18.
- Sánchez-Saus Laserna, Marta (2016): *Léxico dispoñible de los estudiantes de español como lengua extranjera en las universidades andaluzas*. Sevilla: Universidad.
- Teijido López, M^a Carme / M^a Luz Pérez Vázquez / Isabel Fraga Carou (2003): *Lexical Primaria. Diccionario de frecuencias léxicas do galego escrito para nenos*. Santiago de Compostela: Universidade.

ANEXOS

1. Vocabulario dispoñible do centro de interese «As profesións e os oficios»

ACTOR (4)

actor (4)

ADESTRADOR-A (5)

adestradora (1)

adestrador (1)

entrenador (3)

AGRICULTOR (2)

agricultor (1)

agricultore (1)

ALBANEL (14)

albanel (2)

alvanel (1)

albañil (10)

albañís (1)

ALCALDE (2)

alcalde (2)

ALGUACIL (1)

alguacil (1)

ALUMNO (1)

alumno (1)

ARQUEÓLOGO (1)

arqueólogo (1)

ARQUITECTO-A (7)

arquitecto (5)

arquitecta (1)

arquiteta (1)

ARTESÁN (1)

artesanía (1)

ASTRONAUTA (5)

astronauta (4)

astronautas (1)

ASTRÓNOMO (1)

astronomo (1)

ATLETA (3)

atleta (3)

AUXILIAR (1)

ausiliar (1)

AVOGADO-A (6)

avogado (1)

abogado (3)

abogados (1)

avogada (1)

AXENTE DE TRÁFICO (1)

axente de tráfico (1)

BAILARÍN (2)

bailarín (1)

balaríns (1)

BANQUEIRO (2)

banqueiro (2)

BIBLIOTECARIA (1)

biblioteca (1)

BIÓLOGO-A (3)

biólogo (2)

bióloga (1)

BOMBEIRO (10)

bombeiro (6)

bombero (1)

bonbeiro (2)

bombeiros (1)

BUTANEIRO (1)

nero (1)

CAIXEIRA (2)

caixeira (2)

CAMAREIRO-A (10)

camareiro (6)

camarero (3)

camareira (1)

CAMIONEIRO (4)

camioneiro (3)

camionero (1)

CANTANTE (3)

cantante (3)

CAPADOR (1)

capador (1)

CAPITÁN DE BARCO (1)

capitán de barco (1)

CARDIÓLOGO (1)

cardiólogo (1)

CARNICEIRO-A (5)

carniceiro (4)

carniceira (1)

CARPINTEIRO (11)

carpinteiro (11)

CARTEIRO (1)

carteiro (1)

CELADOR (2)

celador (2)

CERRALLEIRO (1)

cerraxeiro (1)

CHAPISTA (1)

chapista (1)

CHOFER (1)

chofer (2)

CICLISTA (1)

ciclista (1)

CIRURXIÁN (3)

cirurxián (1)

cirurxán (1)

cirujano (1)

COCIÑEIRO-A (11)

cociñeiro (9)

cocinero (1)

cociñeira (1)

COMERCIANTE (2)

comerciante (2)

CONDUTOR (9)

conductor (5)

condutor (1)

condutore (1)

condutor de autobús (1)

condutor de autobuses (1)

CONSELLEIRO (2) consejero (2)	ESCRITOR (1) escritor (1)	hotelero (1)
CONSTRUTOR (4) constructor (4)	ESCULTOR (1) escultura (1)	INFORMADOR TURÍSTICO (1) informador turístico (1)
CONTRATISTA (1) contratista (1)	ESPÍA (1) espia (1)	INFORMÁTICO (1) informatico (1)
CORREDOR (1) corredor (1)	FABRICANTE (1) fabricante (1)	LABREGO (3) labrego (1) labrador (2)
COSTUREIRO (1) costureiro (1)	FABULISTA (1) fabulista (1)	LATOEIRO (1) latoeiro (1)
CURA (2) cura (1) curas (1)	FARMACÉUTICO-A (5) farmaceutico (3) farmaceutica (2)	LIMPACRISTAIS (1) limpiacristais (1)
DENTISTA (4) dentista (4)	FERRAXEIRO (1) ferraxeiro (1)	LIMPADOR (2) limpiador (2)
DEPENDENTE-A (2) dependiente (1) dependenta (1)	FÍSICO (2) físico (2)	LOUXEIRO (2) louxeiro (2)
DEPORTISTA (3) deportista (3)	FONTANEIRO (3) fontaneiro (2) fontanero (1)	MAQUINISTA (1) maquinista (1)
DIETISTA (1) dietista (1)	FOTÓGRAFO (1) fotógrafo (1)	MARIÑEIRO (1) mariñeiro (1)
DIRECTOR (4) director (4)	FRESADOR (1) fresador (1)	MASAXISTA (1) masaxista (1)
ECONOMISTA (1) economista (1)	FUNCIONARIO (1) funcionario (1)	MATEMÁTICA (1) matemática (1)
ELECTRICISTA (3) electricista (3)	FUNERARIO (4) funerario (4)	MECÁNICO (9) mecánico (6) mecanico (3)
ELECTROMECAÁNICO (1) electromecánico (1)	FUTBOLISTA (8) futbolista (8)	MÉDICO-A (17) médico (8) medico (4) médicos (1) medicos (1) médica (3)
EMBOTELLADOR (1) embotellador (1)	GANDEIRO (6) gandeiro (4) ganadero (1) ganadeiro (1)	MERCANTE (1) mercante (1)
EMPREGADO (1) empleado (1)	GARDA CIVIL (5) garda civil (2) guardia civil (2) garda cibil (1)	MESTRE (3) mestre (1) mestres (2)
EMPRESARIO (1) empresario (1)	GES GES (1)	MILITAR (2) militar (1) militare (1)
ENQUISADOR (1) enquisador (1)	GOLFISTA (1) golfista (1)	MOTOCICLISTA (1) motociclista (1)
ENFERMEIRO-A (8) enfermeiro (3) enfermeira (4) enfermeiros (1)	GRANXEIRO (1) granxeiro (1)	MÚSICO (1) músico (1)
ENXEÑEIRO-A (3) enxeñeira (2) inxenieiro (1)	HOTELEIRO (1)	

NEURÓLOGO (1)

neurólogo (1)

NIÑEIRA (1)

niñeira (1)

OBREIRO (5)

obreiro (3)

obrero (1)

ovrero (1)

OCULISTA (2)

oculista (2)

ODONTÓLOGO (1)

odontologo (1)

OFICINISTA (3)

oficinista (3)

OLEIRO (1)

oleiro (1)

OTORRINO

(LARINGÓLOGO) (3)

otorrino (2)

otorrinonaringólogo (1)

PANADEIRO-A (5)

panadeiro (3)

panadero (1)

panadeira (1)

PASTELEIRO (1)

pastelero (1)

PATINADOR (1)

patinados (1)

patinadores (1)

PEDIATRA (2)

pediatra (2)

PEIXEIRO-A (3)

pescadeiro (1)

pescadeira (1)

peixeira (1)

PERRUQUEIRO-A (5)

perruqueiro (1)

peluquero (2)

peluqueira (2)

PESCADOR (3)

pescador (3)

PILOTO (4)

piloto (3)

piloto de avión (1)

PINTOR (3)

pintor (3)

POLICÍA (11)

policía (10)

policia (1)

PRESIDENTE (4)

presidente (4)

PRIMEIRO MINISTRO (1)

primer ministro (1)

PRÍNCIPE (1)

príncipe (1)

PRINCESA (1)

princesa (1)

PRODUTOR (1)

productor (1)

PROFESOR-A (25)

profesor (17)

profesore (1)

profesores (1)

profesora (4)

profesor de guardería (1)

profesor/a (1)

PROSTITUTA (1)

prostituta (1)

PROTECCIÓN CIVIL (1)

protección civil (1)

PSICÓLOGO (1)

psicólogo (1)

REI (1)

rei (1)

SULTÁN (1)

sultán (1)

SURFISTA (1)

surfista (1)

TALLADOR (1)

talador (1)

TAXISTA (4)

taxista (4)

TÉCNICO (1)

técnico (1)

TENDEIRO (2)

tendeiro (2)

TENISTA (3)

tenista (3)

TORNEIRO FRESADOR (1)

tornero fresador (1)

TOUREIRO (6)

torero (5)

toreiro (1)

TRADUTOR (1)

traductor (1)

TRAFICANTE (1)

traficante (1)

TRANSPORTISTA (1)

transportista (1)

TROBADOR (1)

trobador (1)

TRAUMATÓLOGO (1)

traumatólogo (1)

URÓLOGO (1)

urólogo (1)

VARREDOR (1)

barrendeiro (1)

VENDEDOR (4)

vendedor (4)

VETERINARIO (1)

veterinario (1)

XARDINEIRO (2)

xardiñeiro (1)

jardiñeiro (1)

XASTRE (3)

sastre (2)

costurero (1)

XINECÓLOGO-A (2)

xinecóloga (1)

ginecólogo (1)

XOGADOR (1)

xogador (1)

XUÍZ (3)

xuíz (1)

xuez (2)

YOUTUBER (1)

youtuber (1)

ZAPATEIRO (2)

zapateiro (2)

2. Modelo de enquisa empregada

DATOS DO/A ENQUISADO/A

Nome/ Alcume	
Sexo	Home / Muller
Idade	
Estudos	
Lugar de nacemento	
Lugar de residencia habitual	
Lingua materna	
Lingua habitual	
Lingua do pai	
Lingua da nai	
Lingua na que che falan teus pais	

AS PROFESIÓNS E OS OFICIOS

- | | | |
|----------|----------|----------|
| 1. | 19. | 37. |
| 2. | 20. | 38. |
| 3. | 21. | 39. |
| 4. | 22. | 40. |
| 5. | 23. | 41. |
| 6. | 24. | 42. |
| 7. | 25. | 43. |
| 8. | 26. | 44. |
| 9. | 27. | 45. |
| 10. | 28. | 46. |
| 11. | 29. | 47. |
| 12. | 30. | 48. |
| 13. | 31. | 49. |
| 14. | 32. | 50. |
| 15. | 33. | |
| 16. | 34. | |
| 17. | 35. | |
| 18. | 36. | |

AUTORES E AUTORAS DE *CUMIEIRA*, vol. 5 (2020)

MANUEL NAVEIRA FUENTES

Nacido en 1996 na Agra do Orzán, barrio da Coruña, graduouse en 2019 na Universidade de Vigo no grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, coa mención en «Escrita Creativa». No ano 2019-2020 cursou na mesma universidade o Mestrado de Profesorado en Educación Secundaria e Bacharelato, seguindo a especialidade de «Linguas e literaturas oficiais». Actualmente segue a súa formación no doutoramento de Estudos Literarios e espera dar a luz proximamente un poemario.

NEREA TORRES ABILLEIRA.

Naceu en 1997 no concello de Poio (Pontevedra). Graduouse en 2019 na Universidade de Vigo no Grao de Tradución e Interpretación: Inglés-Español. Actualmente, traballa nun centro de estudos como profesora de idiomas.

ANA FERNÁNDEZ BERROCAL.

Nacida no ano 1997 en Vigo (Pontevedra), graduouse en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios pola Universidade de Vigo en 2019. Nesta mesma universidade, cursou o Mestrado Universitario de Profesorado de Educación Secundaria na especialidade de «Linguas e literaturas oficiais» durante o curso 2019-2020.

ALEJANDRO E. SOLLA ALONSO

Naceu en Vigo (Pontevedra) en 1990. Graduouse en 2019 no Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios coa mención en «Filoloxía Galega» na Universidade de Vigo, polo que recibiu o Premio Extraordinario Fin de Grao. Durante o curso 2019-2020 cursou o Mestrado de Profesorado de Educación Secundaria, na especialidade de «Linguas e literaturas oficiais», na mesma universidade.

PATRICIA CID BLANCO

Naceu en 1995 en Castro Caldelas (Ourense). No ano 2017 graduouse na Universidade de Vigo en Estudos de Galego e Español, coa mención en «Lingua e Literatura galegas». En 2018 cursou na Universidade de Santiago de Compostela o Mestrado de Profesorado de Educación Secundaria na especialidade de «Linguas e literaturas oficiais». Actualmente, prepara oposicións para profesora de Secundaria.

NORMAS PARA O ENVÍO DE ORIXINAIS

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que quere dar a coñecer traballos científicos de novos investigadores que versen sobre a lingua e a literatura galegas.

O traballos que se presenten para publicar deben estar redactados preferentemente en galego, e os temas que aborden estarán relacionados coa Filoloxía Galega -entendida nun senso amplo- ou cos estudos lingüísticos e literarios doutras linguas -en especial os estudos lusófonos-, sempre que resulten de interese para o galego.

O envío dos traballos orixinais farase por correo electrónico ao enderezo xsalgado@uvigo.es e conterá un arquivo en versión Word e outro en versión PDF; en caso de haber imaxes, estas deberán vir situadas no lugar que lles corresponda no texto e tamén nun arquivo á parte e coa suficiente calidade para a súa impresión. Para as táboas, gráficas, fotografías, mapas etc., téñase en conta que a publicación é en branco e negro.

Unha vez recibidos os traballos orixinais, estes serán sometidos por unha comisión científica a un proceso de revisión que ditaminará se son aptos para publicar ou se precisan facer modificacións.

O contido final dos textos publicados será responsabilidade de cada autor.

Os textos orixinais que se presenten deben ter en conta as seguintes indicacións en canto a tamaños, formatos, citas, bibliografía e outras cuestións:

- O texto para publicar virá redactado en formato Word en letra Cambria redonda tamaño 11 e non debe superar as 10.000 palabras.
- Conterá un título en galego e a súa versión ao inglés; en liña á parte figurará a súa autoría e a institución á que pertence (se a houber); e noutra liña, un enderezo electrónico de contacto. Todo en letra Cambria 12 negra
- Presentará tamén un «Resumo» redactado en galego dunhas 150 palabras, que describa os obxectivos e contidos do artigo, e tamén a correspondente versión en inglés dese «Abstract». Despois do resumo e o *abstract* incluíranse catro «Palabras chave» que identifiquen o contido. Todo en letra Cambria 10 redonda.
- O/a autor/a pode facer agradecementos nunha nota a pé de páxina, que se incluírá na palabra final do primeiro epígrafe.
- O corpo de texto expositivo será en letra Cambria 11, e a entreliña simple.

- O traballo artellarase en apartados, en non máis de tres niveis: o título do primeiro nivel en Cambria negra; o segundo nivel en Cambria negra-cursiva, e o terceiro nivel en cursiva; todo en tamaño de corpo 12:

1. Apartado

1.2. Subapartado

1.2.1. Subapartado

- Nas citas textuais a outros autores, de seren menos de tres liñas, incluíranse dentro do texto expositivo encerrados en aspas («»); se son máis de tres liñas, irá en texto aparte, en Cambria 10 redonda, cunha sangría de 3 cm pola esquerda.
- O texto das citas a pé de páxina debe ir en letra Cambria 10 redonda.
- O sistema interno de citas será o que emprega o apelido ou apelidos do autor/a, ano, dous puntos, espazo e páxinas, coma nestes exemplos: (Castro Veiga 2000: 23) ou Castro Veiga (2000: 23), segundo corresponda.
- No final do artigo incluíranse só as *Referencias bibliográficas* citadas ao longo do texto expositivo, cun sangrado á francesa, seguindo este procedemento:

Libro:

Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Publicación en liña:

TILG = Santamarina, Antón (dir.) (1986): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)*. Santiago: Universidade. Dispoñible en: <<http://www.ti.usc.es/tilg/>>. [Consulta do 12/06/2013]

Capítulo de libro:

Álvarez Blanco, Rosario (2000): «O redobro de A + FN en galego moderno», en R. Vieira de Castro / P. Barbosa (orgs.), *Actas do XV Encontro nacional da Associação Portuguesa de Linguística*, vol. 1. Braga: Associação Portuguesa de Linguística, 75-93.

Fernández Salgado, Benigno / Henrique Monteagudo (1995): «Do galego literario ao galego común, o proceso de estandarización na época contemporánea», en H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 99-176.

Varela Barreiro, X. (1997): «A existencia de dúas expresións clíticas de segunda persoa singular en galego», en B. Fernández Salgado (ed.),

Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994), vol. 1. Oxford / Sada: Centro de Estudos Galegos / Edicións do Castro, 319-342.

Artigo de revista:

Pita Rubido, M^a Luísa (2006): «Algunhas consideracións sobre os dativos non argumentais», *Revista Galega de Filoloxía* 7, 143-165.

Sánchez Ferraces, Xosé Luís (2008): «Vicente Risco e a modernidade. Lectura e análise de tres relatos», *Madrygal* 11, 91-100.

- De ser aceptado o traballo para a súa publicación, o editor facilitaralle ó autor/a a folla de estilo da publicación para que poida reconverter o seu artigo ó formato da publicación *CUMIEIRA*.

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 5 poden lerse traballos sobre o Simbolismo en Rosalía de Castro, sobre autotradución, sobre esquemas sintáctico-semánticos de verbos, sobre a formación neolóxica de palabras e sobre a dispoñibilidade léxica.